



AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

A MARIÑA

Outro verán ao límite?

A comarca volve afrontar unha presión asistencial elevada pola chegada de visitantes e uns recursos sanitarios que non aumentan ao mesmo ritmo

A sanidade pública na Mariña lucense volve afrontar un verán marcado pola presión asistencial. A comarca, que rolda os 80.000 habitantes durante o ano, chega a duplicar a súa poboación nalgúns concellos costeiros coa chegada do turismo. Esta realidade, previsible e recorrente, tradúcese nun aumento significativo da demanda tanto nos centros de saúde como no Hospital Público da Mariña, en Burela.

O incremento de pacientes coincide cun escenario xa tensionado polo déficit de profesionais, baixas sen cubrir e dificultades para garantir especialistas en determinadas áreas. As organizacións sanitarias coinciden en sinalar que o problema non é puntual, senón estrutural e repetido cada tempada estival.

ATENCIÓN PRIMARIA AO LÍMITE. Os centros de saúde son unha das pezas máis afectadas por esta situación. Durante o verán, a cobertura de vacacións e baixas resulta insuficiente, o que provoca axendas saturadas e unha maior presión sobre o persoal dispoñible.

A esta realidade súmanse episodios como o denunciado pola CIG-Saúde no centro de saúde de Alfoz, onde se rexistraron temperaturas superiores aos 27 graos durante unha vaga de calor, acompañadas dun alto nivel de humidade.

Segundo o sindicato, estas condicións incumpren a normativa de prevención de riscos laborais e poden provocar riscos para a saúde tanto de profesionais como de

usuarios, incluíndo mareos ou desmaios en situacións de tensión térmica.

CAMAS PECHADAS. Un dos puntos máis controvertidos deste verán é o peche de 36 camas hospitalarias durante os meses de xullo, agosto e setembro. A CIG-Saúde rexeita esta decisión ao considerar que non responde a criterios asistenciais, senón á falta de persoal de enfermaría derivada das condicións laborais e da escasa estabilidade contractual. Segundo o sindicato, a falta de planificación provoca a marcha de profesionais a outras comunidades e obriga a reorganizar servizos, algo que repercute directamente na atención sanitaria.

A organización alerta de posibles consecuencias: aumento das derivacións ao HULA de Lugo, incremento das listas de espera e mesmo un maior recurso á sanidade privada para cumprir cos prazos establecidos pola Lei de Garantías. Tamén advirte do impacto sobre o persoal, que pode verse obrigado a cambiar de unidade durante o verán.

O BNG tamén se posicionou contra o peche de camas no Hospital de Burela, ao que considera un recorte encuberto de servizos. A formación nacionalista denuncia unha perda progresiva de recursos sanitarios na comarca e reclama a súa reversión inmediata.

A reivindicación dos nacionalistas foi tamén trasladada ao pleno da Deputación de Lugo, onde saíu adiante unha moción na que se reclama á

Xunta manter operativas as 36 camas previstas para o peche estival. Durante o debate, o deputado Daniel García advertiu de que a redución da capacidade hospitalaria coincide co incremento da poboación na comarca durante o verán e sostivo que a reorganización do persoal para cubrir vacacións non pode substituír a contratación de novos profesionais. Ademais, alertou de que esta situación favorece as derivacións de pacientes ao Hospital Universitario Lucus Augusti, en Lugo, co conseguinte impacto para as familias.

VERÁN SEN REFORZOS. Desde diferentes plataformas coinciden en que a situación se repite cada verán e critica a falta de planificación para unha comarca que multiplica a súa poboación. Consideran insuficiente a cobertura de vacacións e baixas, así como a ausencia de reforzos estruturais en atención primaria e hospitalaria.

O debate tamén chegou ao Pleno da Deputación, que aprobou reclamar á Xunta a retirada do decreto que reorganiza a atención primaria os sábados pola mañá, ao considerar que supón un novo recorte dos servizos sanitarios no rural. Durante o debate advertiron de que a medida incrementará a presión sobre os Puntos de Atención Continuada (PAC), agravará a sobrecarga dos profesionais e dificultará aínda máis o acceso á asistencia sanitaria nun período no que a poboación da Mariña aumenta considerablemente.

Tamén alertan da saturación dos ser-



vizos de urxencias e das derivacións constantes a Lugo, que non solucionan o problema de fondo e trasladan a presión asistencial a outros centros da rede pública.

40 ANIVERSARIO. Neste contexto de críticas, o Hospital Público da Mariña celebrou o seu 40 aniversario cun acto institucional no que se puxo en valor a súa evolución. O centro pasou de 60 a 156 camas e de 127 a máis de 800 profesionais, consolidándose como referencia sanitaria para máis de 70.000 habitantes de catorce concellos. Durante a conmemoración destacou tamén o incremento da actividade asistencial, con miles de consultas, ingresos e intervencións cirúrxicas cada ano, así como a incorporación de novas unidades e tecnoloxía diagnóstica avanzada.

A Xunta subliñou ademais o proceso de modernización en marcha destinado a renovar urxencias, UCI, pediatría, diagnóstico por imaxe e ou-

tras áreas clave. A celebración serviu tamén para poñer sobre a mesa os retos de futuro: reforzar a proximidade, mellorar a planificación e garantir recursos suficientes nun territorio con forte dispersión poboacional e envellecemento progresivo.

Porén, as críticas insisten en que o principal problema segue sendo inmediato: a falta de persoal suficiente para manter todos os servizos operativos durante o verán.

PRÓXIMO VERÁN. A Mariña vive cada verán un escenario repetido de presión asistencial. O aumento de poboación, unido á falta de profesionais e á reorganización de recursos, xera unha situación de tensión constante en centros de saúde e no hospital comarcal. Entre peches de camas, derivacións e listas de espera, o debate sobre a capacidade real da sanidade pública na comarca continúa aberto, sen unha solución estrutural que poña fin a un problema que xa é cíclico.

GALICIAXA

GRAZAS!

Somos o medio lucense con máis páxinas vistas*

A futura A-74 dá un novo paso coa aprobación do trazado

O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible deu un novo paso no desenvolvemento da Autovía A-74 coa aprobación do expediente de información pública e do proxecto de trazado do tramo entre O Carme e Barreiros, integrado no futuro corredor que conectará Foz e Barreiros. A actuación suporá un investimento estimado de 123,6 millóns de euros e constitúe unha das infraestruturas viarias máis relevantes previstas para a comarca da Mariña.

Tras este trámite administrativo, o Ministerio continuará coa redacción do proxecto construtivo, no que se definirán os detalles técnicos da obra e que permitirá avanzar cara á posterior licitación dos traballos.

A nova autovía formará parte dun eixo de alta capacidade destinado a mellorar as comunicacións da franxa costeira lucense. O seu obxectivo é conectar a Autovía do Cantábrico (A-8), en Barreiros, co porto de San Cibrao, ofrecendo unha alternativa á actual estrada N-642, que soporta unha elevada densidade de tráfico, especialmente no verán.



Ademais de mellorar a mobilidade, a A-74 busca reforzar a conexión entre os principais núcleos industriais, económicos e loxísticos da Mariña, completando un corredor estratéxico no norte galego que enlazará coa futura vía de alta capacidade da Costa Norte e coa rede viaria existente.

O trazado aprobado terá unha lonxitude de 6,57 quilómetros, iniciándose nas proximidades da estrada LU-152, en O Carme, e finalizando na conexión coa A-8. O percorrido incluírá a travesía do río Masma e diversas infraestruturas, deseñándose para minimizar afeccións ambientais

e patrimoniais.

O proxecto contempla un semienlace en O Carme, un enlace completo na Espiñeira, tres viadutos de dobre calzada, dous pasos superiores, catro inferiores e sete muros de contención.

Desde o PSdeG de Lugo, a deputada Patricia Otero e o senador César Mogo valoraron positivamente este avance, destacando que a infraestrutura mellorará a mobilidade e a competitividade económica da Mariña e suporá un impulso clave para a vertebración territorial da comarca

Novos acordos da Deputación impulsan servizos, eventos e dinamización económica



A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou unha nova serie de acordos destinados a reforzar a cooperación cos concellos e co tecido asociativo da provincia, impulsando investimentos orientados á mellora dos servizos públicos, á dinamización económica e á promoción de eventos de repercusión social, cultural e turística.

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, destacou que estas iniciativas forman parte da estratexia provincial para favorecer o desenvolvemento equilibrado do territorio, crear oportunidades e contribuír á fixación de poboación mediante o apoio a proxectos locais.

Entre as actuacións figura un convenio co Concello de Barreiros, que recibirá máis de 40.000 euros ata o ano 2028. O financiamento permitirá adquirir equipamento informático e material de oficina, ademais de impulsar un novo servizo de podoloxía destinado ás persoas maiores. A iniciativa contempla a contratación dun profesional especializado e a compra dunha cadeira elevadora para mellorar a atención aos usuarios.

A Deputación tamén concedeu unha achega de 20.000 euros á asociación cultural Fanto Fantini para organizar en Burela unha programación especial arredor do encontro entre as seleccións

de España e Cabo Verde correspondente ao Mundial de fútbol de 2026, previsto para o 15 de xuño. A proposta incluírá concertos, showcookings, actividades deportivas, exhibicións artesanais, creación contemporánea e mesas de debate, aproveitando a importante presenza da comunidade caboverdiana no municipio. Outro dos acordos aprobados fai referencia ao patrocinio do Resurrection Fest, que volverá contar co apoio económico da institución provincial. A Deputación destinará 150.000 euros ao festival, que se celebrará en Viveiro entre o 1 e o 4 de xullo. Rivera Capón salientou o impacto económico e promocional dun evento consolidado como unha referencia internacional no ámbito do rock e do metal.

Ademais, iniciáronse os trámites para organizar o Iberdrola Surfing Day, que terá lugar en Burela durante o mes de setembro. O investimento previsto, de 31.048,60 euros, permitirá desenvolver unha programación centrada no surf con actividades deportivas, accións formativas e iniciativas divulgativas.

Con este conxunto de actuacións, a Deputación reforza o seu apoio aos concellos e ás entidades da provincia, promovendo proxectos orientados á mellora dos servizos, á actividade económica e á promoción cultural e turística.

Viveiro e Ourol perpetúan a memoria das vítimas da represión

Viveiro e Ourol contan desde esta semana con novos espazos dedicados á memoria das vítimas da represión franquista, nunha iniciativa promovida pola Comisión Pro Memorial que busca recuperar a memoria histórica e recoñecer ás persoas perseguidas durante a ditadura.

En Viveiro, a Praza dos Catro Liñaxes, coñecida como Praciña da Herba, acolle unha placa con 56 nomes de veciños e veciñas vítimas da represión entre 1936 e 1975. O monumento pretende ser un lugar permanente de lembranza e homenaxe.

En Ourol tamén se instalou outro memorial xunto á casa consistorial, dedicado ás 29 persoas do municipio



afectadas pola represión franquista. Ambos espazos buscan visibilizar unha parte da historia local e manter viva a súa memoria.

Os promotores subliñan que estes espazos supoñen un exercicio

de dignidade e respecto, ademais de contribuír a divulgar a historia recente e transmitir ás novas xeracións a importancia das liberdades democráticas e da memoria colectiva.



IX ROMAXE VIKINGA

◊ VICEDO - 24 e 25 DE XULLO 2026

- PRAIA DE SAN ROMÁN -

ORGANIZA

CONCELLO DE VICEDO

COLABORA

XUNTA DE GALICIA

DEPUTACIÓN DE LUGO

@romaxevinga

O fenómeno astronómico do século

O mércores 12 de agosto de 2026 terá lugar unha eclipse total de Sol na península Ibérica, un fenómeno histórico de gran relevancia científica e social que atraerá milleiros de persoas e converterá o ceo nun gran espectáculo natural



O serán do mércores 12 de agosto de 2026 quedará gravado na historia da astronomía e tamén na memoria colectiva da cidadanía. Ese día terá lugar a primeira eclipse total de Sol visible desde a península Ibérica en máis de cen anos, un acontecemento extraordinario que non se repetirá ata ben entrado o século XXI. Fontes da Comisión Nacional da Eclipse explicaron que “este evento é excepcional pola súa localización, duración e condicións de observación; España sitúase nun tramo privilegiado da franxa de totalidade, coincidindo coa posta de sol”.

A franxa de totalidade cruzará España de oeste a leste, atravesando numerosas capitais de provincia como A Coruña, Oviedo, León, Bilbao, Zaragoza, Valencia ou Palma. Tal como salientou un astrónomo consultado, “o fenómeno ocorrerá cando o Sol estea moi próximo ao horizonte, o que obriga aos observadores a escoller puntos de observación sen obstáculos cara ao oeste”.

Os meteorólogos indican que, ao producirse en pleno verán, “as probabilidades de ceos despexados son elevadas en boa parte do país”, un factor que xoga a favor de todas as persoas interesadas en contemplar a eclipse de forma segura. “En comparación con Islandia, onde as nubes reducen practicamente a cero as opcións de observación, España será practicamente o único lugar en terra firme con posibilidades reais de ver o fenómeno en boas condicións”, asegurou un portavoz do Servizo Meteorolóxico Nacional.

GALICIA

Galicia terá un papel destacado neste fenómeno astronómico. A franxa de visibilidade abarca unha ampla zona comprendida entre Estaca de Bares e a comarca ourensá de Valdeorras, atravesando 143 concellos, o que supón o 45,6 % do territorio galego. Segundo o Instituto Xeográfico Nacional, “na Coruña e en Lugo a eclipse será total, mentres que en Ourense e Pontevedra poderá verse de forma parcial, coa máxima cobertura solar dependendo da localización exacta”. As horas previstas para a totalidade son precisas. Na Coruña, a eclipse total comezará ás 20.27.37 horas e rematará ás 20.28.51. En Lugo, a totalidade producirase entre as 20.28.02 e as 20.29.25 horas. En Ourense, onde o fenómeno será parcial, o máximo terá lugar arredor das 20.29.54, mentres que en Pontevedra situarase sobre as 20.29.50 horas.



O primeiro punto de Galicia onde se poderá observar a eclipse completa será o Cabo de Estaca de Bares, no municipio de Mañón. Pola contra, o último lugar do territorio galego será A Veiga, na fronteira con Porto. “A duración da fase de totalidade é moi breve, pero intensa; na Mariña de Lugo oscilará entre nove segundos e un minuto e corenta e nove segundos, o que requirirá unha observación atenta e segura”, indicou

un técnico da Comisión Nacional de Astronomía.

HISTORIA

A eclipse do 12 de agosto de 2026 será a primeira eclipse total visible desde España desde 1912. Este fenómeno abrirá a chamada “triada de eclipses ibéricas”, xa que o 2 de agosto de 2027 haberá outra eclipse total e o 26 de xaneiro de 2028



unha eclipse anular. “A importancia deste trío de eclipses é enorme; cada un deles ofrece oportunidades únicas para a investigación científica e a educación cidadá”, sinalou o director da Comisión Nacional da Eclipse.

A cidadanía mostrou gran expectación. Un veciño de A Mariña comentou: “Nunca pensamos que poderíamos ver unha eclipse total desde a nosa vila, é algo que contaremos

aos nosos netos”. Outro engadiu: “Ver como a luz do Sol desaparece detrás da Lúa, aínda que sexa por un minuto, cambia a perspectiva de calquera sobre o cosmos”.

Os organismos científicos sinalaron que, aínda que cada ano prodúcense polo menos dúas eclipses solares en diferentes puntos do planeta, “poder observalos sen saír do propio país é algo extraordinario”. Por iso, a Comisión Nacional de Astronomía puxo en marcha plans de coordinación e divulgación para garantir información rigorosa e recomendacións de seguridade para toda a cidadanía.

TURISMO

Para aqueles que buscan unha experiencia única e para o turismo científico que xa comeza a moverse, hai varios lugares con vantaxe competitiva. Os destinos Starlight, territorios certificados internacionalmente pola calidade do seu ceo nocturno e baixa contaminación lumínica, serán especialmente relevantes. “En Galicia contamos con nove destes territorios e en catro deles, todos situados en Lugo, a eclipse será visible na súa totalidade”, destacou un representante de Turismo Científico da Xunta. Na provincia de Lugo, os destinos Starlight onde se poderá contem-

SEGURIDADE

A **observación directa do Sol** entraña **riscos serios** para a vista. Un especialista en óptica explicou que “a radiación que emite o Sol, desde o infravermello ata o ultravioleta, pode danar permanentemente a retina e mesmo producir cegueira sen aviso previo”. Os técnicos lembran que “a observación directa sen protección, aínda que sexa durante un eclipse parcial, é extremadamente perigosa; calquera aparato óptico como prismáticos, telescopios ou cámaras pode concentrar a luz e danar o ollo de maneira inmediata”. As denominadas **gafas de eclipse**, adquiridas en establecementos especializados ou pla-

netarios, están deseñadas para observar o Sol con seguridade durante períodos curtos, inferiores ao minuto. “Convén comprobar que non presenten raspaduras, perforacións, arañazos, roturas ou dobreces antes de empregalas”, advertiu un membro da Comisión Nacional de Astronomía. Aconséllase tamén probar as gafas mirando unha fonte de luz segura, como unha bombilla de incandescencia, antes de usalas co Sol. **Filtros profesionais** son tamén unha opción, aínda que caros. “Estes dispositivos reducen a luz visible e filtran todas as lonxitudes de onda perigosas para o ollo, reducindo a radiación solar

en factores de 30.000 ou máis, equivalente a ver un cuarto crecente de lúa”, explicaron os técnicos.

O QUE NON SE DEBE FACER:

- Non mires o Sol directamente a simple vista, incluso se está nublado ou o Sol vése débil.
- Non empregues lentes de Sol convencionais, por moi escuras que sexan.
- Non empregues cristais afumados, radiografías, CDs, espellos, nin ningún “truco caseiro”.
- Non apuntes cámaras, prismáticos ou telescopios cara o Sol sen filtros específicos homologados.

plar a eclipse total son Chantada, Muras e a Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e montes de Navia, Cervantes e Becerreá. No resto de Galicia destacan o Parque Nacional das Illas Atlánticas, a Costa da Morte, Pena Trevinca, Lalín e a Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas. “Para nós, este evento é unha oportunidade para mostrar a riqueza natural e científica de Galicia, combinando turismo, educación e investigación”, engadiu o portavoz. O concelleiro de Turismo de Lugo afirmou que “a eclipse do 12 de agosto é un fenómeno histórico, que non só ofrece un espectáculo visual, senón tamén unha experiencia educativa única. Animamos aos visitantes a aproveitar este evento para coñecer o noso territorio, sempre respetando as medidas de seguridade”.

EDUCACIÓN

A Comisión Nacional da Eclipse tamén lanzou programas educativos para escolas e centros culturais. “Queremos que os estudantes aprendan a observar o Sol de forma segura e comprendan a magnitude do fenómeno”, sinalou unha representante. As actividades inclúen talleres de proxección, explicacións sobre a dinámica Terra-Lúa-Sol e observación guiada mediante prismáticos seguros. Ademais, asociacións astronómicas locais ofrecéronse para organizar charlas e rutas guiadas en zonas Starlight. “A participación cidadá é fundamental; queremos que o público vivencie a eclipse con seguridade e que tamén aprenda sobre

ciencia”, indicou un coordinador. A presenza de turistas e afeccionados á astronomía en Galicia está a aumentar. “As reservas de aloxamento están en máximos históricos”, asegurou un empresario da Mariña, que engadiu que “moitos visitantes combinan a observación da eclipse con rutas culturais, sendeirismo e turismo rural, aproveitando a singularidade deste evento”.

TECNOLOXÍA

A observación profesional tamén estará garantida por equipos especializados. “Institutos e universidades instalarán cámaras e telescopios con filtros de alta calidade para documentar a eclipse e facilitar transmisións en tempo real”, explicou un científico. Estes dispositivos permitirán seguir a evolución da eclipse desde múltiples puntos, ofrecer datos precisos e estudar a coroa solar, a actividade da Lúa e outros fenómenos asociados. A tecnoloxía tamén terá un papel divulgativo. “Imos difundir o evento a través de redes sociais, aplicacións educativas e transmisións en directo para que quen non poida asistir poida vivir a eclipse desde calquera lugar do mundo”, sinalou a coordinadora da Comisión Nacional da Eclipse. Nos últimos meses desde a Xunta intensificáronse tamén os traballos de coordinación e divulgación arredor da eclipse total. A administración e entidades científicas están a preparar dispositivos especiais para facilitar unha observación segura e organizada ante a gran afluencia de visitantes que se prevé en Galicia.



Entre as medidas adoptadas figura a creación dun portal informativo específico con datos actualizados sobre horarios, zonas de observación, previsións meteorolóxicas, recomendacións de seguridade e mapas interactivos que permitirán consultar as características do fenómeno en cada concello galego (<https://eclipse.xunta.gal/portada>). A planificación inclúe ademais simulacións técnicas e probas de aforo en distintos puntos do territorio, coincidindo estes días cunha posi-

ción solar practicamente idéntica á que terá o 12 de agosto de 2026. Os equipos de coordinación están a traballar especialmente en cuestións relacionadas coa mobilidade, os accesos, a protección civil e a conservación dos espazos naturais que poderán rexistrar unha elevada concentración de persoas durante o evento astronómico.

DEPUTACIÓN

Na provincia de Lugo, considerada un dos mellores lugares para contemplar a eclipse total, a Deputación de Lugo puxo en marcha unha ampla campaña divulgativa e educativa co obxectivo de preparar á cidadanía ante este acontecemento astronómico excepcional. A programación inclúe conferencias, charlas informativas e actividades


científicas destinadas a achegar o fenómeno ao público e explicar tanto o seu valor astronómico como as medidas necesarias para observalo con seguridade. Especialistas en astrofísica e divulgación científica están a percorrer distintos puntos da provincia explicando as características da eclipse, os mellores lugares para a súa observación e a importancia de empregar lentes homologadas e sistemas de protección adecuados. Ademais, a Deputación prevé distribuír material informativo e dispositivos de observación entre a veciñanza, así como desenvolver novas actividades nas diferentes comarcas para converter a eclipse non só nun acontecemento científico excepcional, senón tamén nun impulso para o turismo, a divulgación e a posta en valor do territorio.

MÉTODOS

Outra forma segura de contemplar o eclipse consiste en proxectar a imaxe do Sol sobre unha superficie branca. “Cando a luz se dispersa sobre un papel, parede ou pantalla, só unha pequena fracción pasa polo buraco ou filtro, permitindo unha observación totalmente segura”, sinalou un profesor de física.


CARTOLINAS. O método máis simple consiste en usar dúas cartolinas opacas, unha delas cun pequeno buraco. Colocándose de costas ao Sol, a cartolina furada proxecta a luz na segunda cartolina situada a varios palmos de

distancia. “Segundo o tamaño do buraco, a imaxe será máis ou menos nítida; a práctica e os ensaios son fundamentais para obter un resultado óptimo”, engadiu.



ESPELLO. Con un pequeno espello cuberto cun papel ao que se recorta un buraco de medio centímetro tamén é posible proxectar a imaxe sobre unha parede. “A forma do buraco non é crucial; a proxección mantén o disco solar e, se o eclipse é parcial, mostra a

sombra correspondente. Incluso podemos facer varios buracos e comparar as proxeccións”, explicou un técnico de divulgación científica.



PRISMÁTICOS. A proxección con prismáticos ou telescopios ofrece unha imaxe máis luminosa, pero tamén maiores riscos. “O sobrequecemento do aparato pode danalo e calquera observación directa sen protección pode ser cegadora. Cómpre orientar a pantalla de proxección correctamente e manipular coidado o enfoque”, engadiu o experto.

TE ESPERAMOS EN NUESTRO LOCAL

EN EL MONTE SAN ROQUE

¡guenon

/pulperiamariodeviveiro @marioviveirapulperia

grupopulperiamariodeviveiro.es

O teatro afeccionado enche a vila nunha edición de récord

A quinta edición do Certame de Teatro Afeccionado José Luis López Lorenzo “O Poto” baixou o pano en Foz deixando un balance moi positivo tanto pola resposta do público como polo nivel das obras participantes. O ciclo cultural converteuse unha vez máis nun referente para os amantes das artes escénicas, reunindo sobre os escenarios focenses seis montaxes teatrais escollidas entre as máis de once candidaturas presentadas nesta convocatoria.

Desde o Concello destacaron o éxito dunha iniciativa que volveu contar cunha notable asistencia en cada unha das funcións programadas. A veciñanza respondeu de maneira masiva á proposta, enchendo os espazos escénicos e demostrando o seu apoio ao teatro afeccionado e á programación cultural local.

A concelleira de Cultura, Inés López Couto, lembrou que o certame naceu coa finalidade de recoñecer o labor que desenvolven os grupos de teatro

non profesional e, ao mesmo tempo, render homenaxe á figura de José Luis López Lorenzo, coñecido popularmente como “O Poto”, persoa moi vinculada á actividade teatral de Foz.

Ao longo das últimas semanas, o público puido gozar dunha variada selección de obras que achegaron diferentes estilos e propostas escénicas. O elevado nivel artístico das representacións e a implicación das compañías participantes contribuíron a consolidar unha edición que os organizadores cualifican de inesquecible.

Desde o Concello trasladaron os seus parabéns aos grupos premiados e agradeceron a colaboración da veciñanza, cuxo respaldo permitiu converter unha vez máis o certame nun punto de encontro para a cultura e o teatro. A organización xa mira cara ao futuro coa intención de seguir fortalecendo unha cita que cada ano gaña relevancia dentro da programación cultural focense.

PSOE e BNG sacan adiante as contas de 2026 entre críticas do PP

O Concello de Foz aprobou o orzamento municipal para 2026, que ascende a 10.208.784,14 euros e que, segundo o goberno local, está orientado a reforzar os servizos públicos e impulsar actuacións en ámbitos sociais, culturais, deportivos, educativos e de infraestrutura.

As contas inclúen investimentos en vías rurais, mellora da rede de abastecemento de auga, intervencións na potabilizadora de Fazouro e na traída de Córdido, así como a substitución de tubaxes xerais. Tamén se prevé a compra de nova maquinaria municipal, como unha varredora e unha cesta para traballos en altura, e melloras na Escola de Música. Ademais, incrementanse as subvencións a clubs deportivos, asociacións culturais, entidades sociais e colectivos de protección animal, xunto co reforzo do programa Xantar na Casa e a creación dunha nova praza de traballador social.

A concelleira de Facenda, Inés López Couto, destacou que se trata dun orzamento axustado ás necesidades reais e marcado pola prudencia



na previsión de ingresos, mentres o alcalde, Francisco Cajoto, puxo en valor a estabilidade e os acordos acadados para evitar a parálise institucional.

O voto a favor do Bloque Nacionalista Galego, a través do seu voceiro Francisco Xavier Fanego, permitiu sacar adiante as contas, aínda que advertiu que non supón un apoio total á xestión municipal e reclamou maior rigor na execución.

Pola súa parte, o Partido Popular de

Foz, con Javier Castiñeira á fronte, votou en contra ao considerar que o orzamento chega con atraso, escasa planificación e previsións de ingresos dúbidasas, ademais de criticar a falta de diálogo co resto de grupos.

Deste xeito, o orzamento queda aprobado con posicións enfrontadas entre goberno e oposición, nun escenario marcado pola busca de estabilidade e pola discrepancia sobre as prioridades de investimento en Foz.

Xa hai datas para a XIV Festa Normanda

Foz volverá mirar ao seu pasado medieval a finais do verán coa celebración da XIV Festa Normanda, unha das citas máis destacadas do calendario festivo local. A organización confirmou que a edición deste ano terá lugar entre os días 27 e 30 de agosto, catro xornadas nas que a localidade se transformará para lembrar os episodios históricos vinculados ás incursións normandas na costa galega.

Aínda que polo momento non se deu a coñecer a programación, a conta atrás para a festa xa está en marcha. Todo apunta a que o inicio oficial volverá chegar da man do tradicional pregón o xoves 27 de agosto, seguindo o esquema das edicións anteriores.

Durante os días seguintes, veciñanza e visitantes poderán mergullarse nun ambiente inspirado na Idade Media, cunha proposta que adoita combinar historia, cultura e lecer. As rúas da vila encheranse previsiblemente de personaxes de época, música, animación e actividades pensadas para todos os públicos.

A Festa Normanda consolidouse ao longo dos anos como unha das celebracións con maior capacidade de convocatoria da comarca.

A vila convértese nun museo ao aire libre coa ruta do proxecto Xogal

O municipio acollerá o 19 de setembro un novo evento incluído no programa Xogal, unha proposta impulsada polo GDR Terras de Miranda que convida a veciñanza e visitantes a explorar a vila dun xeito diferente. A actividade dará comezo ás 11:00 horas e terá o seu punto de partida no mural “Rente ao Mar”, convertido no eixo inicial dunha experiencia de descubrimento urbano.

A iniciativa propón unha viaxe pola arte mural espallada polas rúas de Foz, transformando as pinturas en pistas que axudarán a reconstruír a relación histórica, cultural e social da localidade co mar. A través deste percorrido, os participantes poderán achegarse tamén a relatos e figuras emblemáticas da memoria colectiva, como a lenda do Conde de Contao, que forma parte do imaxinario popular da zona.

O obxectivo da actividade é poñer en valor o patrimonio artístico e a identidade mariñeira da



vila, promovendo unha forma de turismo participativo que combina cultura, historia e xogo. Os murais converteranse así nun fío condutor que permitirá redescubrir espazos urbanos desde unha perspectiva diferente.

As inscricións para participar nesta ruta xa están abertas e poden realizarse a través da plataforma habilitada polo programa Xogal.

As obras da segunda rotonda de Cangas comezarán en setembro

A construción da segunda rotonda de Cangas, na estrada N-642, dará un novo paso o próximo mes de setembro. Segundo anunciou o Goberno municipal de Foz, as obras están previstas para a primeira quincena do mes, unha vez rematada a tempada estival e despois de completarse os traballos necesarios para o desvío dunha liña eléctrica de Begasa, requisito imprescindible para iniciar a actuación.

A primeira tenente de alcalde, Inés López Couto, asegurou que o proxecto continúa avanzando conforme á planificación prevista e pediu ao Partido Popular “respecto, traballo e menos desinformación”. A responsable municipal criticou que os populares cuestionen a evolución dunha infraestrutura que, segundo indicou, permaneceu paralizada durante os anos nos que o PP gobernou en Madrid. Ademais, reivindicou o labor de coordinación entre o Concello e o Ministerio de Transportes para sacar adiante unha actuación histórica para a parroquia de Cangas.

López Couto tamén destacou que,

ademais da segunda glorieta, está prevista a instalación dunha nova bionda na contorna da rotonda da Gralleira-Ribela para reforzar a seguridade viaria.

Pola súa banda, os senadores do Partido Popular por Lugo, José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano, reclamaron ao Goberno central que execute “de maneira inmediata” esta infraestrutura, despois de coñecer a resposta do Executivo a unha iniciativa presentada no Senado. O senador José Manuel Balseiro criticou que o Goberno non concretase ata agora un calendario para as obras e considerou que existiu falta de planificación, lembrando que inicialmente se prevía que as dúas rotondas estivesen rematadas antes de 2025.

Os populares solicitaron tamén medidas adicionais para mellorar a seguridade no cruzamento mentres non conclúan os traballos, nun punto considerado un dos de maior intensidade de tráfico da Mariña. Co anuncio do Concello, a previsión sitúa finalmente o inicio das obras na primeira metade de setembro.

As melloras de Malates entra na recta final da súa renovación

O Campo Municipal de Malates encara a recta final das obras de modernización que permitirán renovar por completo o seu céspede artificial e mellorar o sistema de rego das instalacións. A actuación, valorada en 203.221 euros, está financiada a través dun convenio coa Deputación de Lugo e nace dun acordo alcanzado entre o goberno municipal e o grupo do Partido Popular.

Segundo explicou o rexedor, a intervención responde á necesidade de mellorar unhas instalacións que soportan unha elevada actividade ao longo de todo o ano. O novo proxecto contempla tanto a substitución da superficie de xogo como a instalación dun sistema de rego soterrado que contribuirá a optimizar o mantemento do campo.

Cajoto destacou que o obxectivo do Concello é ofrecer aos clubs locais as mellores condicións posibles para a práctica deportiva. Neste sentido, lembrou que o cam-



po é utilizado habitualmente pola Asociación Deportiva Santiago de Foz, o Club Deportivo Foz e o Club Atletismo Ría de Foz, entidades que concentran unha parte importante da actividade deportiva do municipio.

Pola súa banda, o voceiro do PP Javier Castiñeira sinalou que a renovación era unha demanda trasladada pola comunidade deportiva

usaria das instalacións. O portavoz popular lembrou que o desgaste acumulado durante anos provocara a aparición de irregularidades na superficie, o que podía supoñer un risco para os deportistas.

Co remate das obras cada vez máis próximo, o Concello confía en que Malates dispoña dun terreo de xogo renovado e adaptado ás necesidades actuais dos clubs.

O Concello impulsa novas actuacións para reforzar as vías no ámbito rural

O Concello continúa coa súa estratexia de mellora das infraestruturas rurais coa finalización das obras de acondicionamento do camiño de Casanova, en Fazouro. A actuación permitiu renovar un vial que presentaba un importante deterioro, dotándoo dun novo firme e dunha renovada sinalización horizontal.

O alcalde destacou esta intervención como parte do traballo que se está a desenvolver para modernizar e reforzar a rede de comunicacións nas

zonas rurais do municipio. Segundo explicou, a actuación responde á necesidade de ofrecer mellores condicións de circulación e maior seguridade aos usuarios destas vías.

As melloras realizadas en Casanova súmanse a outras actuacións previstas polo goberno local para seguir avanzando na conservación dos camiños municipais. Neste sentido, o rexedor anunciou que nas próximas semanas o Concello iniciará o proceso de licitación dun novo proxecto

destinado á mellora dos firmes viarios das nove parroquias de Foz.

Esta actuación contará cun investimento de 316.000 euros procedentes do Plan Deputación 2026 e permitirá acometer traballos de acondicionamento en diferentes puntos do termo municipal. O obxectivo é continuar renovando vías que presentan desgaste polo paso do tempo e polo uso continuado, favorecendo así a mobilidade e a comunicación no ámbito rural.

O PP denuncia deficiencias en vías, obras e estado das praias do municipio

O Grupo Municipal do PP de Foz trasladou último pleno de xuño unha serie de rogos nos que puxo o foco no estado de diferentes infraestruturas municipais, así como na xestión das obras e no mantemento dos espazos públicos, especialmente de cara á tempada estival.

Entre as cuestións expostas, os populares alertaron dun accidente de moto rexistrado días atrás no viario paralelo ao centro social e ao campo de fútbol, na zona coñecida como O Igresario. Segundo explicaron, o sinistro teríase producido a causa dunha fochanca que quedou sen reparar tras unha obra de canalización. Neste sentido, pediron ao goberno local unha actuación urxente para evitar novos incidentes e reclamaron tamén un maior control na execución das obras municipais para garantir que as vías queden correctamente rematadas.

O PP tamén puxo o acento na xestión das obras de asfaltado no núcleo urbano, sinalando que unha empresa contratada polo Concello inicia os traballos pero non os conclúe en tempo e forma, deixando rúas abertas ao tráfico sen rematar. Mencionaron como exemplos situacións anteriores en distintas vías do municipio e tamén noutras intervencións recentes, nas que, segundo indican, os veciños levan semanas soportando po e molestias. Por iso, instaron ao alcalde a esixir que os traballos se executen de maneira continua e que as

rúas non se poñan en servizo ata estar completamente asfaltadas.

Outro dos puntos destacados foi o estado das praias e paseos municipais co inicio do verán. O grupo popular advertiu de deficiencias en socorrismo, falta de material nos postos e escaseza de persoal, ademais de incidencias na seguridade dos areais. Segundo indicaron, recentemente veciños tiveron que intervir nun rescate utilizando medios insuficientes. Tamén sinalaron que durante o mes de xuño xa se rexistrou unha alta afluencia de visitantes mentres os areais, afirman, non estaban nas condicións axeitadas.

Así mesmo, denunciaron o estado de áreas recreativas sen desbrozar, accesos deteriorados e espazos con falta de limpeza, citando exemplos como a zona da Rapadoira, onde aseguran que hai invasión de vexetación e terra en determinados puntos. Criticaron tamén o estado da pasarela de madeira, con táboas levantadas e danadas, e fixeron referencia a instalacións eléctricas nos paseos con cableado visible.

O PP de Foz concluíu os seus rogos pedindo ao goberno local menos publicidade e máis xestión directa, así como unha maior autocrítica tras varios anos de mandato, insistindo na necesidade de mellorar o mantemento xeral dos areais, accesos e espazos públicos do municipio.



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

Burela reforza o turismo mariñeiro cunha renovada edición da Ruta do Peixe

O Concello volverá apostar este ano por achegar o mundo da pesca e da comercialización mariñeira á cidadanía a través dunha nova edición da Ruta do Peixe, unha proposta turística que permitirá aos participantes coñecer desde dentro un dos motores económicos máis importantes da localidade.

As visitas desenvolveranse os luns ás 18.00 horas e de martes a xoves ás 19.00 horas, cunha duración aproximada dunha hora. Ao longo do percorrido, os asistentes poderán observar de preto o traballo que se realiza na lonxa e coñecer con máis detalle o sistema de venda do peixe, así como a relevancia que esta actividade ten para a economía local.

Entre as principais novidades desta edición figura a incorporación dun guía profesional e a ampliación dos contidos da visita. Segundo explicou Ramiro Fernández, a intención é ofrecer unha experiencia máis completa, con información detalla-

da sobre a actividade pesqueira, o funcionamento do porto e os procesos que permiten que os produtos do mar cheguen ao mercado.

Outra das modificacións introducidas é o establecemento dunha tarifa para participar na actividade. O prezo será de 8 euros para persoas adultas, mentres que os mozos e mozas de entre 12 e 17 anos aboarán 6 euros. A participación será gratuíta para os menores de 12 anos. Desde o Concello consideran que esta medida contribuirá a mellorar a organización das visitas e a optimizar a ocupación das prazas dispoñibles.

Debido ao número limitado de participantes por sesión, será obrigatorio a reserva previa a través da páxina web habilitada para a actividade. O goberno local confía en repetir o éxito acadado en convocatorias anteriores, nas que a ocupación foi máxima en practicamente todas as visitas programadas.

Ofrecen un verán de ocio gratuíto para a mocidade na Casa da Xuventude

O Concello de Burela volverá apostar este verán por unha programación de lecer dirixida á mocidade coa posta en marcha dun calendario de actividades gratuítas que se desenvolverá na Casa da Xuventude entre o 13 de xullo e o 27 de agosto. A iniciativa forma parte da Estratexia de Saúde municipal e busca ofrecer alternativas de ocio durante as vacacións escolares combinando diversión, aprendizaxe e convivencia.

As propostas repartiranse ao longo da semana con temáticas diferentes. Os luns estarán reservados aos xogos populares e tradicionais, unha actividade pensada para recuperar formas de lecer de sempre e, ao mesmo tempo, dar visibilidade á diversidade cultural presente no municipio.

Os martes estarán dedicados á robótica, achegando aos participantes ao mundo da tecnoloxía a través de dinámicas prácticas. Os mércores celebrarase a actividade de Fútbol na Rúa, que contará cunha estrutura circular instalada no exterior da Casa da Xuventude para fomentar a

práctica deportiva ao aire libre. Pola súa banda, os xoves estarán centrados na diversión matemática, con retos e propostas destinadas a estimular a curiosidade e o razoamento de forma amena.

Os venres non haberá actividades programadas, aínda que a Casa da Xuventude permanecerá aberta para que a rapazada poida facer uso das súas instalacións durante o horario estival.

As sesións desenvolveranse, con carácter xeral, entre as 10:00 e as 13:00 horas, agás o Fútbol na Rúa, que terá lugar de 11:00 a 14:00 horas. Ademais, desde o 15 de xullo o centro abrirá de 8:00 a 14:00 horas, permitindo utilizar a aula de xogos antes e despois das actividades.

O prazo de inscrición permanecerá aberto entre o 1 e o 10 de xullo e poderá formalizarse por correo electrónico, de forma presencial no Concello ou por teléfono.

Como adianto da programación, a próxima semana celebrarase dúas xornadas de portas abertas: o 7 de xullo cunha sesión de robótica e o 8 de xullo con Fútbol na Rúa.

As protestas do CEIP Vista Alegre continuarán durante o verán

A comunidade educativa do CEIP Vista Alegre mantén as súas reivindicacións pese ás vacacións estivais e concentrouse na Praza da Mariña para reclamar unha reforma integral do colexio, nun movemento activo desde hai semanas. Convocada pola ANPA e apoiada pola FAPACEL, a mobilización reiterou a preocupación polo estado das instalacións e a necesidade dunha actuación global ante as carencias que arrastra o edificio. Denunciáronse problemas como humidades, avarías e falta de accesibilidade, e reclámase unha rehabilitación integral que garanta condicións axeitadas para alumnado e persoal. A presidenta da ANPA, Sara Calvo, lembrou a súa vinculación coa escola e criticou que o centro siga sen reformas pese ao seu deterioro. A concentración reuniu familias, estudantes e veciñanza en apoio á escola pública, que pide solucións prioritarias. Os convocantes avanzan que as mobilizacións continuarán para manter a demanda activa e evitar que desapareza da axenda pública mentres non haxa compromisos firmes e prazos de actuación. Os participantes insisten en que as obras deben ser abordadas con ca-



rácter prioritario pola Administración para garantir a seguridade e o benestar do alumnado ao longo do curso escolar. Tamén subliñan que o movemento veciñal continuará activo ata conseguir compromisos reais e calendarios concretos de actuación por parte da Xunta autonómica.

PARLAMENTO. O Parlamento de Galicia rexeitou a proposición non de lei presentada polo BNG para instar á Xunta a acometer unha rehabilitación integral do CEIP Vista Alegre de Burela, ao obter o voto en contra do PP. O deputado nacionalista Daniel Castro criticou a decisión e advertiu de que o centro continúa acumu-

lando anos de abandono. Segundo sinalou, a proposta respondía ás demandas da dirección e da ANPA, que levan anos reclamando actuacións. Castro acusou á Xunta de non asumir as súas competencias mentres o Concello realizou melloras. No debate detalláronse problemas como humidades, filtracións, aseos deteriorados, instalación eléctrica obsoleta, pavimentos e estruturas en mal estado, deficiencias de accesibilidade e seguridade e un peche perimetral sen rematar. O BNG lembrou ademais as concentracións da comunidade educativa e reclamou un plan integral con actuacións en todos estes ámbitos.

O gospel africano de Aba Taano chegará cun concerto benéfico

O Auditorio Municipal converterase o vindeiro 21 de agosto nun escenario de música e solidariedade coa celebración do concerto de Aba Taano, unha das formacións de gospel africano con maior proxección internacional. A actuación, organizada coa colaboración do Concello de Burela, destinará toda a recadación á ONG Música para Salvar Vidas, que desenvolve proxectos educativos e sociais en Uganda.

O concerto dará comezo ás 20.00 horas e ofrecerá ao público un espectáculo no que se mesturan o gospel, a música tradicional africana e unha posta en escena cargada de ritmo e emoción. A través das súas interpretacións, os cinco integrantes do grupo transmitirán unha mensaxe de esperanza e superación baseada na súa propia experiencia. Aba Taano forma parte da ONG Música para Salvar Vidas, unha iniciativa que traballa para ofrecer educación, formación e novas oportunidades a nenos e mozos en situación de vulnerabilidade. O proxecto emprega a música como



ferramenta de integración e desenvolvemento persoal, permitindo que moitos destes mozos poidan construír un futuro mellor.

A concelleira de Cultura, Lina Gómez, anima á veciñanza a asistir ao concerto e subliña que se trata dunha oportunidade para gozar dun espectáculo de gran nivel artístico e, ao mesmo tempo, colaborar cunha causa solidaria. A edil confía en que o Auditorio Municipal rexistre unha ampla asistencia para apoiar unha iniciativa que combina cultura e compromiso social.

As entradas teñen un prezo de 12 euros para o público xeral e de 6 euros para menores de 12 anos. Poderán adquirirse de forma anticipada en Azor, na rúa Arcadio Pardiñas, nos mercados semanais dos martes en Foz e dos venres en Burela, en Calzados Edelmiro e tamén a través da plataforma Giglon.

Desde o Concello destacan que esta cita permitirá aos asistentes descubrir a forza da música africana mentres contribúen a financiar un proxecto que mellora a vida de centos de nenos e mozos en Uganda.

Estudan incorporar terreos do Cabo ao patrimonio veciñal común

A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Burela comezou nas últimas semanas unha serie de contactos con propietarios de terreos situados na contorna arqueolóxica do Cabo Burela co obxectivo de estudar a posible adquisición destas parcelas e incorporalas ao patrimonio común dos veciños e veciñas da localidade.

Segundo explican desde a entidade, as conversas atópanse aínda nunha fase preliminar, aínda que destacan a receptividade amosada ata o momento polas persoas propietarias. A intención é avanzar cara á incorporación do maior número posible de terreos desta zona ao réxime de propiedade colectiva que xestiona a comunidade de montes.

Desde a organización consideran que esta iniciativa pode representar un paso importante para reforzar a protección dun espazo de especial interese histórico e patrimonial. Ao concentrar a titularidade das parcelas nunha entidade de carácter veciñal, entenden que se facilitaría a planificación de futuras actuacións destinadas á conserva-



ción e posta en valor deste enclave. A presidenta da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Burela, Bríxida Pino, sinala que o propósito destas xestións é que os terreos poidan formar parte dun patrimonio compartido por toda a veciñanza, sen diferenzas nin distincións, reforzando así o carácter colectivo dun espazo considerado de grande relevancia para a historia e a identidade local. A entidade confía en que os con-

tactos iniciados poidan traducirse en acordos nos próximos meses e contribuír á preservación dunha área que reúne importantes valores arqueolóxicos e paisaxísticos. Neste sentido, consideran que a adquisición das parcelas abriría novas posibilidades para impulsar proxectos de conservación e divulgación que permitan poñer en valor o Cabo Burela e garantir a súa protección para as futuras xeracións.

A creatividade infantil protagoniza os premios das Letras Galegas 2026

A Biblioteca Pública acolleu a entrega dos premios do Certame de Narración e Debuxo Infantil Letras Galegas 2026, unha actividade integrada na programación cultural dedicada á celebración das Letras Galegas e que este ano se desenvolveu baixo o lema "Medrar lento". O certame contou coa participación de alumnado de diferentes centros educativos do municipio, que presentou os seus traballos nas modalidades de narración e debuxo.

A iniciativa volveu converterse nun espazo para estimular a imaxinación e a capacidade creativa da infancia, ao tempo que promove o uso da lingua galega e o achegamento á lectura desde as primeiras idades. Os traballos presentados amosaron a implicación dos participantes nunha proposta que cada ano busca incentivar a creación artística e literaria entre os máis novos.

As persoas gañadoras desta fase local serán agora as encargadas de representar ao Concello de Burela na fase provincial do certame, convocada pola Biblioteca Nodal de Lugo, onde compartirán protagonismo con participantes doutros municipios da provincia.

O Concello reforzará o control dos residuos durante o verán

O Concello porá en marcha durante os meses de verán un reforzo dos labores de vixilancia e control vinculados á xestión dos residuos, coincidindo co incremento notable de poboación que experimenta o municipio durante a tempada estival.

Este aumento da afluencia de residentes temporais e visitantes leva consigo un incremento significativo no volume de lixo xerado, o que obriga a intensificar as actuacións municipais para garantir o correcto depósito dos residuos domésticos e tamén dos enseres e obxectos voluminosos.

Desde o Goberno local insístease en que non está permitido abandonar bolsas de lixo, caixas, mobles ou calquera outro tipo de residuo na vía pública nin xunto aos contedores. As bolsas deben estar sempre correctamente pechadas e depositarse no interior dos recipientes habilitados, evitando deixalas no exterior mesmo cando estes se atopen cheos, caso no que se debe empregar outro contedor próximo con capacidade dispoñible.

Ademais, o Concello lembra que os residuos domésticos deben depositarse entre as 20:00 e as 00:00 horas, unha franxa horaria especialmente relevante nos meses de máis calor co obxectivo de reducir malos cheiros, posibles pragas e problemas de

salubridade.

No relativo aos residuos de maior volume, o Concello lembra que existe un servizo gratuito de recollida de enseres que permite evitar o seu abandono na vía pública. Para facer uso deste servizo é necesario contactar previamente no teléfono 626 763 142 en horario de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres. Estes materiais tamén poden ser depositados no punto limpo municipal, que permanece aberto de luns a venres de 16:30 a 20:30 horas e os sábados de 09:00 a 13:00 horas.

Así mesmo, o municipio conta cun servizo de recollida de papel e cartón porta a porta dirixido a grandes xeradores, operativo de luns a sábado entre as 11:00 e as 14:00 horas, co obxectivo de evitar a saturación dos contedores e a acumulación destes residuos nas vías públicas.

O Concello advertiu tamén de que se incrementarán os controis durante o verán e que, no caso de detectarse incumprimentos da ordenanza municipal de limpeza, se iniciarán os correspondentes expedientes sancionadores, con multas que poden oscilar entre os 100 e os 3.000 euros en función da gravidade da infracción.

Desde o Goberno local faise un chamamento á responsabilidade e á colaboración.

Burela impulsa a inclusión de menores migrantes con apoio formativo e laboral



O Fogar San Aníbal Os Castros, en Burela, consolidouse nos últimos meses como un recurso de referencia en Galicia para a atención de menores migrantes non acompañados. O centro, concertado coa Xunta e xestionado polas Fillas do Divino Celo, acolle actualmente a 14 rapaces de entre 12 e 18 anos procedentes de distintos países africanos, aos que ofrece apoio educativo, acompañamento social e un entorno estable para a súa integración.

O dispositivo funciona nun inmo- ble cedido polo Concello de Burela, que xa albergaba unha vivenda de emancipación para mozos maiores de idade. Trátase dunha unidade residencial con convivencia permanente, na que os menores están atendidos por un equipo multidisciplinar de 14 profesionais coordinado polo pedagogo Iván Penelo.

A maioría dos residentes chegaron desde Canarias e Ceuta e proceden de países como Gambia, Malí, Marrocos, Senegal ou Mauritania, tras percorrer rutas migratorias complexas. Desde a entidade xestora destacan a evolución positiva dos rapaces desde a súa chegada, sinalando unha mellora notable na adap-

tación e nas expectativas de futuro. O director da Obra Social das Fillas do Divino Celo, Jesús Iglesias, subliña que en poucos meses se perciben avances significativos e agradece a colaboración dos centros educativos da Mariña para facilitar a súa incorporación ao sistema educativo. Durante o curso, os menores participan en programas formativos en institutos como o IES Monte Castelo, o IES Perdouro, o IES Marqués de Sargadelos, o CPR Martínez Otero e o CPR Plurilingüe do Pilar, cursando ESO, FP e outras accións de formación.

Un dos principais desafíos segue a ser a aprendizaxe lingüística, xa que moitos presentan dificultades co castelán e reciben reforzo diario en castelán e galego. Ademais, oito dos mozos compaxinan estudos con actividade laboral, o que lles permite avanzar cara á autonomía persoal. O centro tamén destaca a boa aco- llida da veciñanza de Burela e a colaboración de entidades locais. As Fillas do Divino Celo valoran o esforzo e a capacidade de adaptación dos rapaces, que buscan construír un futuro estable e integrarse activamente na sociedade que os acolle.



O SLG denuncia o bloqueo dun camiño público e anuncia accións ante a falta de resposta municipal

O Sindicato Labrego Galego denunciou a situación que afecta a máis dunha vintena de propietarios, que aseguran ter dificultades para acceder ás súas parcelas polo estado do camiño público do Castriño, entre Sobrado e Lamacela. Segundo explican, no vial realizáronse intervencións que reduciron o seu ancho, con pedras, estacas e outros elementos, ademais dun peche con rede que dificulta o paso de peóns e maquinaria agrícola. Isto provocou o abandono progresivo do camiño e a invasión da vexetación, impedindo o uso de pequenos tractores e remolques.

O conflito xa fora comunicado ao Concello en 2023 e tratado en reunións posteriores, sen avances, segundo os afectados.

O Sindicato denuncia a falta de resposta efectiva malia os contactos mantidos e considera que se están a causar importantes prexuízos aos usuarios. Por iso, anuncia que levará o caso á Valedora do Pobo e non descarta accións legais.

A EOI reforza a súa programación con novos cursos

A Escola Oficial de Idiomas de Viveiro Luz Pozo Garza abriu o prazo de matrícula para o vindeiro curso cunha oferta formativa ampla e adaptada a diferentes perfís de alumnado. O programa combina ensinanzas oficiais de idiomas con cursos centrados na práctica da comunicación oral.

O centro impartirá estudos regrados de alemán, francés, inglés e italiano en varios niveis. O inglés mantense como a lingua con maior presenza, tanto na sede de Viveiro como na sección de Burela, con itinerarios que abranguen desde niveis iniciais ata avanzados. O francés e o italiano permitirán alcanzar niveis superiores, mentres que o alemán seguirá dispoñible para iniciación e progreso.

Entre as novidades destaca a modalidade semipresencial de inglés, que combina formación en liña e clases presenciais para facilitar a conciliación laboral e persoal, dispoñible en distintos niveis en Viveiro e Burela. A oferta complétase con cursos de competencias orais en inglés, francés e italiano, centrados na conversa e comprensión auditiva, sen exames nin tarefas para casa, promovendo unha aprendizaxe práctica.

Viveiro reforza a renovación urbana con investimentos da Deputación

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, anunciou un novo impulso aos proxectos de mellora urbana en Viveiro, cun investimento superior aos 1,6 millóns de euros centrado principalmente nos núcleos de Covas e Celeiro. Durante unha visita ao municipio acompañada pola alcaldesa, Mariña Gueimunde, supervisou diferentes actuacións xa executadas, en marcha ou previstas.

En Covas destacan dúas intervencións financiadas a través do Plan Deputación que suman uns 550.000 euros. A primeira corresponde á rúa Santiago, onde se están renovando o firme, as redes de servizos básicos e a accesibilidade, cun investimento próximo aos 190.000 euros. A segunda afecta á contorna de Cantarrana, cun orzamento superior aos 356.000 euros, para acometer a renovación de pavimentos e a modernización das redes de saneamento, pluviais e abastecemento de auga.

As actuacións inclúen melloras en numerosas rúas, entre elas a tra-



vesía de Cantarrana, Pernas Peón, Vila de Ribadeo, avenida de Vilalba, Vila de Mondoñedo, Cidade de Ortigueira, Otero Pedrayo, Pascual Veiga, Celso Emilio Ferreiro, Castela e Alexandre Bóveda, reforzando a mobilidade, a seguridade viaria e a imaxe urbana.

Xa en Celeiro, Carmela López comprobou o resultado das obras de humanización da fachada marítima, financiadas con máis de 550.000 euros, e revisou a mellora da Rúa do Porto, realizada me-

dante un convenio que mobilizou 700.000 euros, dos que a Deputación achegou 550.000.

A visita incluíu tamén a estrada provincial LU-P-6612, que conecta a LU-862 coa Confraría de Pescadores. Nesta vía investirán máis de 137.000 euros para renovar o firme, mellorar a drenaxe e actualizar a sinalización, unha actuación que favorecerá a seguridade do tráfico e o acceso ao porto, á piscina municipal e ao recinto do Resurrection Fest.

Celeiro prepara unha nova exaltación da súa merluza

A parroquia de Celeiro, en Viveiro, celebrará o 18 de xullo a XXVI Festa da Merluza, unha das citas gastronómicas máis importantes da comarca e declarada Festa de Interese Turístico de Galicia. O evento comezará ás 21:00 horas e reunirá veciñanza e visitantes arredor da exaltación da Merluza do Pincho de Celeiro, produto emblemático da frota local.

O obxectivo da xornada é poñer en valor a calidade deste peixe a través dunha ampla oferta culinaria. O menú incluírá nove elaboracións distintas, como pescada en salsa verde, á galega, en caldeirada, en salpicón, en empanada, en pizza e en chilindrón, ademais dos tradicionais chilindrines.

A festa combinará gastronomía e ambiente festivo. Tras a cea celebrárase unha queimada popular e posteriormente comezarán as actuacións musicais.

O apartado musical contará co dúo Epok e coa banda de gaitas Amigos do Folk de Viveiro, que animarán a noite.

O persoal da base de incendios reclama melloras urxentes



Traballadores vinculados á base de incendios forestais de Viveiro denuncian as deficientes condicións das instalacións nas que desenvolven o seu labor, unha situación que, segundo sinalan, se prolonga desde hai anos sen unha solución definitiva a pesar das reiteradas peticións ás administracións competentes. O principal problema, explican, é a falta de espazo. As dependencias contan con arredor de 20 metros cadrados para un colectivo de unhas 25 persoas, ás que se suman emisoristas, axentes e técnicos que tamén utilizan o mesmo edificio. Esta realidade resulta claramente insuficiente para un servizo operativo durante todo o ano.

Ademais, só dispoñen de once taquillas e dúas duchas para todo o persoal, o que dificulta a organización diaria e o desenvolvemento

normal da actividade. A estas limitacións engádense problemas de conservación do inmovble, especialmente a presenza de humidades persistentes que, segundo indican, non foron resoltas co paso do tempo.

Os traballadores aseguran que estas deficiencias non son recentes, senón que se repiten desde hai aproximadamente unha década. Durante este período trasladaron as súas demandas á Consellería competente, ao comité de saúde laboral e a organizacións sindicais, sen que se adoptasen solucións efectivas.

O edificio pertence á Consellería do Mar, que cede espazos á Consellería do Medio Rural. O persoal pide unha intervención urxente para garantir condicións dignas.

As obras da pasarela fluvial avanza mentres o PSOE reivindica a súa xestión inicial

O paseo fluvial de Viveiro permanece parcialmente pechado debido ás obras de reparación e acondicionamento que está a executar o Servizo Provincial de Costas nun dos seus tramos máis transitados. A restrición afecta ao percorrido comprendido entre Portochao e o embarcadoiro, unha zona moi frecuentada tanto pola veciñanza como polas persoas visitantes.

A intervención céntrase na renovación da estrutura de madeira da pasarela, que presentaba un notable deterioro derivado do paso do tempo e do uso continuado. Os traballos permitirán mellorar as condicións de seguridade e conservación deste espazo, considerado un dos principais lugares de paseo e lecer ao aire libre do municipio.

Desde o Concello solicítase á cidadanía que respecte a sinalización instalada e as limitacións de acceso mentres duren as obras, co fin de garantir o correcto desenvolvemento dos traballos e evitar posibles incidencias. Coincidindo co inicio da actuación, o Grupo Municipal Socialista de Viveiro manifestou a súa satisfacción por ver avanzar unha obra que considera necesaria e moi demandada pola

poboación. Con todo, a formación quixo salientar que a reparación da pasarela non responde a xestións realizadas recentemente, senón a un proceso iniciado durante o anterior mandato municipal, encabezado pola exalcaldesa María Loureiro.

Segundo explica o PSOE, xa no mes de febreiro de 2025 se informou publicamente de que o proxecto se atopaba en fase de licitación por parte de Costas, tras as xestións desenvolvidas polo anterior executivo local ante o Goberno de España para impulsar a actuación. Os socialistas sosteñen que os trámites administrativos xa estaban encamiñados antes do cambio de goberno e que seguiron o seu curso ata chegar á execución actual.

A formación considera importante recoñecer a orixe dos proxectos públicos e lembra que moitas actuacións requiren longos procesos administrativos que se prolongan durante varios anos. A pesar desta puntualización, o PSOE destaca que o fundamental é que a reparación se materialice e permita recuperar plenamente as condicións de uso e seguridade dun dos espazos máis utilizados de Viveiro.

PSdeG, BNG e veciñanza presentan alegacións á Variante

A futura Variante Leste de Viveiro deu un novo paso administrativo despois de que o Consello da Xunta aprobase a contratación da redacción do proxecto construtivo, cun investimento inicial de 391.831 euros. A actuación permitirá definir os detalles dunha infraestrutura de 6,2 quilómetros destinada a conectar a vía de alta capacidade Costa Norte coas estradas LU-540 e LU-862, co obxectivo de desviar parte do tráfico que actualmente atravesa o casco urbano e mellorar os accesos ao porto de Celeiro.

O proxecto contempla un investimento global próximo aos 40 millóns de euros e incluírá viadutos, glorietas e novos enlaces viarios. Desde a Xunta defenden que a variante contribuirá a mellorar a fluidez do tráfico, reforzar a seguridade viaria e impulsar a mobilidade nun dos principais centros económicos da Mariña.

Porén, a iniciativa xerou debate durante o período de exposición pública. O Grupo Municipal Socialista presentou alegacións ao estudo informativo e ambiental ao considerar que a proposta actual non responde ás necesidades futuras de Viveiro. Os socialistas seguen defendendo a



execución dunha vía de altas prestacións, tal e como figuraba na planificación histórica da Costa Norte, e propoñen melloras nos accesos, nos enlaces e nas condicións de circulación.

Nunha liña semellante, o BNG rexistrou 32 alegacións nas que reclama manter o modelo de Vía de Alta Capacidade e descartar as opcións que reduzan as prestacións inicialmente previstas. A formación nacionalista cuestiona tamén algúns criterios técnicos e económicos empregados para comparar as distintas alternativas.

Ás críticas políticas súmanse as da veciñanza de Magazos. Un total de

162 residentes presentaron alegacións contra a denominada Alternativa 5, ao entender que afecta de forma significativa ao núcleo da Calzada-Magazos, unha zona residencial consolidada con elementos patrimoniais e ambientais de relevancia. Os asinantes reclaman unha revisión do trazado e a procura de solucións que permitan compatibilizar a mellora da mobilidade coa protección do territorio e da calidade de vida da veciñanza.

Mentres continúa a tramitación do proxecto, a variante segue centrandoo debate sobre o futuro das comunicacións en Viveiro e no conxunto da comarca.

Candaoso prepara a 55ª edición da súa festa ecuestre



O curro de Candaoso, situado en Boimente, volverá converterse nun dos principais puntos de encontro da tradición ecuestre galega coa celebración da 55ª edición da Rapa das Bestas, unha das festas máis emblemáticas do municipio de Viveiro e declarada de interese turístico.

A programación desenvolverase durante as xornadas do 4 e 5 de xullo e reunirá centos de persoas arredor dunha celebración que mantén viva unha tradición ligada ao monte e ás razas autóctonas de cabalos que pastan en liberdade nos montes de Buio e Lerín.

A actividade arrancará o sábado cunha sesión vermú amenizada polo Dúo Belinda. A formación musical volverá actuar durante a tarde, mentres que a xornada

rematará cunha verbena na que a música continuará da man da discoteca móbil Conxuro.

O prato forte chegará o domingo coa tradicional baixada do gando e o peche do curro, un dos momentos máis agardados da festa. Desde primeira hora da mañá abriranse tamén as inscricións para as distintas competicións e realizarase a medición dos cabalos participantes no circuíto de carreiras.

Ao longo da tarde disputaranse diferentes probas e competicións ecuestres, entre elas carreiras de cabalos de distintas categorías, andadura e outras modalidades que cada ano atraen a numerosos participantes e afeccionados. A entrega de premios realizarase ao remate das competicións.

Seis músicos de O Landro representarán a Viveiro na Banda Sinfónica Galega

A Banda de Música O Landro de Viveiro contará este ano con seis representantes na Banda Sinfónica Xuvenil Galega, un encontro que reúne en Celanova a novos músicos de toda Galicia. A entidade celebra esta selección como un recoñecemento ao seu labor formativo.

Os seleccionados son Breogán Fernández, ao saxofón; Víctor López, ao bombardino; Leandro Méndez, na percusión; e Daira López, Noa Suárez e Ainoa Barcia, ao clarinete. Todos eles formáronse na Banda Xuvenil O Landro, considerada



a canteira da agrupación.

Desde a banda destacan o bo momento do proxecto educativo, baseado na formación continua e no impulso da mocidade. A entidade deséxalles unha experiencia enri-

quecedora en Celanova e subliña que a súa participación contribúe ao seu crecemento musical e persoal, ademais de levar o nome de Viveiro ao panorama musical galego.

Viveiro manterá aberto o campo Marcos Gómez durante o verán para fomentar o deporte

O Concello manterá aberto durante os meses de xullo e agosto o campo de fútbol Marcos Gómez co obxectivo de facilitar o acceso ás instalacións deportivas á mocidade durante o período estival. O recinto poderá empregarse en horario de 8:00 a 15:00 horas.

Esta medida permitirá que os mozos e mozas que o desexen poidan utilizar o campo tanto para a práctica deportiva como para a organización de partidos informais ao longo das vacacións de verán.

Desde o Concello subliñan a importancia de poñer á disposición da cidadanía espazos deportivos accesibles durante esta época do ano, promovendo ademais hábitos de lecer saudables e activos entre a poboación máis nova.

Con esta iniciativa, a administración local busca ofrecer alternativas de ocio vinculadas á actividade física e favorecer o uso das infraestruturas municipais durante os meses de maior tempo libre para a mocidade.

MERCADO MEDIEVAL XVI

Noite do venres 17 e sábado 18 de xullo 2026

ALFOZ DO CASTRODOURO

Organizan:

Colaboran:

982 558 581 - 600 377 152

MercadoMedievalAlfoz

mercadomedievaldealfoz@gmail.com

Críticas pola falta de datos económicos sobre a compra dos terreos no pleno municipal

A Plataforma Pola Defensa das Nosas Árbores rexistrou o pasado mes unha solicitude formal no Concello para coñecer con precisión o investimento realizado na obtención dos terreos destinados á construción do futuro centro de saúde.

A entidade reclama datos concretos sobre o importe destinado á compra das parcelas escollidas para esta infraestrutura sanitaria, así como sobre os posibles gastos derivados das cargas que, segundo diversas declaracións públicas, afectaban a un dos terreos incluídos na operación. O colectivo pide que se aclare se estes custes foron asumidos polo propio Concello.

A petición foi presentada ao abeiro da Lei de Transparencia e Bo Goberno de Galicia, normativa que establece un prazo máximo dun mes para que as administracións respondan ás solicitudes de acceso á información pública. A plataforma lembra que, de non recibir

contestación dentro dese período, poderá trasladar a cuestión á Valedora do Pobo.

Segundo indica a organización, estes datos económicos non foron difundidos ata o momento nin quedaron plenamente detallados durante a sesión plenaria na que se aprobou o procedemento relacionado coa adquisición dos terreos. Por este motivo, a plataforma considera necesario que o goberno municipal informe de maneira clara e precisa sobre a contía total destinada a esta actuación. O colectivo sostén que se trata dun investimento financiado con recursos públicos e entende que a veciñanza debe coñecer con exactitude o seu alcance económico.

Ademais, a entidade mantén a súa oposición ao proxecto do novo centro de saúde na localización prevista, ao considerar que a iniciativa non responde aos intereses dos residentes nin dos usuarios das actuais instalacións sanitarias.

A localización do novo campo de herba artificial centra o debate

A construción dun novo campo de fútbol de herba artificial sitúase no centro do debate político municipal. O Goberno local traballa nun proxecto para executalo no Campamento Xuvenil da Devesa, mentres o BNG propón unha alternativa que o sitúa nos terreos próximos ao estadio municipal Pepe Barrera, coa intención de integrar as principais instalacións deportivas da vila nun mesmo espazo.

O concelleiro de Deportes mantivo reunións cos clubs Ribadeo FC e SD Ribadeo para explicar a proposta do executivo. Segundo indicou, o Concello agarda resposta da Deputación e trátase dun proxecto xa desenvolvido a nivel técnico, inserido nunha estratexia global de mellora das infraestruturas deportivas municipais. Lembrou actuacións recentes en instalacións como os pavillóns de Alfredo Deaño e Cubelas, así como no estadio Pepe Barrera e no campo de O Outeiro.

Silvent defende que a opción da Devesa responde a criterios técnicos e económicos, ao considerar que os



terreos propostos polo BNG non son de titularidade municipal e implicarían un investimento maior. Sinala ademais que o proxecto foi elaborado con técnicos municipais e tras varias reunións cos clubs deportivos. Pola súa banda, o BNG, a través do seu portavoz Martín Graña, aposta por situar o campo no entorno do Pepe Barrera para aproveitar infraestruturas xa existentes e crear un complexo deportivo máis cohesionado. A formación nacionalista destaca que esta localización melloraría a mobilidade das familias, reducindo

desprazamentos e favorecendo o acceso a pé ou en bicicleta desde o núcleo urbano.

O BNG tamén considera que concentrar as instalacións permitiría optimizar recursos públicos e executar a obra por fases, reforzando a funcionalidade da zona deportiva. Defende que a proposta responde mellor ás necesidades do deporte base e dos clubs locais.

Aínda que existe consenso sobre a necesidade do novo campo, persisten diferenzas sobre a súa localización definitiva en Ribadeo.

Ribadeo acolleu o izado da súa bandeira nun acto institucional entre Galicia e Asturias

Ribadeo celebrou un acto institucional marcado polo izado oficial da bandeira ribadense na Praza Pancho Maseda, convertida no escenario principal da xornada. O evento contou coa participación do presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, e do presidente do Principado de Asturias, Adrián Barbón, que previamente asinaron no Libro de Honra do Concello. Posteriormente, ambos participaron na cerimonia de izado da bandeira, acompañada pola interpretación dos himnos de Galicia e Asturias.

Durante o acto, destacou o valor da insignia como símbolo da identidade, da historia e do sentimento de pertenza da veciñanza ribadense. O alcalde, Daniel Vega, cualificou este momento como un fito para o municipio e para a posta en valor dos seus símbolos propios. Pola súa banda, Rueda e Barbón coincidiron en sinalar que a bandeira representa un elemento de unión e identidade compartida.

A xornada concluíu coa entrega de agasallos conmemorativos e cunha ampla presenza de representantes institucionais.

Dakidarría, Ruxe Ruxe e Hamlet actuarán no Vendaval Fest 2026

Ribadeo xa coñece como quedará distribuído o programa musical da cuarta edición do Vendaval Fest, unha cita que volverá converter a vila mariñá nun dos principais puntos de encontro para os afeccionados ao rock e ás músicas alternativas durante os días 24 e 25 de xullo.

A organización fixo público o cartel por xornadas dun evento que continúa consolidando a súa presenza dentro do calendario estival galego. A primeira das sesións, prevista para o venres 24, estará encabezada pola formación canadense The Real McKenzies e contará tamén coa participación de Hamlet, Dakidarría, Ruxe Ruxe, Demenzia Social e DJ Tralla.

A programación continuará o sábado 25 cunha segunda xornada na que subirán ao escenario artistas e grupos como Benito Kamelas, El Drogas, Hermana Furia, Ochobre, The Lizards, Las Moskas Retrompeteras e DJ Tralla, configurando unha oferta musical marcada pola diversidade de estilos e a presenza de nomes recoñecidos dentro do panorama estatal. Máis alá dos concertos principais, o festival volverá apostar pola iniciativa Vendaval na Rúa, unha proposta complementaria que achegará a música ao centro da localidade a través



de actuacións en formato vermú e concertos tributo. Nesta edición participarán Marea Negra, cun repertorio dedicado á banda navarra Marea, e La Green River Band, que renderá homenaxe a Creedence Clearwater Revival.

A cuarta edición do Vendaval Fest mantén así a súa aposta por combinar artistas consolidados con formacións emerxentes, ofrecendo unha programación que busca atraer tanto ao público local como aos visitantes que se acheguen a Ribadeo durante a última fin de semana completa de xullo.

Acisa volverá premiar as compras no Ribadeo Indiano co sorteo dunha viaxe a México

A conta atrás para o XI Ribadeo Indiano continúa sumando iniciativas que buscan dinamizar a vila e reforzar o atractivo desta celebración. A Asociación de Comerciantes, Industriais, Servizos e Autónomos de Ribadeo (Acisa) volverá poñer en marcha o tradicional sorteo dunha viaxe a México para dúas persoas entre a clientela dos establecementos asociados.

A campaña desenvolverase ata o 12 de xullo e nesta edición repartiranse 180.000 rifas, vinte mil máis que no ano anterior. O sorteo terá lugar ao remate do concerto de Estrellas de Buena Vista y Más na rúa San Roque, un dos momentos centrais do programa festivo.

A presidenta de Acisa, Carmen Cruzado, destacou que esta iniciativa busca apoiar o comercio local, incentivar as compras e contribuír ao crecemento económico e social do Ribadeo Indiano. O premio consistirá nunha estancia en México entre o 11 e o 18 de setembro de 2026, con voos de ida e volta desde Madrid, sete noites nun hotel de cinco estrelas na Riviera Maya en réxime de todo incluído e servizos complementarios.



Participar será sinxelo: as rifas entregaranse tras as compras nos negocios asociados e deberán estar seladas. O día do sorteo, os clientes depositarán a papeleta nunha urna en San Roque, conservando o resguardo.

O xerente de Acisa, Jesús Pérez, sinalou que a campaña pode xerar un impacto económico de arredor de 1,8 millóns de euros na vila durante o período de actividade.

A entidade tamén agradeceu o apoio institucional e empresarial que fai posible o evento, que cada ano atrae milleiros de visitantes.

A veciñanza denuncia o abandono de espazos públicos en Ribadeo

A veciñanza de Ribadeo trasladou ao Concello a súa preocupación polo estado de varias áreas urbanas e periurbanas, onde denuncian tanto a falta de mantemento do arborado como o deterioro xeral de espazos públicos que, segundo indican, levan tempo sen atención axeitada.

Un dos puntos máis sensibles é a presenza de árbores completamente secos en diferentes zonas, que supoñen un risco evidente para a seguridade de peóns e vehículos. Segundo explican varios residentes, na rúa Buenos Aires caeu recentemente unha árbore seca, un feito que reforza a alarma veciñal ante posibles novos incidentes. Tamén sinalan a situación do Parque Municipal, onde aseguran que existen polo menos dúas árbores en estado crítico, con perigo de caída de ramas ou derrube total.

A cidadanía lembra que o coidado do arborado urbano é responsabilidade do consistorio e piden unha revisión técnica inmediata das árbores afectadas. A súa proposta pasa pola retirada dos exemplares perigosos e a



súa substitución por outras árbores da mesma especie, co fin de evitar novos riscos. Un veciño relataba ademais que “unha rama de gran tamaño caeu sobre o meu coche hai uns días, e tiven sorte de que non houbo danos graves”, engadindo críticas polo suposto abandono do mantemento das árbores.

Por outra banda, tamén se denuncia o estado dunha zona verde situada detrás das vivendas sociais da avenida Fernández Cardoso. A maleza, apuntan, medrou de tal forma que impide mesmo o uso dos bancos existentes, que quedan ocultos e in-

utilizados, xerando unha sensación de abandono e falta de coidado dun espazo pensado para o lecer veciñal. Finalmente, a veciñanza critica o escaso aproveitamento dun amplo solar municipal adquirido no seu día polo anterior goberno local en Rillo, pensado para habilitar un aparcadoiro que consideran necesario, especialmente durante a tempada estival. O terreo continúa sen uso e en estado de abandono, mentres tamén sinalan o mal estado da estrada próxima, que describen como moi deteriorada e con evidentes deficiencias de mantemento.

Illa Pancha e Praia das Catedrais, no punto de mira das bandeiras negras

Ribadeo volve situarse no centro do debate ambiental tras a publicación do informe Bandeiras Negras 2026 de Ecoloxistas en Acción, que sinala dous dos seus enclaves máis emblemáticos pola súa situación de deterioro ou mala xestión.

No caso da Illa Pancha, o colectivo outorga unha bandeira negra por contaminación e degradación ambiental. O informe apunta directamente á privatización dun espazo público situado nunha área protexida, un proceso que, segundo a organización, tería contribuído a alterar o equilibrio natural e a limitar o acceso cidadán a un punto de alto valor ecolóxico e paisaxístico.

A segunda advertencia chega para a Praia das Catedrais, un dos areas máis visitados. Neste caso, a bandeira negra concédese por mala xestión ambiental, debido á falta de aplicación efectiva do plan de conservación aprobado hai máis dunha década e á persistencia de problemas derivados da elevada presión turística, especialmente en tempada alta.

Ecoloxistas en Acción critica que, malia tratarse dun espazo natural de enorme valor xeolóxico e paisaxístico, as medidas de protección non estarían a ser suficientes para garantir a súa conservación a longo prazo.

O Concello impulsa varias actuacións en Santa Cruz e na rede de estradas parroquiais

O Concello de Ribadeo continúa impulsando diferentes actuacións para mellorar tanto os espazos públicos como as infraestruturas viarias do municipio, cun conxunto de investimentos destinados á conservación do patrimonio, ao reforzo da seguridade e á modernización da rede de comunicacións, especialmente no rural.

Unha das intervencións máis destacadas desenvolverase na área recreativa de Santa Cruz, onde o Concello investirá 50.000 euros na renovación e ampliación da iluminación. O proxecto permitirá dotar de luz ao miradoiro, á parte superior do recinto e á contorna da cruz e do monumento ao gaiteiro, que contará por primeira vez cun sistema específico de iluminación. Segundo explicou o alcalde, Dani Vega, esta actuación dá continuidade aos traballos realizados nos últimos anos en colaboración coa Comunidade de Montes, entre os que figuran a eliminación de especies invasoras, labores de limpeza forestal, a instalación dunha nova varanda e a renovación do miradoiro. O rexedor destacou que o Concello seguirá buscando financiamento para acometer novas melloras, entre elas a dos accesos ao monte.

En paralelo, o Goberno local continúa executando un plan de renovación das estradas do rural cun investimento de 370.000 euros financiado pola Deputación. As actuacións inclúen a mellora de numerosos viarios municipais e obras de canalización de augas e renovación do firme no barrio de Santa Cruz, co obxectivo de mellorar a seguridade viaria e facilitar os desprazamentos da veciñanza. Vega avanzou que durante o verán se desenvolverá unha nova fase de investimentos noutras parroquias do municipio.

Ademais, o Concello está a actuar na parroquia de Remouelle dentro do Plan Avanza Rural, centrando os traballos na recuperación de pistas de concentración e vías secundarias que dan servizo ás explotacións agrícolas e gandeiras. As tarefas inclúen labores de limpeza, nivelación e acondicionamento previos á achega de saburra, material facilitado pola Xunta de Galicia. O alcalde lembrou tamén a obriga das empresas forestais e agrícolas de restaurar as pistas que deterioren durante os seus traballos e agradeceu a colaboración da administración autonómica para seguir mellorando a rede viaria do municipio mediante convenios.

O BNG acusa ao alcalde de coñecer os problemas do Hospital-Asilo sen actuar

O BNG de Ribadeo criticou a xestión do alcalde, Daniel Vega, durante o pleno extraordinario sobre as obras do Hospital-Asilo, ao considerar que coñecía desde hai máis de dous anos os problemas do proxecto sen adoptar medidas eficaces. O portavoz nacionalista, Martín Graña, asegurou que informes técnicos municipais xa advertían en abril de 2024 do escaso avance das obras e recomendaban sancionar á empresa ou rescindir o contrato, advertencias que, segundo indicou, se repetiron posteriormente.

A formación sostén que esas informacións contradín as declaracións públicas do rexedor,

que transmitía unha evolución favorable dos traballos. Ademais, Graña afirmou que nunca existiu unha modificación formal do contrato, pese ás explicacións ofrecidas polo goberno local para xustificar os atrasos.

O BNG tamén denunciou falta de transparencia no acceso á documentación e reclamou aclarar posibles discrepancias entre certificacións e execución da obra. Finalmente, esixiu responsabilidades políticas, explicacións sobre a xestión dos fondos públicos e a aceleración dos traballos para poñer en funcionamento o Hospital-Asilo canto antes.

O PSdeG esixe axustar os prezos das licitacións municipais

O PSdeG de Ribadeo respondeu ás declaracións do alcalde, Daniel Vega, que atribúe as dificultades para adxudicar obras municipais á falta de empresas e de man de obra na construción.

Os socialistas rexeitan esta visión e afirman que o problema non é a escaseza de profesionais senón as condicións económicas das licitacións. Din que os orzamentos están por debaixo dos custos reais, polo que as empresas non presentan ofertas porque non lles resulta viable executar os traballos. Consideran inxusto vincular os concursos desertos á falta de persoal no sector. Lembran casos recentes como a cuberta

da Praza de Abastos, que quedou sen adxudicar ou con pouca concorrencia.

Para o grupo socialista, isto evidencia a necesidade de actualizar os prezos das licitacións municipais. Piden ao goberno local que adapte os importes á realidade da construción para garantir a participación das empresas. Tamén reclaman responsabilidade na planificación e que se eviten explicacións que culpen ao sector da situación. Defenden que unha mellor xestión das licitacións evitaría atrasos en proxectos considerados prioritarios para o municipio de Ribadeo segundo a súa valoración política actual.

la Tienda
la de casa, la de toda la vida...

Mondoñedo: Avda. Buenos Aires, 7 - 982 521 077
Ferreira de Valadouro: Cayado, 8 - 982 574 460
Abadín: Avenida de Galicia, 10 - 982 508 111
Mur: Pza. da Galeguidades, 11 - 982 500 027
Muimenta: Avda. de Villaiba, 38 - 982 504 080
O Corgo: San Cristobal de Chamoso, 29 - 982 302 198
Baralla: Evaristo Calderón, 85 - 982 363 049

Cervo: Dolores García Caramés

“A mellor maneira de gobernar é estar a pé de rúa, falar cos veciños e coñecer as súas preocupacións”



A rexedora, que asumiu a Alcaldía en 2023 trala marcha de Alfonso Villares á Xunta, fala da súa experiencia á fronte do Concello, os retos do municipio e os proxectos de futuro



“Gustaríame seguir contribuíndo a que Cervo sexa un concello cada vez mellor para vivir”

DATOS
HABITANTES: 4.184.
PARROQUIAS: 6.
EXTENSIÓN: 78 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Viveiro.
CORPORACIÓN: 7 concelleiros do PP, 2 do PSOE e 2 do BNG.
ALCALDE: Dolores García Caramés do Partido Popular.
VOCEIRA PSOE: María Luján Ramos Ben.
VOCEIRO BNG: David Villares.

“Temos que seguir mellorando servizos e infraestruturas, especialmente no rural”

Como se iniciou na política?
A política chegou á miña vida de forma natural. Sempre fun unha persoa moi activa e implicada na vida social do concello, e sempre tiven claro que quería aportar o meu gran de area para mellorar as cousas. A miña experiencia como traballadora municipal permitíame coñecer moi ben a realidade de Cervo e, máis tarde, como concelleira de Cultura, Educación e Facenda, tiven a oportunidade de traballar directamente por proxectos e iniciativas que beneficiaban aos veciños. Sempre entendín a política como unha forma de servir aos demais e de intentar mellorar a vida das persoas.

Como deu o impulso para ser alcaldesa?
Foi un paso importante. Cando Alfonso Villares asumiu novas responsabilidades na Xunta, tiven que continuar o proxecto que compartíamos. Aceptar a Alcaldía foi un orgullo, pero tamén unha gran responsabilidade. Coñecía o Concello desde dentro e sentíame preparada para asumir ese reto con ilusión e moitas ganas de seguir facendo avanzar Cervo, como tiñamos pensado facer.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?
É certo que ser alcaldesa require moito tempo e moita dedicación. Hai días nos que os horarios pasan a un segundo plano e nos que non sempre podes facer todo o que che gustaría a nivel persoal ou familiar. Pero non o vexo como un sacrificio, senón como parte da responsabilidade que asumín. Ademais, teño a sorte de facer un traballo que me gusta e que me permite estar en contacto coa xente e axudar a resolver problemas. Cando ves que o esforzo serve para mellorar o día a día dos veciños, todo compensa.

E beneficios?
O mellor desta responsabilidade é o contacto diario coa xente. Gústame

me escoitar, compartir impresións e saber que o traballo que fas pode traducirse en melloras reais para os teus veciños. Non hai maior satisfacción que ver un proxecto convertido en realidade ou recibir o agradecemento dunha persoa á que puides axudar.

Cales son os seus obxectivos?
Gustaríame seguir contribuíndo a que Cervo sexa un concello cada vez mellor para vivir, con máis oportunidades, mellores servizos e unha maior calidade de vida para todos. E, sobre todo, seguir sendo servicial, porque o que máis me motiva desta responsabilidade é saber que o traballo diario pode axudar a mellorar a vida das persoas.

E como Goberno de cara á próxima lexislatura?
Con proximidade, escoitando á xente e atendendo as súas necesidades. Creo que a mellor maneira de gobernar é estar a pé de rúa, falar cos veciños e coñecer de primeira man as súas preocupacións. Tamén con responsabilidade na xestión dos recursos públicos e coa vista posta no futuro.

Cales son as principais liñas do seu programa?
Queremos seguir apoiando ao tecido asociativo, que realiza un labor fundamental na dinamización do concello; continuar mellorando os servizos no rural; avanzar na accesibilidade e na humanización dos espazos públicos das nosas vilas; e seguir impulsando iniciativas que favorezan a creación de oportunidades e melloren a calidade de vida da veciñanza.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?
Temos que seguir mellorando servizos e infraestruturas, especialmente no rural, e continuar creando oportunidades para que a xente nova poida desenvolver aquí o seu proxecto de vida. Tamén é fundamental seguir prestando atención ás persoas maio-

res e ás familias.

De que proxectos se sente máis orgullosa?
Hai moitos proxectos dos que me sinto orgullosa porque detrás de cada un deles hai moito traballo, moita ilusión e, sobre todo, a vontade de mellorar a vida dos veciños. Pero se teño que destacar algún serían Cervo Concilia e Arruguiñas, porque son iniciativas que fun vendo medrar desde o primeiro momento. Cervo Concilia xurdiu coa intención de axudar ás familias a compatibilizar a súa vida laboral e familiar durante os períodos de vacacións escolares. Era unha demanda que moitos

pais e nais nos trasladaban e hoxe é un programa plenamente consolidado, moi ben valorado e que presta un servizo fundamental a moitas familias do municipio.

E Arruguiñas é outro proxecto moi especial para min. Puxémolo en marcha nesta lexislatura como un programa integral de envellecemento activo para maiores de 60 anos, co obxectivo de fomentar hábitos saudables, a socialización e a participación activa dos nosos maiores. Ver a acollida que tivo e comprobar como contribúe ao benestar e á calidade de vida de tantas persoas é unha enorme satisfacción.

EN CLAVE PERSOAL	
Idade, estado civil e familiar. 44 anos, solteira e nai dun fillo.	Unha comida e unha bebida. Un bo cocido galego, e auga ou un bo café.
Profesión e formación. Estudei Fotografía e Informática.	Unha personaxe admirada. Rosalía de Castro, polo seu legado e polo que representa para Galicia.
E se non fora alcaldesa que sería? Xornalista. Sempre me gustou comunicar.	Unha posesión prezada. As fotografías da miña familia.
Que fai para desconectar? Gústame saír a facer fotografías e pasear ao aire libre.	Un desexo. Que Cervo siga sendo un lugar no que as persoas queiran vivir, traballar e formar unha familia.
Unha virtude e un defecto. A perseveranza e ás veces son demasiado esixente comigo mesma.	Algo para esquecer. Todo aquilo que nos afasta do diálogo e do respecto.
Un consello para compartir. Escoita sempre ás persoas e nunca deixes de aprender.	Que é o que máis valora nunha persoa? A honestidade, a palabra dada e a capacidade de empatizar.
Un libro. ‘Memorias dun neno labrego’, de Xosé Neira Vilas.	Equilibra ben a vida pública e a privada? Intento facelo, aínda que non sempre é doado.
Unha película. ‘A lingua das bolboretas’.	Un desafío pendente. Seguir creando oportunidades para o asentamento na vila.
Un grupo de música. Bryan Adams. Tamén me gusta moito a música galega.	Onde se ve en cinco anos? Espero seguir sendo útil, traballando con ilusión e responsabilidade por Cervo.
Unha afección. A fotografía.	
Un lugar que visitar. Cervo, pola súa riqueza natural, cultural e pola calidade da súa xente.	

A mina chegada en 1965 ás costas de San Cibrao será restaurada

O Goberno local e a Asociación Mar de San Ciprián iniciaron unha actuación destinada a asegurar a conservación dun dos elementos máis representativos do patrimonio histórico da localidade: a mina submarina instalada na zona de Miramar, na Pena Meá, formando parte do coñecido monumento á Armada.

Os traballos comezaron coa retirada da peza, unha operación desenvolvida con medios municipais e supervisada pola alcaldesa, Dolores García Caramés, acompañada polo concelleiro Alfredo Fernández e por membros da Asociación Mar de San Ciprián. O obxectivo desta intervención é facilitar a restauración e conservación dun artefacto que constitúe unha das imaxes máis recoñecibles da fachada marítima de San Cibrao.

A histórica mina será trasladada ao Arsenal de Ferrol, onde a Armada asumirá os labores de recuperación para garantir a súa preservación a longo prazo. Durante o tempo que duren estas tarefas, instalárase unha reprodución provisional no emprazamento habitual para manter a presenza deste símbolo nun dos puntos



máis visitados da localidade.

A peza forma parte do monumento á Armada desde a súa inauguración en 1967. A súa chegada a San Cibrao remóntase a decembro de 1965, cando foi arrastrada ata a costa polos temporais e as correntes mariñas. Unha vez desactivada pola Armada, converteuse nun recordo permanente dun episodio singular da historia local e nun elemento moi ligado á memoria colectiva dos veciños.

Desde o goberno municipal subliñan a importancia de preservar este legado histórico para as futuras

xeracións. Neste sentido, a alcaldesa destacou o valor patrimonial da mina e a necesidade de garantir a súa conservación nas mellores condicións posibles, para que continúe formando parte da identidade de San Cibrao e de Cervo.

A rexedora tamén agradeceu a implicación da Asociación Mar de San Ciprián e a colaboración prestada pola Armada, claves para facer realidade unha actuación que permitirá recuperar e poñer en valor unha peza estreitamente vinculada á tradición marítima e á historia da vila.

Cervo inicia a renovación integral do parque infantil Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane



O Concello de Cervo iniciou obras de remodelación integral do parque infantil Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane, situado na contorna da Casa do Concello. A actuación supón un investimento de 261.385,74 euros, financiado con fondos propios, e ten como obxectivo transformar por completo unha das principais áreas de lecer infantil do municipio.

O proxecto prevé a retirada dos elementos antigos e a instalación de novos xogos homologados, así como a colocación dun pavimento continuo de caucho para mellorar a seguridade. Tamén se renovará o peche perimetral, adaptando o recinto ás actuais esixencias de accesibilidade e protección.

Un dos cambios máis destacados será a ampliación da zona de xogo para nenos e nenas de maior idade, que contará con novas estruturas máis dinámicas. Ao mesmo tempo, manteranse espazos adaptados ás primeiras idades e incorporaranse elementos inclusivos para favorecer o uso compartido do parque.

Entre as novidades destaca a instalación dunha tirolina, unha demanda habitual das familias e dos propios usuarios, que o Concello decidiu incluír no proxecto.

O novo parque contará con áreas diferenciadas, xogos variados e unha estrutura de aventura, converténdose nun espazo máis atractivo para a infancia.

A III Carreira de Andadura será na Bidueira o 11 de xullo

O Concello de Cervo celebrará o sábado 11 de xullo a III Carreira de Andadura na pista ecuestre da Bidueira, unha cita que reunirá afeccionados ao mundo do cabalo nunha xornada de deporte e tradición.

A competición comezará ás 10:30 horas, tras as medicións das 09:45, e continuará pola tarde a partir das 16:00 horas. Disputaranse probas nas categorías Chapeada +1,50, Chapeada -1,50, Serrada +1,50, Serrada -1,50 e Sub-16, con premios en metálico, trofeos e un galardón especial para quen supere o récord da pista, fixado en 29,40 segundos. As inscricións permanecerán abertas ata o 9 de xullo. A alcaldesa, Dolores García Caramés, puxo en valor este tipo de iniciativas por contribuír á conservación das tradicións e á dinamización do rural, ao tempo que felicitou á asociación Cabaleiros da Bidueira pola organización do evento e animou á veciñanza e aos visitantes a asistir a esta festa ecuestre.

O voluntariado xuvenil regresa a Cervo con novas propostas



O programa "Voluntariado Miúdo VI" regresa a Cervo cunha nova edición centrada na participación activa da mocidade de entre 12 e 15 anos en tarefas de colaboración coas actividades municipais durante o verán.

Esta iniciativa busca fomentar o voluntariado xuvenil como unha ferramenta de aprendizaxe e implicación social, ofrecendo aos participantes a posibilidade de apoiar diferentes servizos e eventos organizados no municipio. Entre as súas funcións inclúense a colaboración no programa de conciliación "Cervo Concilia", a participación nas "Noites Alternativas

de Verán" e o apoio en actividades culturais, sociais e lúdicas.

A alcaldesa, Dolores García Caramés, presentou o proxecto no IES Marqués de Sargadelos e salientou a importancia do voluntariado como espazo para que a mocidade adquira responsabilidade, traballo en equipo e compromiso coa comunidade. Ademais, destacou que esta experiencia permite dar continuidade á participación de moitos rapaces e rapazas que xa coñeceron o funcionamento de programas municipais anteriores.

As inscricións poden formalizarse na Casa da Cultura de Cervo.

O Concello elimina a taxa de recollida de enseres e reforza a súa aposta pola sustentabilidade

O Concello puxo en marcha unha nova medida ambiental que consiste na gratuidade total do servizo municipal de recollida de enseres a domicilio. Desde este mes de xuño, a veciñanza pode solicitar a retirada de mobles, colchóns, electrodomésticos e outros obxectos voluminosos sen pagar ningunha taxa. O obxectivo é mellorar a xestión dos residuos, evitar verteduras incon-

troladas e fomentar hábitos máis responsables entre a cidadanía. A iniciativa tamén busca reforzar a concienciación ecolóxica e facilitar a eliminación correcta dos residuos domésticos. O servizo solicitarase na Casa do Concello ou na Casa da Cultura en xoves alternos. O Goberno local enmarca a medida nunha estratexia global de sustentabilidade ambiental.

Celebra o teu día

¡¡Facemos que cada momento sexa único!!

Creamos decoracións para eventos

- Bodas
- Comunións
- Aniversarios
- Bautizos
- Cumpleanos
- Inauguracións

Consúltanos no 607 043 867 e siguenos en RR.SS.

Rúa Pardo Bazán, 12 • 27880 • Burela

O Concello mellora accesos e servizos nos teleclubs do rural



O Goberno local continúa a súa aposta pola mellora dos espazos sociais das parroquias coa posta en marcha de actuacións nos teleclubs de Vilaformán e Vila-pena, dentro dun plan municipal orientado á modernización dos locais de uso veciñal. En Vilaformán, os traballos xa finalizados inclúen o pintado exterior do edificio e a instalación de canalóns e baixantes, cun investimento próximo aos 21.000 euros. Esta intervención completa a renovación do inmovible tras a reforma interior realizada anos atrás, deixando o espazo plenamente acondicionado para o uso da veciñanza. O alcalde, Rubén García Freije, destacou a importancia de mellorar este tipo de equipamentos como puntos clave de convi-

vencia nas parroquias. Pola súa banda, en Vilapena xa se completaron as obras de reforma do teleclub, cun investimento de case 35.000 euros. O proxecto contemplou o pintado integral do edificio, o peche parcial do porche anexo para ampliar o seu uso durante todo o ano e a pavimentación con formigón da zona de aparcamento, mellorando a accesibilidade e a contorna. Desde o Goberno local sinalan que ambas actuacións forman parte dunha estratexia continuada para modernizar os espazos públicos do rural, co obxectivo de favorecer a actividade comunitaria e dotar á veciñanza de instalacións máis cómodas, funcionais e adaptadas ás súas necesidades.

Os populares poñen en valor investimentos en servizos e infraestruturas no municipio

O Grupo Municipal do PP puxo en valor o traballo de xestión e interlocución que, segundo sinala, vén realizando coa Xunta de Galicia para facilitar a chegada de investimentos e recursos ao municipio. Os populares atribúen parte das achegas autonómicas recibidas nos últimos anos a ese labor de seguimento e ás propostas trasladadas pola súa formación. O portavoz municipal, José María Fernández, defendeu unha liña de colaboración institucional coas distintas administracións como vía para impulsar o desenvolvemento local e garantir o acceso ás diferentes liñas de financiamento. Nese sentido, destacou a importancia de aproveitar todas as convocatorias dispoñibles para mellorar servizos e infraestruturas. Entre os investimentos citados polo PP figuran máis de 57.000

euros do Plan Camiña, 30.000 euros para un aparcadoiro de autocaravanas, 15.000 euros para actuacións municipais e 7.200 euros para o servizo de socorrismo, ademais doutras partidas destinadas a melloras de infraestruturas. Ao mesmo tempo, os populares critican que o goberno local non solicitase determinadas axudas da Xunta, como o programa Aprod Rural, as brigadas de prevención de incendios ou obradoiros de emprego. Consideran que estas iniciativas representan oportunidades para crear emprego, mellorar a formación e reforzar servizos municipais. O PP insiste na necesidade de non desaproveitar recursos supramunicipais e reafirma a súa disposición a seguir colaborando para atraer novos investimentos a Trabada.

Finalizan as obras de mellora viaria financiadas polo Plan Deputación

O Concello de Trabada vén de completar un conxunto de actuacións de mellora en diferentes ámbitos do municipio, tanto na rede viaria como nos espazos de lecer, co obxectivo de modernizar infraestruturas e reforzar a calidade de vida da veciñanza. Por unha banda, finalizáronse os traballos de acondicionamento de dúas estradas municipais nos núcleos de Barreiros e A Abaira, cun investimento superior aos 130.000 euros a través do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos. As intervencións incluíron a limpeza de cunetas, a aplicación dun novo firme con aglomerado en quente e a renovación da sinalización horizontal. O alcalde, Rubén García, destacou a aposta por este tipo de material pola súa maior durabilidade e seguridade, ao tempo que subliñou a importancia destas vías pola



súa conexión con estradas provinciais e autonómicas. Por outra banda, o Concello continuará coa modernización da área recreativa da Choz, na parroquia da Ría de Abres, grazas a unha subvención de 15.000 euros da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, completada con fondos municipais ata un investimento total de

19.601 euros. O proxecto inclúe a renovación de varandas con materiais reciclados e a instalación de novos paneis informativos da Rede Natura en madeira. O alcalde trabadense salientou que estas actuacións permiten mellorar espazos públicos, impulsar a sostibilidade e consolidar a área como punto de encontro para veciñanza e visitantes.

Trabada propón unha ruta polo Camiño Norte para descubrir natureza e historia

O municipio de Trabada ofrece unha nova proposta de sendeirismo para o vindeiro 5 de xullo, unha actividade coa que se busca poñer en valor o seu patrimonio natural, histórico e a pegada do Camiño Norte ao seu paso pola zona. A iniciativa consistirá nunha ruta de aproximadamente 8 quilómetros que permitirá aos participantes descubrir distintos recunchos de gran valor paisaxístico ata chegar ao enclave da Cadeira. Ao longo do percorrido, a actividade convida a gozar da contorna natural e a redescubrir o territorio a través dunha experiencia pausada e accesible. A xornada rematará cun momento de convivencia na área recreativa, onde se ofrecerá unha comida para todas as persoas participantes, completando así unha proposta que combina deporte, natureza e encontro social. As inscricións para participar nesta actividade están abertas ata o 1 de xullo. Desde a organización animase á veciñanza e ás persoas visitantes a sumarse a esta experiencia, pensada para quen desexe camiñar, respirar aire puro e coñecer mellor o patrimonio de Trabada.

riotorto

Autorizado un novo convenio para a construción da residencia de maiores



O Consello da Xunta deu o visto e prace á sinatura dun novo convenio entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello de Riotorto, destinado a continuar coa colaboración na construción da residencia de maiores. O montante deste acordo é de 275.000 euros para financiar as obras deste equipamento de titularidade municipal. O ente local tamén será o responsable de determinar o modelo de xestión deste servizo residencial. Estes fondos súmanse aos 1,5 millóns de euros xa achegados pola Xunta a esta actuación a través dun convenio anterior e do Plan de investimentos para a cons-

trucción e mellora de residencias, centros de día e centros sociais que dependen dos concellos. En total, o Executivo autonómico inviste preto de 1,8 millóns de euros no financiamento das obras deste novo centro residencial de Riotorto, o que supón practicamente o 100% do seu custo. A residencia contará con 37 prazas e disporá de dúas áreas diferenciadas: unha para espazos e servizos comúns, como lavandaría, comedor ou sala de enfermaría; e outra reservada para os dormitorios. Este recurso reforzará a rede de servizos locais e de proximidade para a atención das persoas maiores.

A Romaxe Viuinga confirma os primeiros espectáculos da IX edición

O Vicedo xa comeza a perfilar a programación da IX edición da Romaxe Viuinga e faino cun primeiro anuncio destacado: a actuación do músico irlandés Tim O'Sullivan, que se converte no primeiro nome confirmado desta nova convocatoria. O artista actuará o sábado 25 de xullo ás 19.00 horas, achegando á celebración sons tradicionais directamente desde Irlanda.

A presenza de O'Sullivan enmárcase nunha edición que volverá converter a praia de San Román e o núcleo do Vicedo nun escenario de recreación histórica inspirado no mundo viuingo e medieval. A festa desenvolverase os días 24 e 25 de xullo e reunirá un amplo programa de actividades dirixidas a todos os públicos.

Entre as novidades da programación figura tamén a participación de Amélie Trotet, chegada desde Nova Caledonia, que ofrecerá o espectáculo de animación "Os Zancos da Natureza". A programación arrancará o venres 24 de xullo coa lectura do pregón e un desfile polas rúas da localidade,



no que viuingos e cristiáns compartirán protagonismo nun primeiro achegamento ao ambiente da festa. Xa o sábado 25, a praia de San Román será o epicentro da celebración, cunha completa posta en escena que incluírá campamentos viuingos e cristiáns, mercado medieval e diversas propostas de animación. Entre os actos máis esperados figura o tradicional desembarco viuingo, previsto para as 12.30 horas, unha recreación histórica que se converteu nun dos sinais de identidade do

evento.

Pola tarde, ademais da animación itinerante en zancos de Amélie Trotet entre as 15.45 e as 19.00 horas, a programación continuará ás 19.00 horas co concerto de Tim O'Sullivan, seguido ás 20.00 horas dun torneo a cabalo. Xa ás 22.30 horas terá lugar o enterramento viuingo, outro dos momentos máis simbólicos da romaxe. A xornada pecharase cun espectáculo musical, nunha fin de semana que combina historia, participación popular e cultura.

O Vicedo acollerá un obradoiro para crear unha casa intelixente

A Aula CeMIT de O Vicedo acollerá durante o mes de xullo o obradoiro Casa Domótica Accesible, unha actividade do programa Girl Steam dirixida a mozos e mozas de entre 8 e 16 anos. A iniciativa pretende achegar a tecnoloxía á rapazada mediante unha experiencia práctica centrada na programación, a automatización e o deseño de espazos intelixentes.

Os participantes traballarán en equipo na creación dunha maqueta dunha vivenda sostible utilizando materiais de uso común e ferramentas tecnolóxicas como placas Arduino. Ao longo da actividade aprenderán a desenvolver sistemas para controlar a iluminación, os accesos ou diferentes mecanismos de alerta, fomentando a creatividade, a innovación e o traballo colaborativo.

O programa desenvolverase en dúas sesións: o 21 de xullo para participantes de 8 a 11 anos e o 22 de xullo para mozos e mozas de 12 a 16 anos. Ambas terán lugar de 10.00 a 14.00 horas. A participación é gratuíta, aínda que as prazas son limitadas e requiren inscrición previa.

O debate sobre a situación da Garda Civil chega ao Senado

A situación do posto da Garda Civil do Vicedo converteuse nun novo foco de confrontación política entre o Partido Popular e o Partido Socialista. Os senadores populares por Lugo José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano rexistraron unha iniciativa no Senado na que solicitan explicacións ao Goberno central e reclaman actuacións inmediatas para reforzar o servizo neste municipio da Mariña.

Segundo o PP, a unidade atravesada unha situación complicada pola falta de efectivos operativos, o que dificultaría a prestación habitual dos servizos de seguridade cidadá. Os populares consideran que este escenario resulta especialmente preocupante nun contexto de aumento da poboación durante o verán, cando o municipio recibe numerosos visitantes e residentes ocasionais.

A través da súa iniciativa parlamentaria, os senadores lucenses piden información sobre as medidas previstas polo Ministerio do Interior para recuperar a plena capacidade do posto e garantir a cobertura axeitada da zona.

A resposta chegou por parte do senador socialista por Lugo César Mogo, quen acusou ao PP de actuar con irresponsabilidade ao facer públicas cuestións relacionadas coa organización interna das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. O representante socialista sostén que os populares están a ofrecer unha visión distorsionada da realidade e defende que os responsables da Garda Civil contan con mecanismos suficientes para reorganizar os servizos e afrontar incidencias.

Mogo asegura ademais que a provincia de Lugo conta actualmente con máis efectivos da Garda Civil que en etapas anteriores e considera que o único obxectivo da iniciativa popular é xerar alarma social. Tamén reclama respecto para os mandos da institución e para a súa capacidade de xestión.

Deste xeito, a situación do posto do Vicedo entra de cheo no debate político provincial, cun intercambio de críticas entre ambas formacións sobre a xestión dos recursos de seguridade.

Volven as rutas guiadas gratuítas para descubrir o patrimonio

O Concello vén de presentar unha nova edición do seu programa de rutas guiadas gratuítas, unha iniciativa coa que se pretende dar a coñecer os principais valores naturais, históricos e paisaxísticos do municipio a través de percorridos organizados ao longo dos próximos meses.

O proxecto aposta por un modelo de turismo tranquilo e sostible, con grupos reducidos e visitas interpretativas que permiten afondar na riqueza ambiental, xeolóxica e patrimonial do territorio. Entre as propostas destaca a ruta do Río Sor, un itinerario homolo-

gado pola Federación Galega de Montañismo que percorre este espazo natural ao longo de nove quilómetros e que é a opción máis esixente do programa. Recoméndase levar equipamento axeitado, auga e comida.

Tamén se inclúen a ruta pola praia de San Román e Moutillós, de gran valor paisaxístico e xeolóxico, e a ruta das Laxes e Xilloi, con vistas destacadas á Illa Coelleira. Cada mes ofreceranse tres saídas, unha por cada percorrido. A participación é gratuíta, pero require inscrición previa no correo rutas-galicianorte@gmail.com.

A Deputación acomete obras en vías clave para as parroquias

A Deputación de Lugo continúa reforzando a rede viaria do Vicedo cun investimento superior aos 460.000 euros, destinado á mellora de varias estradas consideradas estratéxicas para as comunicacións do municipio. A actuación principal céntrase nas vías LU-P-6401, entre Suegos e Falcoeira, e LU-P-6402, que conecta o centro do Vicedo con Cristo de Portapena a través de Cruz da Pardiñeira, cun orzamento próximo aos 330.000 euros. Nestes treitos estase a executar o estendido de aglomerado en quente, melloras no drenaxe e a rehabilitación do ramal que enlaza ambas as estradas, co obxectivo de aumentar a seguridade viaria e facilitar os

desprazamentos entre parroquias e núcleos de poboación. Paralelamente, iniciáronse tamén as obras na LU-P-6405, a estrada que une o Vicedo con Vilasuso e o Alto de Moreiras, onde se renovarán preto de dous quilómetros de vía. Ademais da reposición do firme, acometeranse labores de limpeza e reapertura de cunetas e a renovación da sinalización horizontal. A institución provincial destaca a relevancia desta estrada polo seu valor turístico, xa que dá acceso ao Alto de Moreiras, un enclave con área recreativa e miradoiro sobre a ría do Barqueiro e a Illa Coelleira, moi frecuentado por veciños e visitantes.

ACADEMIA
A Mariña

**MANIPULADOR DE ALIMENTOS
APLICADOR FITOSANITARIOS
BIENESTAR ANIMAL
PROTOCOLOS DE ACOSO
PRERREQUISITOS -APPCC
PROTECCIÓN DE DATOS
FORMACIÓN BONIFICADA**

formacion@amarina.org - Tf.: 982 585 098

Alfoz Limpo: a voz dun grupo que non se resigna a convivir co lixo

O colectivo xurdiu da preocupación polo estado das cunetas e traballa para concienciar á poboación, denunciar a falta de civismo e reclamar unha maior implicación das administracións na conservación do territorio

Por Ana Somoza.

A historia de Alfoz Limpo nace dunha preocupación compartida. O que comezou como unha serie de conversacións entre veciños e amigos sobre o estado das cunetas e dos espazos públicos do municipio acabou converténdose nun proxecto colectivo que busca mellorar a imaxe e a saúde ambiental do territorio. Os impulsores da iniciativa coinciden en que a acumulación de residuos en diferentes puntos de Alfoz foi o detonante que os levou a dar un paso adiante. Segundo explican, a idea xurdiu “a raíz da inxedanza de varios veciños e amigos polo estado das cunetas dalgunhas zonas de Alfoz”. Aquelas reflexións iniciais foron tomando forma ata que atoparon un punto de unión en Eliseo Lorenzo, a persoa que puxo en contacto aos integrantes do grupo e facilitou que a preocupación individual se transformase nunha acción organizada. Desde entón, Alfoz Limpo converteuse nun exemplo de participación cidadá impulsada pola vontade de protexer un patrimonio natural que consideran fundamental para a calidade de vida da veciñanza.

ORGANIZACIÓN. Unha das características que define ao colectivo é a súa forma de funcionamento. Non existe unha estrutura xerárquica tradicional nin cargos que concentren a toma de decisións. Os integrantes apostan por un modelo aberto e participativo no que cada persoa poida contribuír segundo as súas posibilidades. “Somos un grupo sen unha estrutura definida en canto á xerarquía”, explican. A filosofía do colectivo baséase na colaboración e na implicación voluntaria, permitindo que cada integrante participe na medida da súa dispoñibilidade.

Actualmente son oito as persoas que se encargan de organizar as actividades, manter o contacto co Concello e coordinar as diferentes iniciativas. Con todo, insisten en que a entidade está aberta a novas incorporacións e que sería positivo ampliar o número de participantes. Tamén destacan o carácter interxeracional do grupo. Nel conviven persoas de diferentes idades, aínda que consideran necesario sumar tanto xente máis nova como persoas maiores para conseguir unha representación máis ampla da sociedade local.

OBXECTIVOS. O propósito principal de Alfoz Limpo vai moito máis alá da simple retirada de residuos. O colectivo busca promover unha cultura de respecto polos espazos naturais e polos lugares de uso común. “Gustaríanos que a xente que vive ou pasa por este concello respectase os espazos naturais e mantivese a nosa contorna libre de lixo”, sinalan.

Para conseguir este obxectivo apostan pola sensibilización cidadá, pola organización de limpeza periódicas e pola colaboración con outras entidades e institucións. Consideran que a solución ao problema non depende unicamente das actua-

PROBLEMA. A experiencia acumulada durante as diferentes campañas permitiulles coñecer de primeira man a realidade ambiental do municipio e tamén da comarca da Mariña. Segundo indican, os problemas detectados en Alfoz non son moi diferentes dos que poden observarse noutras localidades próximas.

“As cunetas están cheas de latas de cervexa, envoltorios e envases”, explican. Con todo, os residuos atopados van moito máis alá do lixo habitual.

Durante as súas actuacións localizaron cadeiras, sofás, electrodomésticos e mesmo animais mortos. Para



“Preocúpanos que haxa xente que sistematicamente tira lixo nalgunhas zonas, xa que facemos unha limpeza e volven aparecer os mesmos residuos similares nos mesmos lugares”

cións de limpeza, senón tamén dun cambio de actitude por parte dunha minoría da poboación que continúa abandonando residuos en lugares inadecuados.

Ao longo do ano, a principal actividade do colectivo consiste na recollida de lixo en zonas onde se detectan acumulacións importantes de residuos. Actúan independentemente da titularidade da vía ou do espazo afectado, guiándose exclusivamente pola necesidade de recuperar lugares degradados.

os integrantes do colectivo, esta situación evidencia unha falta de civismo por parte dun sector reducido da sociedade que continúa utilizando os espazos públicos como vertedoiros improvisados. O aspecto que máis lles preocupa é a repetición constante destas prácticas. “Facemos unha limpeza e volven aparecer os mesmos residuos nos mesmos lugares”, lamentan. Esta circunstancia provoca frustración entre os voluntarios, que observan como o esforzo realizado



perde parte da súa eficacia debido ao comportamento reincidente dalgunhas persoas.

INSTITUCIÓNS. A relación coas administracións constitúe outro dos asuntos que máis preocupa ao colectivo. Os seus integrantes consideran que a limpeza das estradas e dos espazos públicos debería ser asumida polos organismos responsables de cada vía. Segundo explican, chegou a solicitarse información ao Concello para determinar quen ten a obriga de realizar estas tarefas. A resposta foi que cada ti-

previamente os residuos acumulados. Como consecuencia, as máquinas fragmentan o lixo e dispersan os restos. “Agora o que temos é o mesmo refugallo pero en anacos máis cativos e difíciles de recoller”, explican. Para o colectivo, esta situación evidencia a necesidade dunha planificación máis eficaz das tarefas de mantemento.

FUTURO. A pesar das dificultades, Alfoz Limpo continúa mirando cara adiante. O colectivo recoñece a colaboración prestada polo Concello, que facilita luvas, bolsas e espazos para depositar os residuos recollidos. Tamén admite que un dos pasos pendentes podería ser a constitución formal da asociación para acceder a novas ferramentas e recursos. Nos próximos meses teñen previsto manter reunións coa administración local para coñecer o estado das actuacións solicitadas ao departamento de Medio Ambiente e continuar organizando novas campañas de limpeza.

Ao mesmo tempo, fan un chamamento á participación cidadá. Consideran que toda colaboración resulta útil, xa sexa participando directamente nas recollidas ou contribuíndo a detectar vertedoiros ilegais e zonas degradadas.

“Calquera persoa que colabore, aínda que sexa denunciando un vertedoiro ilegal ou mantendo limpa a contorna da súa casa ou do seu barrio, xa é unha grande axuda”, destacan.

Para os integrantes do colectivo, espazos como o Río Ouro, o Castelo do Castrodouro ou a Fervenza do Escouridal representan exemplos do enorme valor natural que posúe Alfoz. Porén, subliñan que todos os espazos merecen protección, independentemente da súa fama ou atractivo turístico.

A mensaxe final que trasladan á sociedade resume a esencia da súa filosofía. “O medioambiente é a nosa casa, a de todos, e debера respectarse”. Unha reflexión sinxela que serve para lembrar que a conservación do territorio non depende unicamente das administracións ou dos colectivos ambientais, senón tamén dos pequenos xestos cotiáns de cada persoa. Porque, ao seu xuízo, a mellor limpeza é sempre aquela que non chega a ser necesaria.

“A maior parte da poboación está concienciada e usa os colectores e papeleiras correctamente. Tamén se depositan diferentes tipos de residuos no punto limpo”



alfoz do castrodouro

Alfoz celebrará os días 17 e 18 de xullo o XXVI Mercado Medieval de Castrodouro

Alfoz acollerá os días venres 17 e sábado 18 de xullo a XXVI edición do Mercado Medieval de Castrodouro, unha das citas máis emblemáticas do verán na comarca e que cada ano transforma a contorna da Torre Fortaleza nun espazo ambientado na época do Mariscal Pardo de Cela. Durante dúas xornadas, veciñanza e visitantes poderán mergullarse nun ambiente histórico que recrea costumes, oficios e tradicións medievais, ofrecendo unha experiencia que combina patrimonio, lecer e divulgación cultural nun marco considerado único. A celebración desenvolverase arredor da Torre Fortaleza do Mariscal Pedro Pardo de Cela, un enclave que se converte no cen-

tro da actividade e que reforza o atractivo turístico e histórico desta proposta, xa consolidada no calendario festivo da zona. O Concello de Alfoz anima a todas aquelas persoas interesadas en participar a achegarse co seu propio posto ao mercado. Para iso, poden contactar co consistorio no teléfono 982 558 001, co obxectivo de organizar a presenza de artesáns e vendedores durante o evento. O Mercado Medieval de Castrodouro propón así unha viaxe ao pasado, recuperando a figura e a lenda do Mariscal Pardo de Cela e convertendo o recinto nun espazo no que historia e tradición se dan a man nunha contorna singular.

Melloras na Pena Abaladoira para reforzar o turismo sostible e de natureza



O Concello vén de conseguir unha achega económica de 14.985 euros procedente da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia, destinada á mellora da ruta que conecta a Pena Abaladoira coa Fervenza do Escouridal, un dos enclaves naturais máis emblemáticos e visitados do municipio.

O proxecto busca reforzar tanto a conservación do medio como a experiencia das persoas visitantes nun entorno de alto valor ecolóxico pertencente á Serra do Xistral e á Rede Natura 2000.

Entre as intervencións previstas destaca a renovación dos paneis informativos xa existentes, que serán actualizados con novos contidos sobre a paisaxe, a biodiversidade e a xeomorfoloxía da zona. Tamén se instalará un novo panel nun punto

estratéxico da ruta e reforzase a sinalización mediante frechas e indicadores que melloren a orientación durante o percorrido.

O proxecto incorpora ademais ferramentas dixitais, como códigos QR e materiais multimedia, que permitirán acceder a información ampliada sobre o patrimonio natural do entorno. Esta aposta pola tecnoloxía tamén facilitará a divulgación e comprensión dos valores ambientais do espazo, ao tempo que contribúe á súa preservación. A alcaldesa subliñou a importancia desta subvención para continuar impulsando os recursos naturais do municipio. Segundo sinalou, trátase dunha actuación que permitirá mellorar unha das rutas máis representativas de Alfoz, reforzando a información, a accesibilidade e a experiencia das persoas usuarias.

o valadouro

Cen novos puntos de auga reforzan a seguridade fronte a incendios

O Concello do Valadouro puxo en marcha, en colaboración co Distrito Forestal IV, unha iniciativa destinada a mellorar os recursos dispoñibles para a loita contra os incendios forestais e outras situacións de emerxencia. A actuación contempla a instalación de preto de cen bocas de rega distribuídas por diferentes puntos do municipio.

Segundo informou o Concello, unha parte importante destes dispositivos xa foi incorporada ao sistema de control e seguimento establecido para facilitar a súa utilización cando sexa necesario. En concreto, un total de 82 bocas de rega atópanse xeolocalizadas e foron sometidas a comprobacións para garantir o seu correcto funcionamento.

O obxectivo desta actuación é contar cunha rede de abastecemento de auga máis ampla e accesible para os servizos de emerxencia, permitindo reducir os tempos de resposta e mellorar a capacidade



de intervención ante posibles incendios ou outras incidencias que requiran un acceso rápido a recursos hídricos.

A distribución destes puntos por distintas zonas do termo municipal busca optimizar a cobertura do territorio e facilitar o labor dos equipos encargados da extinción e da protección civil. Ademais, a súa

localización precisa permitirá identificar rapidamente os recursos dispoñibles en cada momento.

Desde o Concello destacan a importancia da coordinación entre administracións para impulsar medidas preventivas que contribúan a incrementar a seguridade do municipio e reforzar a capacidade de resposta fronte a situacións de risco.

O Concello avanza en melloras urbanas e infraestruturas con novos investimentos

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, mantivo un encontro co alcalde do Valadouro, José Manuel Lamela, dentro da rolda de visitas aos concellos da provincia, para analizar distintas actuacións financiadas pola Administración autonómica.

Entre os proxectos máis destacados figura a reforma da praza de Santa María, en Ferreira, cun investimento de 153.000 euros da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas. A intervención, xa contratada, conta cun prazo de execución de oito meses e busca mellorar a integración urbana deste espazo público.

Na reunión tamén se abordou a modernización do polideportivo municipal, cunha achega de 60.000 euros destinada a mellorar a súa eficiencia enerxética a través do Fondo de Cooperación Local.

O municipio recibiu ademais 161.800 euros do Fondo de Compensación Ambiental para actuacións como a renovación da iluminación pública e a mellora da xestión de residuos.

Villares destacou a importancia da colaboración institucional para impulsar proxectos que melloren os servizos municipais, os espazos públicos e a calidade de vida da veciñanza no rural.

O PSOE comeza a traballar de cara ás próximas municipais cunha reunión da xestora



O PSdeG de O Valadouro mantivo unha reunión de traballo da súa Comisión Executiva Municipal co obxectivo de avanzar na preparación da candidatura socialista para as eleccións municipais de 2027 e reforzar o proxecto político da agrupación no municipio.

No encontro participaron o presidente da Xestora provincial do PSdeG de Lugo, Lucho Lago; o senador e vogal da Executiva local, César Mogo; o secretario xeral do PSdeG de O Valadouro, Adrián Rego Seijas; o secretario de organización, Alejandro Fernández Reigosa; e a voceira socialista no Concello, María Xosé Barreira Goás.

Durante a reunión, as e os socialistas analizaron a situación actual do municipio e abordaron as principais necesidades

da veciñanza, con especial atención aos servizos públicos, o rural, a actividade económica, a atención ás persoas maiores e as demandas das parroquias. A reunión enmárcase no proceso de fortalecemento das agrupacións locais que a dirección provincial socialista está a desenvolver nos distintos concellos da provincia de Lugo, co obxectivo de reforzar a presenza territorial do PSdeG, impulsar equipos de traballo e preparar as candidaturas para as eleccións municipais de 2027.

As e os socialistas de O Valadouro subliñaron que seguirán traballando nos próximos meses para consolidar un proxecto municipal "aberto, participativo e centrado nas persoas", capaz de ofrecer unha alternativa de futuro para o concello.

O PSdeG acusa o Goberno local de falta de planificación e valora as obras provinciais

O Grupo Municipal Socialista de Xove puxo en valor o papel que está a desempeñar a Deputación de Lugo no desenvolvemento e mantemento das infraestruturas do municipio, ao tempo que intensifica as súas críticas á xestión económica do executivo local. Desde a formación destacan os traballos recentes de limpeza e desbroce nas marxes das estradas provinciais ao seu paso polo concello, unhas actuacións que, segundo apuntan, melloran a seguridade viaria, a visibilidade e a imaxe xeral do municipio coa chegada do verán. Os socialistas tamén salientan o proxecto das Gulpilleiras, na parroquia da Rigueira, cun investimento de 332.887 euros a través do Plan Único, do que máis do 61 % será achegado pola Deputación. Ademais, lembran que está previsto un convenio global de 1,63 millóns de euros ata 2028 para melloras en varias vías, entre elas os tramos Xove–Gulpilleiras, A Tronca–O Tarolo e Xove–Morás. Neste contexto, o PSdeG defen-

de que existe unha colaboración continuada entre administracións e rexeita as críticas do alcalde, ao que acusan de minusvalorar o apoio provincial. Por outra banda, os socialistas aproveitaron o último pleno para cuestionar a xestión económica do goberno municipal, ao que acusan de recorrer de forma recorrente ao remanente de tesourería sen unha planificación a longo prazo. Segundo os datos expostos, o exercicio de 2025 pechouse cun gasto de máis de 9,1 millóns fronte a 5,6 millóns de ingresos, cubertos novamente con fondos de aforro municipal. A formación advertiu tamén da redución progresiva dos remanentes e criticou a falta de investimentos estratéxicos, así como a aprobación dunha modificación de crédito de 544.200 euros. Ademais, puxo o foco en cuestións como o abastecemento de auga, a vivenda e a planificación de servizos básicos, que consideran insuficientemente atendidas polo executivo local.

A Escola de Maiores pecha o curso con recoñecementos



Os alumnos e alumnas da Escola de Maiores do Concello de Xove celebraron a clausura do curso 2025/2026 cun acto no que non faltaron os recoñecementos nin a convivencia entre participantes. A xornada incluíu a entrega de diplomas ao alumnado que completou o programa formativo, nunha cerimonia na que participaron representantes municipais, entre eles o alcalde e a concelleira de Servizos Sociais, encargados de facer entrega dos certificados. Tras o acto institucional, as persoas asistentes compartiron un xantar de confraternización que serviu como peche festivo do curso. Paralelamente, o Servizo de Edu-

cación Familiar do Concello anunciou a continuidade da actividade formativa a través dun novo Obradoiro de Memoria e Estimulación Cognitiva dirixido a persoas maiores de 60 anos. Esta proposta desenvolverase ata o 23 de xullo e ten como obxectivo reforzar as capacidades cognitivas e o benestar emocional deste colectivo. O prazo de inscrición xa está aberto e permanecerá activo ata completar as prazas dispoñibles. Desde o Concello destacan a boa acollida deste tipo de iniciativas, que buscan fomentar o envellecemento activo e ofrecer espazos de aprendizaxe e socialización para a veciñanza de maior idade.

Excursións, campamentos e obradoiros protagonizan o verán

O Concello vén de presentar a súa programación de verán, unha ampla oferta de actividades coa que busca dinamizar os meses estivais e ofrecer alternativas de lecer, formación e deporte para toda a veciñanza, desde a infancia ata as persoas maiores. O programa inclúe varias liñas de actuación. Unha das principais está dirixida á conciliación familiar, destinada a nenos e nenas desde 4º de Infantil ata 4º de Primaria. Desenvolverase de luns a venres, en horario de mañá, ata o 4 de setembro, con actividades de entretemento e convivencia e prazas limitadas. Para o alumnado de 4º de Primaria ata 4º da ESO mantéñense as coñecidas “Mañás Activas”, que funcionarán ata o 28 de agosto, de 10.00 a 14.00 horas. O prezo será de 20 euros por quincena e incluírá propostas complementarias como parques de aventura, paintball, karting en Arifran, actividades acuáticas de SUP e Big SUP, ademais dun campamento en Morás. Todas estas opcións requi-



ren inscrición previa. A oferta xuvenil complétase con saídas especiais para mozos e mozas a partir de 1º da ESO, entre as que destacan unha excursión ao Aquapark de Cerceda o 1 de agosto e outra ao Urban Planet de Oleiros e ao lago das Pontes o 12 de agosto. As prazas serán limitadas e xestionaranse a través da Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX). No ámbito deportivo, o Concello organiza un calendario de actividades

durante xullo e agosto con propostas como adestramentos de forza para maiores de 15 anos, ximnasia de mantemento, pilates e cursos de pádel para diferentes idades, incluíndo iniciación para nenos a partir de seis anos. Desde o Concello recoméndase realizar as inscricións con antelación debido á limitación de prazas e anima á veciñanza a participar nunha programación pensada para promover un verán activo e saudable.

O concurso fotográfico ambiental xa ten gañadores nas súas tres categorías



Déronse a coñecer os nomes das persoas premiadas no concurso medioambiental de fotografía “Cal é o teu lugar preferido de Xove?”, unha iniciativa que convidou á veciñanza a compartir imaxes de espazos significativos do municipio acompañadas das súas descricións. Tras o recuento das interaccións recibidas, xa se coñecen as fotografías que acadaron un maior respaldo en cada unha das categorías establecidas polo certame. Na modalidade infantil, a imaxe máis valorada foi a presentada por David Burgos Peloeiro baixo o título O último cura de Santirso. A fotografía está acompañada dun relato que fai referencia á lenda dun antigo sacerdote que,

segundo a tradición popular, continuaba gardando un vello libro entre as ruínas de Santirso á espera de que alguén recuperase a súa memoria e a súa historia. Na categoría júnior, o recoñecemento recaeu en Marcos Mariño Ferrer coa fotografía titulada Cascada, unha instantánea realizada nun salto de auga situado nas proximidades do cemiterio da Rigueira. Pola súa banda, na categoría de adultos resultou gañadora Begoña Amor Ruiz coa obra Conducindo hacia la noche. A autora retrata un solpor en Esteiro, unha escena que, segundo a descrición achegada ao concurso, transmite unha sensación de calma e tranquilidade.

A escola de natación impulsa unha nova campaña formativa

A Escola de Natación Bartoliño pon en marcha unha nova edición dos seus cursos de verán, que se desenvolverán durante os meses de xullo e agosto coa finalidade de fomentar a aprendizaxe e a práctica da natación entre os máis novos. A oferta formativa está dirixida a diferentes franxas de idade e niveis. Polas mañás organizaranse os Cursos Pequenos, destinados a nenos e nenas de 2, 3 e 4 anos. As sesións darán comezo ás 10.45 horas e estarán orientadas a favorecer o primeiro contacto coa auga nun ambiente adaptado ás necesidades dos máis pequenos. Pola tarde será a quenda dos Cursos de Nivel, que arrancarán a partir das 19.15 horas. Nesta modalidade, os participantes distribuiranse segundo o seu grao de aprendizaxe, establecéndose os niveis Branco, Amarelo, Verde, Azul e Vermello, o que permitirá adaptar os exercicios e contidos á evolución de cada alumno. Desde a organización destacan que esta iniciativa busca combinar actividade física, aprendizaxe e diversión durante o período estival, ofrecendo unha alternativa de lecer saudable para a infancia e a mocidade. Ademais, os cursos contribúen a mellorar a seguridade no medio acuático, a coordinación e a confianza persoal dos participantes.

50 anos de aulas, lembranzas e futuro no CEIP Pedro Caselles

O centro educativo celebra o seu aniversario reivindicando a educación pública, a innovación e o vínculo coa comunidade como sinais de identidade

Por Ana Somoza.

O CEIP Pedro Caselles Rollán de Xove chega ao seu 50 aniversario convertído nun dos centros educativos máis representativos da comarca. Desde que abriu as súas portas en febreiro de 1976, o colexio foi moito máis ca un espazo de aprendizaxe académica. Ao longo destas cinco décadas converteuse nun lugar de encontro para centos de familias, nun motor cultural para o municipio e nun símbolo da evolución educativa experimentada por varias xeracións de xovenses. O equipo docente do centro recoñece que cumprir medio século de historia “é un motivo de orgullo colectivo” e tamén unha oportunidade para facer balance dun camiño no que participaron “xeracións de profesorado, alumnado e familias que fixeron do centro un referente educativo e humano no concello”. A celebración chega, ademais, nun momento no que o colexio continúa apostando pola innovación, pola inclusión e pola adaptación aos novos retos sociais e tecnolóxicos.

ORIXES. Cando o CEIP Pedro Caselles Rollán iniciou a súa actividade, Xove vivía unha realidade educativa moi diferente á actual. A creación do centro supuxo a agrupación das antigas escolas unitarias dispersas polo municipio, un cambio que marcou un antes e un despois na organización do ensino local. O profesorado actual considera aquel paso como “un dos fitos máis importantes” da súa historia, xa que permitiu centralizar recursos e ofrecer unha educación máis estruturada ao alumnado do concello.

Desde aquela primeira etapa ata hoxe, o colexio atravesou múltiples transformacións. As aulas cambiaron, os métodos evolucionaron e tamén o papel do profesorado e do alumnado dentro do proceso educativo. O centro lembra que se pasou “dun modelo máis tradicional a metodoloxías activas, centradas no alumnado”, unha evolución na que o traballo cooperativo, a participación e o pensamento crítico gañaron protagonismo.

A integración das novas tecnoloxías foi outro dos grandes cambios destas décadas. O CEIP Pedro Caselles Rollán consolidouse como centro plurilingüe e tamén como centro EDixgal, incorporando recursos dixitais e novos espazos de aprendizaxe. Segundo explica o equipo docente, os recursos actuais permiten crear “espazos máis flexibles e motivadores”, adaptados ás necesidades do alumnado contemporáneo.

CAMBIOS. Os corredores do centro gardan historias de varias xeracións que creceron entre as súas paredes. O profesorado fala dun colexio que soubo adaptarse ao paso do tempo sen perder a súa esencia. “A cercanía, o compromiso, a inclusión e o traballo en equipo” son, ao seu xuízo, os valores que mellor definen

xa que permitiu manter “un vínculo moi especial co centro”.

As lembranzas acumuladas nestas cinco décadas son innumerables. O equipo docente destaca “amizades que naceron nas aulas e perduran no tempo”, así como o recordo de mestres e mestras que deixaron “unha fonda pegada” entre o alumnado. As



a identidade do CEIP Pedro Caselles Rollán ao longo destes cincuenta anos.

Ese espírito de proximidade mantívose incluso nos momentos de transición educativa. Un dos episodios máis lembrados polo centro foi a implantación da LOXSE, cando o alumnado de 7º e 8º pasou ao instituto pero continuou utilizando servizos do colexio como o comedor ou o transporte escolar. O profesorado lembra aquel período como “un momento especialmente lembrado”,

excursións, os festivais, os proxectos colectivos ou as celebracións escolares forman parte dunha memoria compartida que continúa viva entre antigos estudantes e docentes.

COMUNIDADE. Un dos aspectos que o centro reivindica con máis forza é o seu papel como eixo vertebrador da vida social e cultural de Xove. O CEIP Pedro Caselles Rollán non se limita á actividade lectiva diaria, senón que participa activamente na dinamización do municipio a través



de múltiples iniciativas.

“O centro sempre foi un espazo de encontro, convivencia e dinamización comunitaria”, sinala o profesorado. Moitas das actividades educativas e culturais promovidas desde o colexio contan coa participación da veciñanza e das familias, reforzando o vínculo entre a escola e o entorno social.

Nesa conexión co municipio tamén ten especial importancia a colaboración co Concello e coa Escola Municipal de Música. O centro participa habitualmente en proxectos e iniciativas culturais que permiten ampliar a experiencia educativa do alumnado máis alá das aulas.

O papel das familias é outro dos piares fundamentais desta historia. O equipo docente destaca que a implicación da ANPA e dos pais e nais foi esencial ao longo destas décadas. “Son un piar básico no funcionamento do centro”, explican, subliñando que colaboran activamente en actividades, apoian iniciativas e contribúen a crear “un ambiente educativo positivo e participativo”.

PLURILINGÜISMO. A aposta polo plurilingüismo converteuse nunha das características máis representativas do centro nos últimos anos. O profesorado explica que este modelo educativo se foi consolidando “progresivamente grazas ao esforzo do profesorado e á implicación das familias”.

Para o CEIP Pedro Caselles Rollán, aprender diferentes linguas vai moito máis alá dunha cuestión académica. O centro considera que este enfoque permite mellorar as competencias lingüísticas do alumnado, pero tamén “abrir portas a outras culturas” e preparar os estudantes para “un mundo globalizado”.

Esta evolución pedagóxica acompaña dunha visión educativa centrada na inclusión e na atención á diversidade. O profesorado insiste en que un dos principais retos actuais consiste precisamente en seguir avanzando nesa dirección. Adaptarse aos cambios sociais e tecnolóxicos sen perder a esencia do centro é outro dos desafíos que identifican para os próximos anos.

Os docentes recoñecen que a escola actual debe responder a realidades moito máis complexas ca as de hai medio século. Por iso consideran fundamental continuar innovando e incorporando novas ferramentas e metodoloxías que permitan ofre-

cer unha educación de calidade para todo o alumnado.

ANIVERSARIO. A celebración do 50 aniversario terá o seu momento central o próximo 23 de maio cunha xornada especial aberta á comunidade educativa e á veciñanza. O programa incluírá un acto institucional, actuacións musicais, momentos de convivencia e diferentes recoñecementos. Desde o centro explican que o obxectivo é “compartir lembranzas e reforzar vínculos” entre todas as persoas que formaron parte da historia do colexio. A cita pretende converterse nun reencontro interxeracional no que antigos alumnos, profesorado e familias poidan revivir experiencias e recordar momentos compartidos. O aniversario tamén servirá para render homenaxe ás persoas que contribuíron ao crecemento do centro ao longo destas cinco décadas. O equipo docente insiste en que esta historia non se entendería sen o esforzo colectivo de toda a comunidade educativa.

FUTURO. A pesar da importancia simbólica destes cincuenta anos, no CEIP Pedro Caselles Rollán prefiren mirar cara ao futuro sen perder de vista o camiño percorrido. O profesorado imaxina un centro “vivo, innovador e aberto á comunidade”, capaz de seguir formando persoas “competentes, críticas e comprometidas”.

Tamén consideran prioritario continuar fortalecendo a atención á diversidade e garantir “unha educación inclusiva e de calidade para todos e todas”. Esa combinación entre innovación e proximidade aparece como a gran meta para as próximas décadas.

Con esta celebración, o centro que se traslada unha mensaxe especial ás antigas alumnas e alumnos, así como a todo o profesorado que pasou polas súas aulas. “Este aniversario tamén é deles”, afirma o equipo docente, convencido de que cada xeración contribuíu a construír a identidade do CEIP Pedro Caselles Rollán. A invitación é clara: seguir mantendo vivo o vínculo co colexio e continuar facendo do centro un punto de encontro para Xove. Porque, cincuenta anos despois da súa apertura, o CEIP Pedro Caselles Rollán segue entendendo a educación como unha tarefa colectiva, construída día a día entre alumnado, familias, docentes e comunidade.

A vila avanza na creación de 11 vivendas públicas coa recuperación de edificios

Mondoñedo continúa a avanzar na recuperación do seu patrimonio urbano e na ampliación da vivenda pública coa posta en marcha dunha nova actuación na rúa Febrero, no número 30, onde xa se iniciaron as obras de rehabilitación dun inmovible que será transformado nunha vivenda de promoción pública. A intervención foi visitada polo delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, e forma parte dun proxecto máis amplo que prevé a creación de once vivendas públicas no municipio. Neste caso, o edificio acollerá unha vivenda de dúas plantas con dous dormitorios, 83,4 metros cadrados útiles e un patio exterior de 16,4 metros cadrados no que se conservará unha pequena estrutura auxiliar. O investimento supera os 280.000 euros. Esta actuación intégrase nun contrato adxudicado en marzo por máis de 2,8 millóns de euros, destinado á recuperación de seis inmo- bles do casco histórico mindonien- se. O obxectivo é habilitar un total de dez vivendas públicas, ás que se

suma outra xa en execución na rúa Peña de Francia. Entre os proxectos incluídos figu- ra a rehabilitación dun edificio na praza Muíños de Arriba, que se converterá nunha vivenda con ro- cho; a intervención nos números 7 e 9 da rúa Guevara, onde se crea- rán catro vivendas e catro espazos de almacenaxe; e a reforma dun inmovible na rúa Álvaro Cunqueiro para outras dúas vivendas. Tamén se contemplan melloras nun edifi- cio da rúa Progreso, con reforzo es- trutural e actuacións de eficiencia enerxética. Paralelamente, avanza as obras na rúa Peña de Francia, onde se habilita unha vivenda para alu- gueiro de menores de 36 anos cun investimento próximo aos 300.000 euros. Segundo explicou Villares, todas estas actuacións enmárcanse no programa Rexurbe, que combina recuperación patrimonial e acceso á vivenda, e que converteu Mon- doñedo no primeiro municipio galego cunha Área Rexurbe decla- rada en 2020.

O PSOE acusa ao PP de deixar perder unha subvención europea

O Grupo Municipal do PSOE de Mondoñedo criticou con dureza ao Goberno local do PP tras co- ñecerse no último pleno a de- volución dunha subvención de 650.000 euros procedente dos fondos europeos Next Genera- tion EU, destinada á rehabilita- ción de edificios residenciais e á mellora de espazos públicos dentro do Programa de Axuda ás Actuacións de Rehabilitación a Nivel de Barrio, incluído no Plan de Recuperación. Segundo explicou o alcalde en resposta a unha pregunta socia- lista, a axuda tivo que ser rein- tegrada porque non se presen- taron solicitudes para acceder ás subvencións. Porén, o PSOE atribúe esta situación á falta de planificación e difusión por par- te do Executivo municipal, ao considerar que non se realizaron campañas informativas nin reu- nións coa veciñanza para expli- car o programa. Os socialistas denuncian que a única publicidade foi a publica- ción das bases no Boletín Ofi- cial da Provincia cando o prazo xa estaba próximo a finalizar, o



que, ao seu xuízo, limitou a par- ticipación cidadá. Para o grupo da oposición, a perda destes fondos supón unha oportuni- dade desaproveitada para mellorar o parque residencial e dinamizar a economía local. Ademais, sina- lan que os recursos permanece- ron nas contas municipais desde xullo de 2023 sen executarse ac- tuacións. No pleno, o Goberno local indi- cou que se mantiveron contactos coa Xunta para intentar reorien- tar os fondos, aínda que o PSOE lembra que, ao tratarse de re-

curso europeos finalistas, a re- nuncia implica o seu reintegro segundo a normativa vixente. Os socialistas tamén repasaron o cronograma da axuda, desde a solicitude en 2022 ata a renuncia formal en maio de 2026. Ademais, o grupo socialista for- mulou outras cuestións, como información sobre un convenio con Norvento para a mellora dunha pista rural e reclamacións de limpeza, mantemento de es- pazos públicos e actuacións en edificios e infraestruturas muni- cipais.

A Asociación Nenea abre unha nova etapa coa súa chegada

A Asociación Sociocultural Nenea, medrar creando, presentou oficialmente a súa chegada a Mon- doñedo, onde establecerá a sede do seu Laboratorio Formativo. Este paso supón unha nova etapa para a entidade, que tras máis dunha década de traballo en educación na natureza reforza a súa presenza na comarca e amplía a súa activi- dade no ámbito da formación e da innovación pedagóxica. O novo espazo pretende conver- terse nun punto de referencia para profesionais da educación, familias e persoas interesadas en metodoloxías alternativas vincu- ladas ao medio natural. Nel des- envolveranse accións formativas, servizos de asesoramento peda- góxico e propostas de aprendizaxe baseadas no intercambio de expe- riencias. Desde Nenea sinalan que a elec- ción de Mondoñedo responde ao seu compromiso de impulsar proxectos de transformación edu- cativa e desenvolvemento comu- nitario, mantendo a filosofía coa que naceu a asociación.

Finalizan os traballos en camiños rurais de Tronceda e Os Lamegos



O Concello concluíu os traballos de acondicionamento dos accesos a parcelas agrícolas nos lugares de Tronceda e Os Lamegos, no mu- nicipio de Mondoñedo, no marco do Plan Camiña Rural 2025-2026. A actuación, financiada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural con 84.873 euros, busca mellorar a mobilidade e a seguridade nas zonas rurais. As obras centráronse na renovación de camiños moi deteriorados polo paso do tempo, o tránsito habitual e as condicións meteorolóxicas dos últimos anos. Segundo o Goberno local, os traballos sufriron atrasos debido ás intensas choivas do inver-

no, que dificultaron a execución en varios puntos do municipio. O alcalde, Manuel Otero, valorou positivamente a finalización dunha intervención demandada pola veciñanza, destacando a súa im- portancia para facilitar o acceso ás explotacións agrarias e mellorar o mantemento das infraestruturas ru- rais. O rexedor explicou ademais que o mal tempo tamén condiciona outras obras viarias previstas, aínda que confía en que os proxectos en mar- cha poidan estar rematados antes de outubro. Estas actuacións forman parte dun programa municipal de re- novación de camiños rurais, ao que se sumarán novas intervencións.

Mondoñedo recuperará o ambiente da Idade Media cunha gran cea temática

A programación de Mondoñedo Medieval volverá ofrecer este verán unha das actividades máis agardadas polos participantes na festa histórica: a Gran Cea Me- dieval, un evento que permitirá aos asistentes mergullarse no ambiente da vila durante a Idade Media a través da gastronomía, a recreación histórica e o lecer. A convocatoria terá lugar o ven- res 7 de agosto, a partir das 22.00 horas, no Centro de In- terpretación do Camiño Norte- Alcántara, un espazo que será transformado para recrear a at- mosfera propia das celebracións medievais que caracterizan este evento consolidado no calenda- rio cultural mindonien- se. A organización prevé unha ve- lada na que a decoración, a am- bientación e a participación do público xogarán un papel des- tacado. As persoas asistentes deberán acudir con vestimenta inspirada na época medieval, contribuíndo así a reforzar a re- creación histórica que cada ano

acompaña as actividades de Mondoñedo Medieval. A cea estará acompañada por di- ferentes propostas de animación e espectáculos, co obxectivo de converter a noite nunha expe- riencia inmersiva na que non faltarán referencias á historia e ás tradicións da antiga cidade episcopal. As entradas para participar nes- ta actividade poranse á venda a partir do 12 de xullo nos puntos habituais habilitados pola orga- nización. As prazas serán limi- tadas, polo que se agarda unha importante demanda para unha das citas máis singulares do pro- grama festivo. A Gran Cea Medieval forma par- te das numerosas actividades que cada ano converten Mon- doñedo nun escenario histórico ao aire libre, atraendo visitantes de diferentes puntos de Galicia e doutros lugares interesados en coñecer e vivir de preto unha das recreacións medievais máis recoñecidas da comunidade.

A Rapa das Bestas regresa con dous días de festa e exhibicións

A Pontenova volverá converterse este verán nun punto de encontro para os amantes da tradición ecuestre coa celebración da III Rapa das Bestas, unha cita que terá lugar os días 17 e 18 de xullo e que ofrecerá un amplo programa de actividades arredor do cabalo de pura raza galega.

A programación arrancará o venres 17 cunha proposta gastronómica destinada a promocionar un dos produtos máis vencellados ao patrimonio equino galego. Os veciños e visitantes poderán degustar de balde mini hamburguesas elaboradas con carne de cabalo de pura raza galega en varios establecementos hostaleiros da vila, entre eles a Cafetería da Casa da Cultura, O Lar de Balbina, Bar Barreiros, Rony Bar e a Sidrería A Mina.

A xornada inaugural completárase coa celebración dun sorteo que terá lugar ás 00.30 horas no Rony Bar, poñendo o peche a unha primeira noite marcada polo ambiente festivo e a participación da veciñanza.



O prato forte chegará o sábado 18 no Alto de Neipín, escenario principal dunha celebración que busca poñer en valor a tradición da rapa das bestas e o vínculo histórico da comarca co mundo do cabalo.

A partir das 11.30 horas está prevista a entrada dos animais ao curro, un dos momentos máis agardados polos asistentes. Posteriormente, ás 13.30 horas, celebrarase unha sesión vermú amenizada por DJ Bombarde-

ro. Xa pola tarde, ás 16.30 horas, o programa continuará cunha demostración de doma de cabalos e unha exhibición ecuestre na que tamén participará a escola de baile Magic Dance, ofrecendo un espectáculo pensado para todos os públicos.

A xornada completárase cunha comida popular cun prezo de 35 euros por persoa. A organización informou de que as reservas poden realizarse a través do teléfono 633 913 204.

Abertas as inscricións para o campamento de verán

O Concello puxo en marcha o prazo de inscrición para participar no campamento de verán 2025, unha proposta dirixida á infancia que busca combinar diversión, aprendizaxe e conciliación familiar durante as vacacións estivais. A actividade desenvolverase entre o 13 de xullo e o 14 de agosto, en horario de 10:00 a 14:00 horas, de luns a venres, converténdose nunha alternativa para que as familias poidan contar cun recurso de lecer educativo durante as semanas de descanso escolar. O programa está destinado a nenas e nenos con idades comprendidas entre os 3 e os 14 anos e contará cun máximo de 50 participantes. As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición, polo que desde a organización recoméndase realizar os trámites dentro do prazo establecido para garantir a participación.

Ao longo do campamento, os menores poderán gozar de propostas adaptadas ás distintas

idades, combinando xogos, actividades deportivas, obradoiros e experiencias pensadas para fomentar a creatividade, a convivencia e o traballo en equipo. O obxectivo é ofrecer un espazo seguro e dinámico no que os participantes poidan relacionarse, adquirir novos coñecementos e aproveitar o tempo libre dun xeito activo.

As tarifas establecidas diferencian entre persoas empadroadas e non empadroadas no municipio. O prezo semanal será de 20 euros para os participantes empadroados e de 30 euros para os non empadroados. No caso de optar pola asistencia durante un mes completo, o custo será de 80 e 120 euros respectivamente.

As inscricións permanecerán abertas ata o 10 de xullo e deberán formalizarse na Casa do Concello. Ademais, as persoas interesadas poden obter información adicional a través do teléfono municipal 982 34 22 77.

ourol

Un obradoiro ensinará a dar unha segunda vida á roupa

A Biblioteca Municipal converterase o vindeiro 8 de xullo nun espazo para a creatividade e a sustentabilidade coa celebración dun obradoiro práctico de reutilización téxtil destinado a persoas adultas. A iniciativa busca fomentar hábitos de consumo responsables e ofrecer ferramentas para aproveitar prendas en desuso, transformándoas en pezas renovadas e funcionais. A actividade desenvolverase a partir das 10.30 horas e permitirá

aos participantes coñecer distintas técnicas para modificar, reparar ou personalizar roupa vella, contribuíndo así a prolongar a súa vida útil e reducir a xeración de residuos téxtiles.

Desde a organización destacan que este tipo de propostas combinan aprendizaxe práctica e conciencia ambiental, ao tempo que promoven a creatividade e a reutilización de materiais que habitualmente acabarían descartados.

A Ruta Indiana abre o prazo de inscricións a partir do 20 de xullo

O Concello vén de anunciar a próxima edición da Ruta Indiana 2026, unha proposta que combina patrimonio, historia e turismo cultural e que xa forma parte da programación habitual do municipio. Co obxectivo de ir preparando a actividade, o consistorio informou de que as inscricións se abrirán a partir do 20 de xullo a través da páxina web oficial www.concello-deourol.es, facilitando así o acceso a todas as persoas interesadas en participar nesta experiencia.

A Ruta Indiana converteuse nos últimos anos nunha iniciativa de referencia para dar a coñecer o legado histórico e arquitectónico vinculado á emigración e á pegada indiana na zona, atraendo tanto a veciñanza como a visitantes doutros lugares.

vegadeo

Vegadeo acollerá unha xornada sobre prevención de incendios forestais e urbanos

O programa de Xornadas de Sensibilización, Prevención e Auto-protección fronte aos Incendios Forestais na Interface Urbano-Forestal (IUF) continuará durante todo o mes de xullo cun percorrido por diferentes concellos asturianos para achegar á cidadanía ferramentas e coñecementos que contribúan a reducir o risco de incendios e mellorar a capacidade de resposta ante posibles emerxencias.

As sesións están dirixidas á veciñanza e abordarán cuestións como o significado da interface urbano-forestal e os riscos que presenta, as medidas de prevención e autoprotección en vivendas, leiras e núcleos rurais, así como as pautas básicas de actuación no caso de declararse un incendio. Ademais, presentárase o programa de xornadas prácticas que se desenvolverá posteriormente en distintos núcleos rurais e habilitarase un espazo para resolver dúbidas e recoller achegas das persoas asistentes.

O calendario previsto para xullo comezará o 7 de xullo a Salas, no Mosteiro de Cornellana; o 8 de xullo a Proaza, na Casa del Oso; e o 9 de xullo a Mieres, no Campus Universitario, edificio de investigación, salón de actos.

A programación continuará o 15 de xullo en Parres, na Casa da Cultura Benito Pérez Galdós de Arriendas; o 16 de xullo en San Martín del Rey Aurelio, na Casa da Xuventude de Sotondio; o 22 de xullo en Villaviciosa, no Ateneo Obreiro; e rematará o 23 de xullo en Cabrales, no Centro Cultural Casa Bárcena de Carreña.

Estas xornadas están organizadas en colaboración co Principado de Asturias, o Servizo de Emerxencias do Principado de Asturias (SEPA) e o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, co obxectivo de fomentar a cultura da prevención e reforzar a seguridade da poboación fronte ao risco de incendios forestais.

A Veiga Rock IX reunirá unha noite de stoner, punk e folk

Vegadeo acollerá este verán unha nova edición do A Veiga Rock, que celebrará a súa novena entrega o sábado 1 de agosto de 2026 no recinto feiral da localidade asturiana. O festival consolídase como unha das citas musicais de referencia do verán no occidente asturiano, reunindo público afeccionado á música alternativa e en directo.

A organización confirmou un cartel caracterizado pola variedade de estilos, con propostas que abranguen o stoner, punk, folk, hardcore, metal e fusións con ritmos como a cumbia. O grupo principal será El Reno Renardo, coñecido pola súa mestura de humor e metal. Completarán o cartel Amarradizo, Onza e True Mountains, nunha programación pensada para atraer tanto ao público habitual do festival como a novas xeracións.

Os concertos comezarán ás 21:00 horas e a entrada será gratuíta, unha das características máis destacadas do evento desde os seus inicios. Desde a organización subliñan o ambiente festivo e de convivencia que rodea cada edición e animan a asistir a unha cita que, segundo aseguran, “quen vén, sempre repite”.

Promoven un verán de ocio diferente para a mocidade coas "Noites Alternativas"

A Asociación Guillem Veiga Iglesias, coa colaboración da Área de Mocidade da Vicepresidencia da Deputación e do Concello, impulsará este verán "Noites Alternativas", un programa pensado para ofrecer novas formas de lecer á mocidade. A proposta nace co obxectivo de crear un espazo de encontro no que os mozos e mozas poidan relacionarse, compartir experiencias e desenvolver a súa creatividade a través de actividades culturais e artísticas. O programa desenvolverase ao longo dos meses de xullo e agosto e converterá as noites dos xoves nun punto de referencia para rapaces e rapazas de entre 13 e 18 anos procedentes da comarca. Entre as actividades previstas figuran obradoiros vinculados ao rap e á cultura urbana, sesións de grafiti e expresión artística, así como diferentes propostas lúdicas baseadas na cooperación e nos retos en grupo. As organizacións implicadas destacan que estas iniciativas buscan favorecer a interacción entre a mocidade ao tempo que fomentan habilidades creativas e de traballo colectivo.

O PSOE impulsa un novo servizo de atención podolóxica para os maiores

O grupo socialista do Concello de Barreiros, a través da área de Servizos Sociais dirixida pola tenente de alcaldesa e concelleira Carmen Veiga, porá en marcha nos próximos meses un novo servizo de podoloxía destinado principalmente ás persoas maiores do municipio. A iniciativa enmárcase na estratexia do PSOE local para reforzar a atención social e ampliar os recursos dirixidos á veciñanza con máis necesidades. O proxecto será posible grazas a un convenio de colaboración coa Deputación de Lugo, dotado con algo máis de 40.000 euros, e terá vixencia ata o ano 2028. O acordo contempla a mellora dos medios materiais dos Servizos Sociais municipais mediante equipamento informático e de oficina, como ordenadores, arquivos e unha cadeira hidráulica, así como a creación dun servizo de podoloxía mediante a contratación dun profesional especializado.

Este recurso estará dirixido prioritariamente ás persoas maiores



de 65 anos empadroadas no municipio, aínda que tamén poderán acceder pacientes derivados desde o centro de saúde por patoloxías como a diabetes ou persoas en situación de vulnerabilidade social. A xestión das citas realizarase a través dos Servizos Sociais e o servizo desenvolverase entre 2026 e 2028.

Desde o PSOE de Barreiros destacan a importancia do coidado dos pés para manter a mobilidade, a autonomía e a calidade de vida das persoas maiores, e lembran o reforzo recursos sociais municipais.

A Deputación reforza a conservación das estradas ante a chegada do verán

A rede viaria provincial continúa a recibir actuacións de conservación e mellora dentro do plan impulsado pola Deputación de Lugo para preparar as estradas de cara ao incremento de tráfico propio da tempada estival. Os últimos traballos desenvóléronse en varias vías do municipio co obxectivo de mellorar a seguridade da circulación e garantir un correcto estado das infraestruturas.

Os operarios do Parque Móvil provincial finalizaron recentemente as tarefas de limpeza de cunetas na estrada LU-P-0609 ao seu paso pola parroquia de San Xusto de Cabarcos, nun tramo que alcanza os primeiros 2,3 quilómetros da vía. Tamén se realizaron actuacións na LU-P-6103, que comunica os concellos de Barreiros e Trabada, onde se acondicionou un sector de aproximadamente 300 metros.

Estas intervencións permiten optimizar a evacuación das augas pluviais, contribuír á conservación do firme e mellorar as condicións de seguridade para os usuarios. Ademais, forman parte



dunha estratexia de mantemento preventivo destinada a prolongar a vida útil das estradas e evitar deterioros de maior envergadura.

Unha vez concluídos estes traballos, a maquinaria provincial continuará actuando en diferentes pistas rurais do municipio para mellorar a súa funcionalidade e facilitar os desprazamentos da veciñanza.

As tarefas de conservación compméntanse cun importante esforzo investidor realizado nos últimos anos pola Deputación.

O BNG denuncia a persistencia das barreiras arquitectónicas

As xornadas sobre saúde e benestar que organizará a Asociación Valdeflores en Lourenzá volveron situar no debate público a cuestión da accesibilidade nos edificios municipais. O BNG considera que resulta incoherente programar actividades abertas a toda a cidadanía nun espazo que, segundo denuncia, continúa presentando importantes barreiras arquitectónicas para as persoas con mobilidade reducida. A formación nacionalista valora positivamente a iniciativa impulsada por Valdeflores, centrada na promoción de hábitos saudables e no benestar da poboación, pero critica que o Salón de Actos do Concello, escenario das conferencias, siga sendo de difícil acceso para usuarios de cadeiras de rodas, persoas que empregan bastón ou veciños con dificultades de mobilidade. Segundo sinalan, a presenza de varios tramos de escaleiras e a ausencia de ramplas ou medios mecánicos impiden unha accesibilidade plena.

O BNG lembra ademais que no ano 2022 o goberno local anunciou actuacións para eliminar estas barreiras, aínda que considera que os compromisos adquiridos continúan sen executarse. A situación, aseguran, afecta tamén a outros servizos municipais como as oficinas do Concello e a biblioteca.

Por este motivo, os nacionalistas insisten na necesidade de habilitar unha partida económica específica para solucionar o problema, buscar financiamento doutras administracións e contar coa opinión das persoas afectadas á hora de deseñar as actuacións.

As xornadas desenvóléronse os días 28 de xuño e 2 de xullo e abordaron cuestións relacionadas coa hipertensión, a diabetes, o autocuidado e o envellecemento activo. Para o BNG, estas actividades evidencian tamén a importancia de garantir que toda a veciñanza poida acceder en igualdade de condicións á programación municipal.

O PP recorre á Valedora do Pobo pola falta de plenos ordinarios

O Grupo Municipal Popular de Lourenzá presentou unha queixa formal ante a Valedora do Pobo na que denuncia a ausencia de plenos ordinarios no Concello nos últimos meses e reclama que se restableza o calendario establecido pola normativa municipal e polo acordo de organización aprobado ao inicio do mandato.

Segundo explicou o portavoz popular, Roberto Díaz, o Concello non celebra unha sesión ordinaria desde o pasado mes de novembro, a pesar de que estaba fixada a súa periodicidade para o terceiro xoves dos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro. Os populares aseguran que tampouco se convocaron as sesións correspondentes aos meses de xaneiro, marzo e maio deste ano.

A formación considera que esta



situación supón un incumprimento dos acordos plenarios vixentes e afecta ao funcionamento normal da institución, ao reducir as posibilidades de debate e control da acción de goberno por parte da oposición. Ademais, sinalan que a falta de plenos ordinarios tamén incide na transparencia e no acceso da veciñanza á infor-

mación sobre os asuntos municipais.

Roberto Díaz xustificou a decisión de acudir á Valedora do Pobo como unha vía institucional para corrixir esta situación, ao entender que os plenos son unha ferramenta esencial para a fiscalización da xestión municipal, a presentación de iniciativas e a atención ás demandas cidadás. O PP de Lourenzá solicita que a institución autonómica inste ao goberno local a retomar o calendario de sesións e a convocar os plenos pendentes, co obxectivo de recuperar a normalidade institucional.

Con esta medida, os populares buscan garantir, segundo indican, o cumprimento dos acordos adoptados pola corporación e o correcto funcionamento dos mecanismos de control democrático no Concello de Lourenzá.

DEPUTACIÓN

Esixe que se retire o decreto que pecha os ambulatorios os sábados

O Pleno da Deputación aprobou reclamarlle á Xunta a retirada do decreto que modifica a organización da atención primaria os sábados en horario de mañá. Unha medida que supón, na práctica, o peche de centros de saúde, unha maior presión asistencial sobre os Puntos de Atención Continuada (PAC) e un novo retroceso da sanidade pública no rural. Así se acordou tras unha moción socialista aprobada co apoio do BNG e o Deputado non adscrito, e cos únicos votos en contra do PP.

“Estamos ante un novo golpe á sanidade pública e á atención de proximidade”, valorou a Presidenta da institución provincial, Carmela López, antes de entrar á sesión plenaria. “Falta planificación, sabemos que a poboación se triplica en moitísimas comarcas e non é aceptable que a solución aos problemas estruturais da atención primaria pase por cerrar consultas e trasladar toda a presión aos PAC”, engadiu.

Na defensa da iniciativa, o Deputado de Recursos Sostibles, Francisco Cajoto, denunciou que o decreto foi aprobado sen diálogo cos profesionais sanitarios e que concentra a atención nos PAC sen reforzar os cadros de persoal nin os recursos dispoñibles. Tamén advertiu de que modifica de maneira unilateral as condicións laborais dos profesionais e agrava a sobrecarga dun servizo que xa sofre unha importante falta de persoal.

Cajoto lembrou que a medida foi rexeitada polos propios profesionais sanitarios e puxo como exemplo as dificultades de acceso á atención urxente en concellos como Friol,



onde a veciñanza debe desprazarse a Lugo, Guitiriz, Palas de Rei, Outeiro de Rei ou Guntín. Ademais, sinalou que, segundo o Consello de Contas, un de cada tres profesionais do sistema sanitario galego ten un contrato eventual, unha porcentaxe que ascende ao 40 % no caso do persoal de enfermaría.

SERVIZOS SOCIAIS. A Deputación tamén demandará á Xunta un plan estratéxico de servizos sociais e a transparencia no seu financiamento e no do sistema galego de dependencia. A medida quedou tamén aprobada no Pleno celebrado este martes no Pazo de San Marcos tras unha moción socialista que saíu adiante cos votos a favor do PSdeG, BNG e o Deputado non adscrito e os votos en contra do PP.

O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, sinalou que o envellecemento da poboación, a dispersión xeográfica ou a maior lonxevidade das persoas están a incrementar as necesidades asistenciais das persoas maiores e dependentes de toda Galicia. Unha

situación que se ve agravada polas “importantes” carencias en materia de planificación, coordinación e financiamento como evidencian as cifras oficiais.

A iniciativa aprobada inclúe instar á Xunta a elaborar e aprobar o Plan Estratéxico de Servizos Sociais de Galicia previsto por Lei; presentar un informe detallado e público sobre as achegas económicas destinadas ao financiamento do sistema de dependencia en Lugo entre o 2012 e o 2025; a que reforce o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar; e a desenvolver unha planificación real e coordinada de prazas residenciais e recursos sociais.

O Pleno provincial sacou adiante, por unanimidade, unha Declaración Institucional reafirmando o seu compromiso cos dereitos do colectivo LGTBI, con motivo do Día Internacional do Orgullo que se conmemorou o pasado domingo 28 de xuño. Un texto que denuncia a persistencia da discriminación e a violencia e chama a reforzar as políticas públicas de igualdade, protección, educación e convivencia inclusiva.

Presentan o proxecto dunha aula móbil para a formación no forestal

A Deputación de Lugo reforza o seu compromiso co sector forestal cun proxecto pioneiro que achega a formación ao propio lugar de traballo. O anuncio realizouno o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, durante a Asemblea Xeral de Lugomadera, celebrada en Vilalba.

Para poder desenvolver este proxecto con este colectivo, que reúne a 270 asociados e asociadas, a institución provincial asinará un convenio coa asociación para a adquisición e acondicionamento dunha unidade móbil de formación, unha aula sobre rodas que permitirá achegar a capacitación profesional directamente ás explotacións e aproveitamentos forestais da provincia. O investimento total ascende a máis de 65.000€ dos que a Deputación achega 60.000€.

O proxecto parte dunha idea “tan sinxela como innovadora”, detallou Rivera, cando explicou que se trata de “levar a formación ata onde están os profesionais. Fronte aos modelos tradicionais, que esixen desprazamentos a centros especializados, esta aula itinerante permitirá impartir formación directamente no monte, facilitando o acceso á actualización de coñecementos e á formación continua sen que a distancia ou a dispersión territorial supoñan unha dificultade engadida”.

A unidade móbil contará con aula portátil, ferramentas demostrativas e material audiovisual, e ofrecerá contidos adaptados ás necesidades reais do sector. As accións formativas abrangerán desde operacións



forestais básicas, como apeo, desbroce ou poda, ata aspectos normativos, ambientais e preventivos. A seguridade e a saúde laboral terán un papel destacado, con formación específica sobre o uso correcto dos equipos de protección e a aplicación de técnicas de traballo seguro.

Ademais, a iniciativa incorporará unha campaña de sensibilización para promover boas prácticas na conservación da rede viaria provincial. Neste marco elaborárase e distribuirase un manual de boas prácticas dirixido ás empresas e profesionais do sector, que incluírá recomendacións técnicas e medidas preventivas para as operacións de corta, desembosque, carga e transporte de madeira, co obxectivo de minimizar o impacto sobre as infraestruturas viarias e contribuír á seguridade dos seus usuarios.

Rivera destacou que esta actuación é un exemplo da colaboración entre a administración pública e o tecido produtivo para dar resposta a necesidades reais e contribuír ao fortalecemento dun sector clave para o desenvolvemento económico.

Adxudicado o novo sistema informático que modernizará a xestión tributaria

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo deu este venres luz verde á adxudicación, por 2,5M€, dun novo sistema informático para a xestión tributaria da institución provincial. Unha ferramenta que, en palabras da Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, “suporá un importante avance na modernización dos servizos que prestamos aos concellos e á cidadanía”.

“Falamos de algo que nos permitirá facer unha administración fiscal máis áxil, máis eficiente e máis próxima. Un sistema que dará cobertura aos concellos da provincia na xestión de

impostos, taxas e outros ingresos públicos, facilitando os trámites tanto ás administracións locais como aos contribuíntes”, sinalou García Porto. Resultou adxudicatario Gestión Tributaria Territorial SAU, que prestará este servizo durante os vindeiros catro anos. Nese sentido, explicou a Deputada que este sistema permitirá, entre outras vantaxes, reducir tempos de tramitación, impulsar a sede electrónica e ampliar as posibilidades de relación telemática coa Administración, sempre con plenas garantías de seguridade. Un sistema que incorporará melloras

específicas para facilitar os plans personalizados de pagamento e contará cun módulo de atención telefónica pensado especialmente para aquelas persoas que teñen máis dificultades para utilizar medios dixitais.

Pilar García Porto asegurou que “estamos ante unha actuación que reforza a cooperación da Deputación cos concellos, mellora a calidade dos servizos públicos e facilita a relación entre a cidadanía e a Administración, facendo que os trámites sexan máis sinxelos, máis rápidos e máis accesibles”.

A OLERÍA NA PROVINCIA



O Centrad acolleu a presentación do libro *Conciencia dunha tradición. Olería de Mondoñedo, Bonxe, Samos e Gundivós*, unha obra editada polo Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo que continúa o traballo de investigación e divulgación sobre a tradición oleira da provincia. O volume está asinado por Luís Hixinio Flores Rivas, Óscar Lantes-Suárez, María Pilar Prieto Martínez, Manuel Fernández López “Lolo” e Orlando Viveiro Veiga, autores desta terceira entrega da colección Formas tradicionais da cerámica popular.

DEPORTES

O corredor do Maderas Barcia Lourenz  Cervo Pedro Moir n sobe ao m is alto do podio

O atletismo mari  n celebrou un importante  xito coa vitoria de Pedro Moir n, proclamado camp n de Espa a sub-16 nos 1.500 metros obst culos no Campionato de Espa a disputado en La Nucia. O atleta do club Maderas Barcia Lourenz  Cervo asinou unha actuaci n destacada, completando a proba cun tempo de 4:25.75 que lle permiti  alcanzar o primeiro posto do podio nacional. A carreira estivo marcada por un alto nivel competitivo, con presenza das principais promesas do atletismo espa ol. A cita reuniu en La Nucia a numerosos deportistas de referencia das categor as inferiores e deixou tam n varias marcas salientables, entre elas d as plusmarcas nacionais e catro r cords do campionato, reflectindo o bo estado de forma do atletismo de base no Estado.



Neste contexto esixente, Moir n soubo impo erse aos seus rivais e confirmar a s a progresi n deportiva cun triunfo de gran relevancia. O resultado sup n tam n un reco ecemento ao traballo realizado ao longo de toda a tempada polo atleta e polo seu club.

Maruxaina e Burela Bonita marcan o ritmo do ver n atl tico

San Cibrao e Burela converte-r nse este xullo en dous dos epi-centros do atletismo popular na Mari a coa celebraci n de d as probas xa consolidadas no calendario deportivo galego: a VI Carreira Popular Maruxaina e a X Carreira Burela Bonita, ambas incl idas no circ ito Duacode Run Foz Run 2026. En San Cibrao, a cita ter  lugar o 18 de xullo e estar  organizada polo Club Deportivo San Cipri n coa colaboraci n do Concello de Cervo. A proba desenvolverase ao longo da ma   con percorridos adaptados a todas as idades, desde os 200 metros das cate-gor as de base ata unha carreira absoluta de cinco quil metros. O trazado combinar  r as da vila e o paseo mar timo, con sa da e chegada nas instalaci ns da Veiga, e un tempo m ximo de 59 minutos para completalo. A orga-nizaci n limitar  a participaci n a



300 corredores na categor a absoluta e 50 por modalidade nas inferiores. As inscrici ns permanecer n abertas ata o 15 de xullo. Pola s a banda, Burela acoller  o 11 de xullo a d cima edici n da Carreira Burela Bonita, que abrir  o calendario do circ ito e manter  o seu percorrido caracter stico pola contorna litoral. A proba, xa consolidada como referencia do atletismo popular galego, des-

taca pola s a combinaci n de deporte, paisaxe e ambiente festivo, atraendo cada ano a corre-dores de toda Galicia e doutras comunidades. Ambas competi ns reflecten a aposta dos municipios pola promoci n do deporte e pola dinamizaci n social e tur stica a trav s de eventos que unen participaci n, natureza e vida comunitaria.

Alfoz abre as inscrici ns para a terceira edici n do seu torneo de p del

As pistas de p del de Alf z acoller n do 9 ao 12 de xullo a terceira edici n do Torneo de P del, unha cita deportiva organizada por Os Fandangueros coa colaboraci n do Concello de Alf z. A competici n contin a ga ando protagonismo dentro da programaci n estival do municipio e reunir  a xogadores e xogadoras de distintos niveis. O torneo contar  inicialmente con categor as local, open e feminina, a nda que a organizaci n poder  adaptar a estrutura da competici n segundo o n mero de parellas inscristas. O prazo para apuntarse permanecer  aberto ata o 5 de xullo. A inscrici n ter  un custo de 20 euros por persoa para unha categor a, mentres que participar en modalidades adicionais supor  un suplemento de 10 euros por cada unha. Os participantes recibir n un agasallo de benvida e dispor n de avituallamento e servizo de snack durante o torneo. Ademais, entregar nse premios  s parellas campioas e finalistas. O evento contar  tam n con vestiarios con duchas e cun servizo de barra e pinchos para os asistentes, buscando converter a competi n nun espazo de encontro para deportistas e afeccionados.

Cervo acoller  en xullo dous campus da Federaci n Galega de Nataci n



O Concello de Cervo e a Federaci n Galega de Nataci n renovan este ver n a s a colaboraci n coa organizaci n de dous campus deportivos que se celebr n na Piscina Municipal de Lieiro durante o mes de xullo. A iniciativa reforza a aposta do municipio polo deporte base e consolida as instalaci ns cervenses como un referente galego para a pr ctica e a formaci n nas disciplinas acu ticas. A alcaldesa destacou a importancia desta colaboraci n, que permite atraer a deportistas de diferentes puntos de Galicia e dinamizar tam n a econom a local durante a  poca estival. As  mesmo, puxo en valor as condici ns da piscina municipal para acoller este tipo de concentraci ns especializadas.

O primeiro dos campus ser  o II Campamento de Ver n de Waterpolo, previsto entre os d as 6 e 11 de xullo. Est  dirixido a nenos e nenas nados entre 2012 e 2015, contar  con 32 prazas e ser  coordinado polo director t cnico da Federaci n Galega de Nataci n, Xavi P rez, xunto cos adestradores Andr s P rez e Isabel P rez. O programa incl e pensi n completa, adestramentos e actividades de lecer. Do 14 ao 18 de xullo desenvolverase o II Campamento de Ver n de Nataci n Art stica, para deportistas nados entre 2011 e 2015. Dirixido por Sandra Montes e Candela Fidalgo, ofrecer  tam n 32 prazas con pensi n completa, preparaci n deportiva e actividades complementarias.

O focense Alberto Cabo Ilie cor ase camp n de Espa a de kickboxing Low Kick -75



O deporte focense suma un novo  xito coa proclamaci n de Alberto Cabo Ilie como camp n de Espa a de kickboxing na modalidade Low Kick -75, un resultado que sit a ao deportista entre os referentes nacionais desta disciplina e que sup n un importante reco ecemento ao seu traballo e dedicaci n. O Concello de Foz felicitou publicamente ao camp n polo logro acadado, destacando que este triunfo   froito do esforzo, da constancia e da preparaci n desenvolvida ao longo dos  ltimos anos. Desde a administraci n local subli n que  xitos deste nivel contrib en a proxectar o nome do municipio no  mbito

deportivo e serven de exemplo para as novas xeraci ns. A instituci n municipal tam n puxo en valor o papel que desempe a o club Ari Foz Contact, onde Alberto Cabo Ilie adestra habitualmente. O Concello salienta o labor que realiza esta entidade na promoci n dos deportes de contacto e na formaci n de deportistas base ndose en valores como a disciplina, o compromiso e o esp rito de superaci n. O t tulo nacional conseguido por Alberto Cabo Ilie representa un novo fito para o deporte local e consolida a traxectoria dun competidor que contin a sumando  xitos sobre o ring.

Claudia Rodríguez, unha vida de compromiso co fútbol sala

A deportista focense repasa unha traxectoria marcada polo esforzo, os éxitos co Burela FSF e a defensa do deporte feminino, sen esquecer nunca as súas raíces

Por Ana Somoza.

Recibir a Medalla ao Mérito Deportivo de Galicia é un recoñecemento reservado a aquelas persoas que deixan pegada no deporte galego. No caso da focense Claudia Paola Rodríguez Teijeiro, a distinción chega despois de décadas de entrega ao fútbol sala, dunha carreira construída desde a humildade e o traballo diario e dun percorrido que a converteu nun dos grandes referentes do deporte feminino na Mariña. A xogadora, nacida en Foz en 1984, iniciou a súa relación co balón cando apenas era unha nena. Daquelas, o fútbol sala feminino daba os seus primeiros pasos na comarca e poucas persoas podían imaxinar que aquela rapaza que acudía aos adestramentos do KX con só 12 anos acabaría converténdose nunha das capitás máis recoñecidas do Pescados Rubén Burela FSF e nunha figura admirada por varias xeracións de deportistas.

A propia Claudia recoñece que a recente distinción foi unha das emocións máis especiais da súa vida. Explica que a medalla supón “un orgullo enorme” e que representa o recoñecemento a “moitos anos de esforzo, sacrificio e dedicación”. Pero, lonxe de entender o galardón como un logro individual, insiste en compartilo con todas as persoas que a acompañaron no camiño. “É un premio que quero compartir e agradecer á xente que me apoiou durante a miña carreira deportiva, sobre todo á miña familia”, asegura.

INICIOS. Ao falar dos seus primeiros pasos no fútbol sala, a focense transporta a memoria a unha época na que todo era ilusión. Lembra que era a máis nova do grupo e que agardaba con impaciencia a chegada dos adestramentos. “Desexaba que fose día de adestramento para xogar e aprender”, relata. Daquela etapa conserva recordos especialmente felices. Conta que gozaba enormemente compartindo pista con compañeiras maiores ca ela e destaca o cariño recibido. “Pasábao moi ben, desfrutaba xogando e ría moito con elas. Eran persoas moi alegres e cariñosas comigo”, lembra. Aquel ambiente foi decisivo para consolidar unha paixón que acabaría marcando boa parte da súa vida.

EVOLUCIÓN. O fútbol sala feminino de finais dos anos noventa pouco ten que ver coa realidade actual. Claudia explica que naquela época existían equipos en diferentes localidades da

Mariña, como Foz, Burela, Ribadeo ou Barreiros, pero o deporte desenvolvíase nun contexto moi diferente. Segundo relata, non existían categorías de base estruturadas e a visibilidade era mínima. “Os medios de comunicación cubrían moi poucas sesións de fútbol sala feminino e iso limitaba o seu crecemento e recoñecemento social”, explica.

As xogadoras practicaban deporte por afección. “Compaxinabamos o fútbol sala cos estudos e algunhas incluso co traballo e a vida familiar”, lembra. A profesionalización era inexistente e os recursos escasos.

Por iso observa con satisfacción os avances conseguidos. Considera que hoxe existen mellores condicións, máis apoio por parte dos clubs e unha maior presenza mediática. “Pasou de ser un deporte de ocio e pouco recoñecido a ser un deporte máis profesional, visible e en constante crecemento”, resume.

BURELA. Se hai un nome inseparable da carreira de Claudia Rodríguez ese é o do Pescados Rubén Burela FSF. Durante anos converteuse nunha das xogadoras emblemáticas do club

“A miña disciplina, a constancia e o traballo diario foron claves na miña traxectoria”

“O ascenso á máxima categoría foi o resultado dun traballo constante, de sacrificio e de unión de todo o equipo”

e nunha das líderes do vestiario.

Ao lembrar esa etapa, a deportista asegura que significou moito máis que practicar un deporte. “Foi o club que me deu a oportunidade de competir ao máis alto nivel, de aprender e medrar como xogadora e como persoa”, explica.

A súa voz emociónase cando fala da entidade laranxa. Non dubida en afirmar que “é o club do meu corazón”, unha frase que resume perfectamente o vínculo creado durante tantos anos. Como capitá viviu

momentos inesquecibles. Destaca especialmente os encontros nos que o equipo foi capaz de superar situacións límite grazas á unión do grupo. Recorda con especial agarimo a primeira clasificación para a Copa nunha tempada na que o único obxectivo era evitar o descenso.

Pero por enriba de todo sitúa un momento concreto: o ascenso á División de Honra en 2010. “Éramos un equipo moi familiar”, lembra. Aquel grupo reducido e aquela afección fiel deixaron unha pegada imborrable. “Chamáronnos os Dez Soles Laranxas”, comenta con orgullo.

SACRIFICIO. Detrás dos títulos e dos éxitos había unha realidade moito máis esixente do que podía parecer desde fóra. Claudia recoñece que compaxinar deporte, estudos e traballo non foi nada sinxelo.

As súas lembranzas están cheas de viaxes interminables e de esforzos diarios. Mentres estudaba na Coruña adestraba parte da semana alí e completaba a preparación en Burela. “Chegábamos á casa máis tarde da unha da mañá”, relata.

Posteriormente chegaron os destinos laborais como docente. Finisterre, Ourense, Narón, Vilalba, Xove ou Mondoñedo forman parte dunha lista de lugares desde os que manteivo intacto o compromiso co deporte. “A miña vida foi aprender a compaxinar estudos, traballo e fútbol sala”, resume. Unha realidade que define perfectamente o camiño seguido por moitas deportistas da súa xeración.

Ao analizar as claves do seu éxito, Claudia non fala primeiro de talento. Prefire destacar outros valores. “Principalmente a disciplina, a constancia e o traballo diario”, asegura. Tamén ten claro que o talento por si só non chega. “Sen traballo e esforzo persoal non se chega moi lonxe”, afirma. Para ela, a diferenza márcana a responsabilidade, a capacidade de superación e as ganas de mellorar.

FAMILIA. Ao longo da conversación aparece constantemente unha palabra: familia. Claudia considera que nada do conseguido sería posible sen o apoio recibido desde pequena. Describe aos seus pais e aos seus avós como os grandes responsables da súa carreira deportiva. “A miña familia é a principal culpable de que eu me dedicase a isto”, comenta cun sorriso.

Agradece especialmente que estiveran presentes tanto nos momentos felices como nos máis difíciles. “Ensínaronme a ser constante, responsa-



ble e a esforzarme”, destaca.

Tamén conserva un profundo agradecemento cara á súa vila natal. Explica que en Foz sempre atopou cariño e interese pola súa evolución deportiva. Os veciños preguntaban polos resultados e seguían a súa carreira con atención.

Ese vínculo permanece intacto. “Foz

“Con esforzo, compañeirismo e ilusión pódense conseguir grandes cousas”

“O fútbol sala feminino pasou de ser un deporte de ocio e pouco recoñecido a ser un deporte máis profesional e visible”

sempre foi o punto ao que volver. Onde están os meus. A miña casa”, afirma. E engade unha frase que resume toda unha vida: “En Foz empezo todo”.

FUTURO. A pesar dos avances conseguidos, Claudia considera que o fútbol sala feminino aínda ten importantes desafíos por diante. Reclama máis visibilidade, máis recursos, maior profesionalización e igualdade de oportunidades.

Pon exemplos concretos das diferen-

zas que continúan existindo respecto ao fútbol sala masculino. Considera que é necesario incrementar o apoio institucional e mellorar a cobertura mediática para seguir avanzando. Tamén insiste na importancia da canleira. “É o futuro de calquera equipo”, asegura.

As nenas que comezan hoxe neste deporte envíanles unha mensaxe clara. “Que desfruten moito xogando, que crean nelas mesmas e que non permitan que se lles diga que non poden”, afirma. Defende que con esforzo, ilusión e compañeirismo se poden alcanzar grandes metas.

Quizais por iso a Medalla ao Mérito Deportivo de Galicia transcende o simple recoñecemento individual. A figura de Claudia Rodríguez representa a unha xeración de mulleres que abriron camiño cando o fútbol sala feminino apenas contaba con espazos de visibilidade. Deportistas que viaxaban centos de quilómetros para adestrar, que compaxinaban o deporte co traballo e cos estudos e que construíron, desde o anonimato en moitas ocasións, os alicerces do fútbol sala actual.

Cando se lle pregunta como lle gustaría ser lembrada, a súa resposta volve reflectir a filosofía que guiou toda a súa carreira. Gustaríalle que a recordasen “como unha persoa comprometida, traballadora e apaixonada polo deporte”. Non só polos títulos nin polos éxitos acadados, senón tamén polo compañeirismo, polo respecto e pola capacidade para superar dificultades.

Unha definición que encaixa perfectamente coa historia dunha deportista que levou o nome de Foz e da Mariña por toda España e que segue sendo, hoxe, un exemplo para as novas xeracións.

O pontenovés Fiz Lombardero conquista o ouro en kumite

A localidade coruñesa de Cedeira acolleu a gran final da Liga Galega de Karate, unha cita que reuniu a destacados competidores de toda Galicia e na que o pontenovés Fiz Lombardero asinou unha brillante actuación ao conquistar dúas medallas.

O karateca, integrante da Escola de Karate DAJANKAI de Lugo, logrou proclamarse campión na modalidade de kumite, acadando a medalla de ouro tras completar unha competición de gran nivel na que demostrou seguridade, técnica e capacidade competitiva sobre o tatami.

Ademais do triunfo en combate, Fiz tamén conseguiu subir ao podio na disciplina de kata, onde obtivo unha medalla de bronce que completou unha destacada participación na fase final da competición.

Os resultados de Cedeira supoñen un importante recoñecemento ao traballo e esforzo desenvolvidos durante toda a tempada, así como á preparación realizada desde a



Escola de Karate DAJANKAI. A dobre presenza no podio permitiu ao deportista da Pontenova pechar a Liga Galega cun balance moi positivo, confirmando a súa progresión e consolidándose como unha das promesas desta disciplina deportiva. A actuación de Fiz foi valorada moi positivamente e destacan a constancia e dedicación necesarias para competir ao máis alto nivel nun campionato que reúne aos mellores karatecas galegos das diferentes categorías.

Xove converterase en epicentro do pumptrack co IV Gran Premio

O municipio de Xove volverá situarse no mapa do ciclismo nacional coa celebración do IV Gran Premio Pumptrack Concello de Xove 2026, unha competición que terá lugar o vindeiro 11 de xullo e que formará parte da Copa de España desta disciplina.

A proba consolidouse nos últimos anos como unha das referencias do calendario deportivo, atraendo a participantes de diferentes puntos da xeografía española e ofrecendo un espectáculo de velocidade, habilidade e técnica sobre dúas rodas. O circuíto xovenense volverá ser o escenario no que ciclistas de distintas categorías competirán por mellorar os seus rexistros e sumar puntos nun campionato de ámbito estatal. A organización do evento corre a cargo de entidades vinculadas ao ciclismo e ao deporte base, coa colaboración do Concello de Xove e o respaldo de diferentes organismos deportivos. A cita contará coa participación de deportistas experimentados e tamén de mozos valores



desta especialidade, contribuíndo á promoción do deporte e dos hábitos saudables entre a mocidade. O pumptrack, unha modalidade que gañou unha notable popularidade nos últimos anos, combina velocidade, coordinación e destreza nun percorrido cheo de curvas peraltadas e ondulacións que os participantes deben superar aproveitando a inercia da bicicleta sen necesidade de pedaleo constante. Desde a organización destacan a

importancia de seguir impulsando eventos deste nivel en Xove, tanto polo seu impacto deportivo como pola capacidade de atraer visitantes e dinamizar a actividade local durante a celebración da competición. A celebración desta cuarta edición confirma a aposta do municipio por consolidarse como un referente galego nesta modalidade ciclista, nunha xornada que promete reunir deporte, competición e ambiente festivo arredor do pumptrack.

A Deputación chega 120.000 euros ao Burela FS para garantir a súa continuidade

A Deputación de Lugo comprometeu unha achega extraordinaria de 120.000 euros ao Club Deportivo Burela Fútbol Sala co obxectivo de contribuír á súa continuidade, aínda que condiciona o apoio á coordinación con outras administracións e ao proceso de reestruturación económica iniciado pola entidade.

Segundo informou a institución provincial, os fondos destinaranse a garantir a actividade ordinaria do club, o pagamento de nóminas e as obrigas con acredores, mentres o Burela FS continúa na procura de financiamento privado e na reorganización das súas contas. A decisión chega tras máis dun mes de contactos coa directiva e coa Xunta de Galicia, así como tras unha análise económico-financieira que sitúa a débeda do club por enriba dos 700.000 euros, o que fai necesaria unha solución máis ampla.

A presidenta da Deputación, Carmela López, pediu á Xunta de Galicia un esforzo equivalente, ao considerar que o apoio ao deporte forma parte das súas competencias. Subliñou ademais a necesidade de avanzar cara a un modelo máis sostible, baseado na colaboración institucional, a reestruturación interna e o reforzo do tecido empresarial.

O Taekwondo Jansu-Ujeong de Viveiro pecha a tempada con 7 medallas en Alcarria



O Club Taekwondo Jansu-Ujeong de Viveiro pechou a tempada cunha brillante actuación no V Open Internacional da Alcarria, unha competición que reuniu deportistas de países como Costa Rica, Portugal, México e Francia, ademais de clubs destacados do panorama español. O equipo viveirense regresou cun balance moi positivo tras unha xornada de alto nivel competitivo e marcada polas elevadas temperaturas. Na modalidade de combate, o club conseguiu dúas medallas de ouro grazas a Valeria Fernández Vilar, campioa júnior de menos de 55 quilos, e a Uxía Veiga Hernández, vencedora na categoría benxamín de máis de 40 quilos.

A estes resultados sumouse a prata de Eva Andrés Gomariz na categoría sénior de máis de 67 quilos, así como os bronce de Tania Seoane Bermúdez, Lucía García Pérez e Sofía Javierá López Molina, que completaron unha destacada colleita de metais. Pola súa parte, Marius Adrián Chitu rematou noveno. Na modalidade técnica, o Jansu-Ujeong sumou novas medallas de ouro con Tania Seoane e Marius Adrián Chitu, campións na categoría infantil de promoción amateur. Destacou tamén Valeria Fernández Vilar, que na categoría absoluta quedou a escasas décimas do podio. O club valora moi positivamente estes resultados e afronta agora o descanso estival antes de preparar a tempada 2026-2027.

Ouro galego e prata estatal para o cervense Santi González no tiro con arco



Santi González Villares volveu situarse entre os nomes destacados do tiro con arco autonómico e nacional cunha dobre actuación salientable que reforza a súa traxectoria deportiva no club ladovi. O arqueiro acadou recentemente a medalla de prata no Campionato de España de Veteranos +50, disputado en Madrid, onde completou unha competición moi regular que o levou ata o segundo chanzo do podio nacional. Este resultado confirma o seu alto nivel competitivo e a continuidade dun rendemento sosti-

súa dedicación e á súa capacidade para manterse entre os mellores especialistas veteranos do país. Paralelamente, o deportista cervense asinou tamén un importante éxito a nivel autonómico ao proclamarse campión galego de tiro con arco de campo no campionato celebrado na Rúa. Nesta proba, González Villares amosou un excelente nivel técnico e de concentración, impoñéndose aos seus rivais e subindo ao máis alto do podio. Ambos resultados consolidan ao arqueiro como un dos referentes do tiro con arco galego e estatal na categoría veterana. Ademais, poñen en valor o traballo do club ladovi, que continúa a impulsar a formación e o desenvolvemento desta disciplina na comarca de Cervo.

MAR

Portos inicia as obras de mellora dun vial na zona portuaria de Foz

Portos de Galicia vén de poñer en marcha os traballos de reparación dun dos viarios situados na zona portuaria de Foz, unha actuación destinada a mellorar as condicións de circulación e a seguridade dos usuarios nun espazo de tránsito habitual tanto para vehículos como para peóns.

A intervención conta cun orzamento de 50.000 euros e céntrase na renovación do firme, que presentaba un avanzado estado de deterioración. Segundo se indicou, o levantamento do pavimento foi provocado en gran medida polo crecemento das raíces das árbores existentes na contorna, o que xerou deformacións na superficie e dificultaba o paso con normalidade.

Os traballos permitirán acondicionar o vial e recuperar unhas condicións adecuadas para o seu uso



diario, eliminando os desperfectos acumulados e contribuíndo a unha maior comodidade para os usuarios do porto.

A actuación forma parte das labores de conservación e mantemento das infraestruturas portuarias que desenvolve Portos de Galicia en diferentes instalacións da comunidade

autónoma co obxectivo de garantir o seu correcto funcionamento e prolongar a súa vida útil.

O prazo previsto para a execución das obras é de dous meses, período durante o que se realizarán as tarefas necesarias para a renovación completa do tramo afectado.

O BNG logra que a Xunta fixe un calendario para a dragaxe do porto focgo



O deputado do BNG no Parlamento de Galicia, Daniel Castro, anunciou que a Xunta fixo público por primeira vez un calendario concreto para a execución da dragaxe do porto de Foz, unha actuación demandada desde hai anos pola confraría de pescadores, a asociación A Ribeira de Foz e distintos sectores económicos vinculados á actividade marítima.

Castro lembrou que o Goberno galego presentara o proxecto en setembro de 2025, cun investimento próximo ao millón de euros e o compromiso de iniciar os traballos ao longo deste ano, aínda que ata agora non existía un cronograma detallado, o que xeraba incerteza entre os colectivos afectados.

Segundo a información tras-

ladada na Comisión de Pesca, o proxecto construtivo estará rematado nas próximas semanas e será revisado por Portos de Galicia durante os meses de xullo e agosto. A continuación, tramitaranse as autorizacións necesarias para o depósito dos materiais en alta mar ante Capitanía Marítima de Burela e para a achega de area á praia de Altar ante Costas.

O deputado denunciou as dificultades actuais no porto debido á acumulación de sedimentos, que condiciona a entrada e saída de embarcacións. Tamén criticou a falta de comunicación da Xunta cos colectivos implicados, aínda que o BNG valorou positivamente a existencia dunha folia de ruta, comprometéndose a vixiar o cumprimento dos prazos.

Natalia Botana Rey tomou posesión como presidenta de Portos de Galicia

Natalia Botana Rey tomou posesión como nova presidenta de Portos de Galicia nun acto presidido pola conselleira do Mar, Marta Villaverde, celebrado en San Caetano. Substitúe no cargo a José Antonio Álvarez Vidal, recentemente nomeado presidente da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao.

Durante a súa intervención, Botana definiuse como “servidora pública” e amosou o seu compromiso de traballar en favor de “todos os sectores da economía azul”. A nova presidenta de Portos de Galicia apostou por impulsar unha etapa baseada no diálogo e na cooperación, co obxectivo de afrontar os retos actuais e futuros do sistema portuario galego, clave na conexión de Galicia co mar. Natural de Vigo, Botana é licenciada en Veterinaria e conta cunha ampla experiencia na Administración pública galega. Desde 2021 exercía como directora territorial da Consellería de Sanidade en Pontevedra.

A nivel internacional, traballou en Bruxelas na Dirección Xeral do Mar da Comisión Europea e participou en organismos europeos vinculados á cadea alimentaria, representando ás comunidades autónomas.

Unha inxección económica reforzará a modernización do porto de Celeiro



A Confraría de Pescadores Santiago Apóstolo de Celeiro dará un novo impulso á modernización das súas instalacións grazas á concesión de axudas que superan os 1,12 millóns de euros. O financiamento permitirá acometer diferentes actuacións orientadas a mellorar a eficiencia, a seguridade e a sustentabilidade da actividade pesqueira, reforzando o papel de Celeiro como un dos principais portos pesqueiros do norte de Galicia.

Estas achegas proceden da convocatoria de axudas promovida pola Consellería do Mar e cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), cun modelo de financiamento no que o 70% dos fondos son achegados pola Unión Europea e o 30% restante pola Xunta de Galicia.

Entre os proxectos beneficiados figura a iniciativa colectiva deno-

minada “Mellora da calidade e control dos produtos da pesca, Celeiro 2026”, que contará cun investimento de case 240.000 euros financiado na súa totalidade a través destas axudas.

As actuacións previstas permitirán incorporar novos equipamentos destinados a optimizar o tratamento e a conservación das capturas. O proxecto inclúe a adquisición de sistemas de limpeza, un repartidor de xeo, contedores isotérmicos e centos de palés plásticos destinados á manipulación e almacenamento do produto pesqueiro.

Desde a Confraría destacan que estas melloras contribuirán a reforzar a cadea de calidade, a trazabilidade e as condicións de conservación do peixe, favorecendo unha maior competitividade nos mercados e unha mellor adaptación ás esixencias actuais do sector.

O Museo do Mar de San Cibrao reivindica o legado das redeiras

O Museo do Mar de San Cibrao acolle estes días a instalación téxtil *Nó* que non esquece, unha obra colectiva que rende homenaxe ás redeiras da Mariña e ao seu papel esencial dentro da actividade pesqueira. A peza, creada pola artista Irene Trapote en colaboración directa con profesionais do oficio, busca dar visibilidade a un labor tradicional que durante décadas permaneceu nun segundo plano dentro do relato marítimo.

A instalación combina materiais como corda de cáñamo, loneta de algodón con impresións fotográficas e fío de la galega, conectando a tradición artesanal coa creación contemporánea.

Esta proposta forma parte do proxecto *Facer territorio* atando

cabos, comisariado por Sergio Marey, centrado na investigación e na memoria arredor do oficio das redeiras. O carácter participativo da obra permitiu integrar experiencias e saberes transmitidos oralmente, transformándoos en linguaxe artística.

A exposición complétase co audiovisual *O primeiro eslabón*, un documental de catorce minutos baseado nos testemuños das propias redeiras, que reflexiona sobre o seu esforzo e o escaso recoñecemento histórico.

O proxecto contou coa colaboración de redeiras de Burela e Foz, reforzando o diálogo interxeracional. O Museo do Mar reafirma así a súa aposta por recuperar memorias silenciadas e poñer en valor os oficios tradicionais.

COLABORACIÓN

As distancias que nos separan

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

A maneira que temos de priorizar as cousas se cadra é das cousas que mellor nos definen. Polo menos en cantidade, das que máis nos caracterizan. Na tradicional Rapa das Bestas, poñámonos por caso, lembremos consistente en cortar as crins dos cabalos nos curros, onde os animais son tamén desparasitados e mesmo tratados dalgunhas afeccións atopamos exemplos disto que falo. Os días previos, os cabalos recóllense no monte, separando aos poldros da manda cara un curral para que non sufran danos, tres persoas suxeitan ao cabalo, dous tapan os ollos e un agarra a cola, para así levar a cabo a labor de desparasitar e rapar. Os aloitadores, valentes, saltan sen máis ferramentas ca destreza e o valor. Desde 2018, a

un número de animais colócase-lles un collar xeolocalizable, coa intención de estudar costumes e minimizar o impacto social das mandas en épocas de escaseza de alimentos e tratar de discernir a importancia dos cabalos salvaxes no control de incendios forestais. Os animais que forman parte das mandas dos curros son de raza galega mestiza ou de pura raza galega. Para velar polo benestar animal, na edición do ano 2022 da rapa do campo do Oso en Mondoñedo cambiouse a tradicional marca do gando con lume para roxentar os ferros. Empregouse por vez primeira nitróxeno líquido para enfrialos a moi baixa temperatura antes de aplicalos sobre a pel do animal, coa fin de facer moito menos dolorosa a acción de colocar o nome da gandeiría á que pertencen. No Saloio comeza a actividade, días previos cheos de frenetismo cando os veciños soben ás ladeiras dos montes a buscar agrupacións de animais, guiándoas a pé ata os tradicio-

nais curros sen empregar medio mecánico algún.

O avó L. foi un dos fundadores da tradicional Rapa do Candaoso, os



montes do Buio aínda lle gardan algún segredo. Se para outros, o máis importante era baixar o maior número de animais posi-

bles, el nunca quixo deixar unha cría soa. Tan importante unha cousa coma outra, cada un ten a súa orde de factores.

Se antes non se reparaba no sentir animal, agora tratamos de non facerlles dano. Porque evolucionamos, analizamos o impacto das nosas accións e tratamos de minimizar o dano dos nosos feitos para co entorno. O avó marcaba coas súas iniciais, L.Y. cun ferro que gardamos na casa, pero agora algún curmán non se chama á letra Y porque non o representa esta letra por non pertencer ao noso alfabeto, cuestión de prioridades. Para min o sentir familiar pesa máis ca ideoloxía que nos separa pero respecto profundamente o sentir de cada un. Estamos todos de acordo en que hai feitos que trascenden as distancias insalvables que nos separan, evolucionar nun sentir común que pretende non causar danos á mantenta debera ser trivial. Pero chegados a este punto, vivimos días de tanta polarización social, que xa

me cansou o discurso do que non aporte que se aparte. Porque lin nun artigo que non somos follas de cálculo de Excel, e ás veces, escoitar unha opinión contraria á miña pode achegarme un pouco de luz, analizar un argumento contrario pode axudarme a non radicalizarme na miña postura, e o diálogo e a comunicación son as únicas armas das que dispoñemos para achegarnos cando as distancias nos separan. Pero un diálogo entre iguais, sen ruídos que se interpoñan cando un político doutro partido fala, como aconteceu nun pleno recente, onde unha alcaldesa se abanicaba no micro para que non se escoitase a unha voceira da oposición. E por suposto que non todas as voces son respectables, do mesmo xeito que ningún pon en dúbida que o que antes se forxaba con lume, agora pode facerse con nitróxeno. Pero prioridade ao importante, a veces as distancias que nos separan non deberan ser tan fortes coma as razóns que nos unen.

Grupos de WhatsApp de pais e nais

O PUPITRE



Julio Díaz

Hai uns días chamou-me a atención a noticia de que a futura Lei de Educación Dixital, unha norma impulsada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP da Xunta de Galicia, regulará o uso de WhatsApp, os teléfonos móbiles, a intelixencia artificial, as gravacións nas aulas e os horarios de comunicación escolar. Esta lei, polo tanto, regulará as comunicacións por WhatsApp entre as familias e o profesorado, co obxectivo de que as mensaxes se canalicen a través de vías oficiais e ferramentas institucionais como a aplicación Abalar, evitando así os grupos ou chats privados que acaban mesturándose coa vida persoal. Despois de darlle unhas voltas, decidín que a miña colaboración mensual neste «Pupitre» podía ir por aí e, máis concretamente,

centrarse nos grupos de WhatsApp de pais e nais. Esta idea reforzouse tras unha conversa cunha boa amiga que me confesou de xeito rotundo: «Me he salido del grupo de padres del colegio, era un infierno».

A fenda existente entre a familia e a escola non se soluciona cun mero parche dixital; é preciso que os problemas se resolvan nos espazos e tempos axeitados, sen deixar ao arbitrio de internet esta necesidade imperiosa de comunicación. Pasamos do faladoiro ou da cafetaría da esquina aos grupíños de pais en WhatsApp, con todo o que iso supón en canto ao mal uso da ferramenta. WhatsApp é un excelente recurso para as comunidades de pais e nais se se dá un bo uso del; supón unha vantaxe e é de gran utilidade para intercambiar información útil, coordinar traballos en grupo ou compartir novidades do centro. Porén, con frecuencia pasamos do uso ao abuso, o que xera unha multitude de conflitos: intentar converter o chat na axenda dos nosos



fillos, lanzar críticas destrutivas cara ao labor do profesorado, xulgar a outros pais ou espallar rumores.

Estou a liarme un pouco co tema, pero o que realmente quería era transmitir como se sentiu esta boa amiga. Continúo co que me relatou:

«Julio, tomei a decisión de saír do grupo. Non son a primeira nin serei a última que o fai, porque nos últimos meses o GRUPO, así

en maiúsculas, converteuse nun escenario de reproches constantes entre proxenitores: moitas veces polo comportamento dos pais e nais, e outras tantas polo dos nosos fillos. Situacións que hai anos —non tantos— se resolvían cunha simple conversa na porta do centro, agora pásanse a tratar por WhatsApp ante máis de 25 persoas, con todo o que isto implica, malentendidos incluídos. E aínda que cría terme

mantido á marxe dese escenario cada vez máis incómodo —eu entraba na clasificación de participante que apenas fala pero le todas as mensaxes—, houbo un día no que unha desas conversas de reproche, na que interviñan máis persoas das directamente implicadas, me xerou unha gran ansiedade. Foi nese mesmo intre cando decidín que tiña que saír. Da mesma maneira que meditei a miña decisión de abandonar, analice, detalle a detalle, a mensaxe coa que comunicaría a miña fuxida. Non houbo escusas nin mentiras piadosas; foi un exercicio de sinceridade comedida e educada. Recoñezo que, antes de enviar a mensaxe, comprobei desde un punto de vista meramente práctico como debía abordar a situación. Valorei todo moi ben antes de premer «enviar» e «saír do grupo». Agora, despois dun tempo, non me arrepiño da miña decisión; sentínome totalmente aliviada». Espero que esta boa amiga, se le O Pupitre, saiba perdoar que fíxese pública a súa decisión.

Vistes al mar

CULTURA



Rebeca Maseda

Hai lugares máxicos que te emocionan só con imaxinalos, con pensalos na túa cabeza e recrearte alí, as súas cores, o seu cheiro, como serán as súas xentes, a súa lingua, o seu xeito de comunicarse, cal será a comida máis saborosa... Como podedes ver, a miña capacidade para fantasiar é bastante grande, sobre todo cando existe unha emoción previa importante. Así me sentín antes de visitar a Costa Brava hai uns días, e teño que dicir, que unha vez alí, o que me atopei superou todas as miñas expectativas. Sempre procuro que todas as miñas viaxes sexan especiais, e non falo de luxos ou detalles superficiais, senón de captar a esencia dese lugar, de pararte a observar con detemento e pracer sen o teléfono móbil na man. Adoito viaxar soa -unha práctica da que desfruto especialmente- pero nesta ocasión non foi así e a compañía foi realmente inmillorable: mil grazas O. Visitamos varias vilas da comarca:

Tossa de Mar, Palamós e Calella de Palafrugell. Todas elas fermosísimas, pero quixera falarvos desta última, Calella. Só vos direi que cando a luz do sol reflexa nas augas cristalinas das súas calas, o tempo parece deterse. A verdade é que me pareceu un lugar encantador cun aire de repouso e delicadeza únicos. Cando paseas polas súas rúas estreitas, coas casiñas baixas aos lados, apetece recrearse e baixar o ritmo, unha delicia para os sentidos. Calella non sempre foi ese refuxio luminoso que hoxe namora a quen chega por primeira vez. Antes de converterse nun dos recunchos máis fermosos da Costa Brava, foi unha pequena aldea mariñeira nacida ao abeiro do mar, habitada por familias de pescadores que aprenderon a medir o tempo segundo o vento, as mareas e as estacións. Durante séculos, as súas casas brancas, orientadas cara ao Mediterráneo coma quen mira cada mañá un vello amigo, foron medrando con discreción, sen présa, mantendo esa harmonía tan difícil de atopar hoxe. Quizais por iso, ao pasear por Calella, unha ten a impresión de que nada foi imposto: todo parece ocupar exactamente o lugar que lle corresponde.

Hai pobos que se deixan visitar. Calella, en cambio, parece que te recibe. É unha diferenza sutil, pero importante. Hai unha hos-



pitalidade silenciosa na maneira en que a luz entra polas rúas estreitas, no arrecendo salgado que acompaña cada paso, no son das pequenas embarcacións balanceándose preto da beira. Todo convida a baixar a voz, a camiñar máis amodo, coma se o propio lugar che estivese ensinando outro xeito de habitar o tempo. Quizais por iso non me sorprende saber que aquí naceu Silvia Pérez Cruz. Hai artistas que pertencen a un lugar non só porque alí deron

os seus primeiros pasos, senón porque a súa obra parece conservar a respiración da paisaxe que os viu medrar. Sempre tiveron a sensación de que a voz de Silvia posúe algo profundamente mariño: ás veces é unha superficie tranquila onde a luz se pousa con delicadeza; outras, unha corrente fonda capaz de remover emocións que nin sequera sabíamos que gardabamos. Escoitala despois de visitar Calella é comprender que hai territorios que permanecen para sempre dentro das persoas. Mentres contemplaba o mar, veu inevitablemente á miña memoria unha das pezas musicais que máis me emocionan: Vistes al mar, de Eduard Toldrà. Resulta curioso como certas obras son quen de describir un lugar sen necesidade de nomealo. O cuarteto avanza cunha delicadeza case transparente, como unha brisa que move apenas a superficie da auga ou como esa luz dourada das últimas horas da tarde que transforma as pedras, as fachadas e o mar nunha mesma materia luminosa. Hai composicións que impresionan pola súa grandiosidade; esta faino pola súa capacidade para insinuar. Nunca forza a emoción, simplemente déixaa aparecer. Creo que esa é tamén a esencia de

Calella. Non necesita monumentos espectaculares nin reclamos estridentes. A súa beleza reside precisamente na contención, na elegancia do sinxelo, na forma en que cada detalle parece dialogar co seguinte sen interromper nunca a harmonía do conxunto. Nun mundo empeñado en captar a nosa atención a base de ruído, atopar un lugar que segue falando en voz baixa é case un acto de resistencia. Ao marchar, decateime de que apenas sacara fotografías. E, por unha vez, pareceume unha magnífica noticia. Hai lugares que a cámara reproduce con fidelidade, pero outros só permanecen intactos na memoria, porque o realmente importante non é o que vimos, senón o que sentimos mentres estabamos alí. Calella será, para min, un deses lugares aos que sempre poderei regresar pechando simplemente os ollos: un mar inmóbil, unhas casas brancas mirando o horizonte e unha música que continúa soando, moi ao lonxe, coma se o Mediterráneo tivese aprendido a cantar.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ	
Concello:	982 55 80 01
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde:	982 55 86 97
BARREIROS	
Concello:	982 12 40 02
Garda Civil:	982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 41 05
BURELA	
Concello:	982 58 60 00
Policia Local:	982 58 62 11
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña):	982 58 99 00
Capitanía Marítima:	982 57 51 53
CERVO	
Concello:	982 55 77 77
Policia Local:	615 52 10 52
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 75 25

FOZ	
Concello:	982 14 00 27
Policia Local:	982 13 36 40
Garda Civil:	982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 23 85
Agencia Tributaria:	982 13 35 12
LOURENZÁ	
Concello:	982 12 10 06
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 20 29
MONDOÑEDO	
Concello:	982 52 40 03
Policia Local:	982 50 70 40
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 50 74 52

OUROL	
Concello:	982 55 91 09
Garda Civil:	982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 90 62
PONTENOVA, A	
Concello:	982 34 22 77
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 24 00
RIBADEO	
Concello:	982 12 86 50
Policia Local:	982 12 86 50
Garda Civil:	982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 01 43
RIOTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63

TRABADA	
Concello:	982 13 50 11
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 53 00
VALADOURO, O	
Concello:	982 57 40 00
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa):	982 57 43 12
VICEDO, O	
Concello:	982 59 00 02
Garda Civil:	982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 03 51
VIVEIRO	
Concello:	982 56 01 28
Policia Local:	982 56 29 22
Policia Nacional	982 56 17 11
Policia Nacional cita DNI	060/ 982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa):	982 56 12 01
XOVE	
Concello:	982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 24 24



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062



www.amariñaxa.com



Teléfono 661 464 323

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

redaccion@amariñaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@amariñaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións SL
Dep. Legal: LU 5-2019
ISSN 2660-4493

DE RUTA EN RUTA

Ruta polo paseo fluvial e literario de Vilalba

Un percorrido de tres quilómetros que mestura natureza, patrimonio e arte a través dunha ruta literaria á beira do río Madalena

A ruta do río Madalena é un dos paseos fluviais máis coñecidos e transitados da contorna de Vilalba, tanto pola súa beleza natural como pola súa accesibilidade. Trátase dun percorrido de baixa dificultade, pensado para realizar en menos dunha hora e apto para todo tipo de públicos. Aínda que presenta un leve desnivel, está perfectamente acondicionado e pavimentado, o que facilita un paseo cómodo e seguro. Ao longo dos seus aproximadamente tres quilómetros de traxecto, o camiño conta con bancos para o descanso e tamén con zonas habilitadas con mesas, ideais para facer unha parada e gozar dun intre de lecer ao aire libre. Este paseo fluvial destaca, ademais, pola súa combinación única de natureza e arte, integrando o coñecido Paseo dos Soños, unha ruta literaria formada por esculturas dedicadas a escritores e artistas destacados da zona. O percorrido comeza nas inmediacións do Muíño do Rañego, unha construción tradicional ligada á actividade agrícola e á moenda de cereais, que estivo en funciona-

mento ata os anos sesenta. Tras o seu abandono, o muíño entrou en estado de deterioro ata a súa posterior rehabilitación no ano 2002, recuperando así parte do patrimonio histórico da contorna. Neste punto inicial sitúase tamén a primeira das esculturas da ruta, dedicada a Paco Martín, autor de As cousas de Ramón Lamote, que marca o inicio do Paseo dos Soños. Cada ano, o Concello en colaboración coa Asociación Cultural Xermolos e a Irmandade Manuel María engade unha nova escultura dedicada a figuras relevantes, situadas aproximadamente cada cen metros entre si, dando lugar aos coñecidos “hectómetros literarios”. O camiño continúa sempre pegado ao curso do río, que se cruza en varias ocasións a través de pontes de madeira, permitindo descubrir progresivamente as distintas esculturas que conforman esta ruta literaria. Durante o percorrido tamén se poden observar pequenas presas, antigos muíños e unha pequena illa, na que medran diferentes especies arbóreas e unha variada vexetación de ribeira. Xa na parte final da ruta atópase a Área Recreativa da Madalena, un espazo de gran valor para Vilalba que combina praia fluvial e zona axardinada nun entorno dominado pola vexetación autóctona. Trátase dun lugar moi frecuentado no verán, especialmente por familias, e conta con zona infantil, instalacións deportivas e unha pista de skate. Apenas resta un quilómetro para concluír o percorrido, que remata na Ponte dos Freires, punto que marca o final do paseo fluvial e o inicio da zona urbana da capital chairrega.



DATOS



45 minutos



3 quilómetros



Dificultade sinxela



GRUPO FORMAT

formación integral de empresas

PREPARATE HOY ! TRABAJA SEGURO, PRÓTEGETE, CERTIFICATE

ACADEMIA grupo FORMA-T
Rúa do Acivro 59 Vilalba - Lugo
982513605 info@grupoforma-t.es

CENTRO DE ENTRENAMIENTO DE MOTOSERRISTAS

CENTRO DE CAPACITACIÓN A MOTOSERRISTAS

CURSOS DE USO SEGURO DE MOTOSIERRA

Aprenda de forma PRÁCTICA Y PROFESIONAL el manejo correcto de la motosierra con instructores especializados

